

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 13.

SESION ORDINARIA DO 31 DE OUTUBRO DE 2018

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez, Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Figuroa Vila, José M. (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
Gago Bugarín, Diego José (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
Piñeiro López, Ángel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
Rodríguez Escudero, Cayetano (concelleiro do grupo municipal Socialista)
Silva Rego, M^a Carmen (concelleira do grupo municipal Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trinta e un de outubro do ano dous mil dezaioito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, González Sánchez,

Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Rivas González, Rodríguez Díaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Pleno N^o13 convocado en tempo e forma e cos prazos debidos, constátase quórum, e iniciase o Pleno, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno. Vou facer unha proposta falada cos grupos, de cambio dun punto da orde do día, despois de que enviara unha petición para comparecencia Doña Regina Ibañez Paz, fixeron unha petición para comparecer no Pleno os responsables do Comité de Empresa de POVISA aos efectos de transmitir a este Pleno a situación da empresa e as súas consideracións, parecíanos que esta era unha cuestión moi significativa e ao mesmo tempo que facía esta petición a Sra. Neira Picón no nome do Comité de Empresa, a persoa responsable de FOAMPAS que ía comparecer Doña Regina Ibañez manifestaron que estaban dispostos a pospoñer a súa comparecencia ata o seguinte Pleno e o Regulamento do Pleno sinala que só pode haber unha comparecencia, polo tanto, débese cumprir o Regulamento, entón propoño un cambio acordado tanto con Doña Regina Ibañez de FOAMPAS como co Comité de Empresa de POVISA que en lugar de que a comparecencia se faga sobre educación e FOAMPAS sexa a voceira do Comité de Empresa de POVISA quen compareza e fagamos a comparecencia neses termos. Se estamos de acordo nese cambio procedemos polo tanto a ese cambio así que o segundo punto sería comparecencia de Doña María Jesús Neira Picón para tratar dos temas relacionados con POVISA. Procedemos polo tanto, coa orde do día, punto primeiro actas anteriores.

PARTE RESOLUTIVA

1(186).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA (AGOSTO) DO 5.09.2018 E

EXTRAORDINARIA DO 5.09.2018).

Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas ordinaria (agosto) do 5 de setembro e extraordinaria do 5 de setembro do 2018.

2(187).- COMPARECENCIA DE D^a M^a JESUS NEIRA PICON, EN REPRESENTACIÓN DO COMITÉ DE EMPRESA DE POVISA, PARA EXPOÑER A PROBLEMÁTICA QUE EXISTE NO CENTRO MÉDICO POVISA.

PRESIDENCIA: Benvida a este Pleno, Sra. Neira Piscón, voceira do Comité de Empresa de POVISA, ten un tempo aproximado de 5 minutos para a súa intervención, despois intervirán os grupos municipais e a continuación daremos a nosa opinión, polo tanto, benvida a este Pleno estamos encantados de que estea aquí, súa é a palabra.

SRA. NEIRA PICÓN: Moitas grazas, estou aquí en representación do Comité de Empresa para informar, aínda que me imaxino que xa estades todos/as informadas do precurso de acredores que presentou a empresa o 28 de setembro, foi un venres, ese mesmo día que presentou o precurso de acredores no xulgado, falou co Comité de Empresa onde nun principio non se garantía o pago da nómina dese mes, a través do SERGAS pagáronse as nóminas, vanse pagar as nóminas deste mes pero xa nos avisaron de que a nómina do mes de decembro igual non se pode pagar.

Como todos/as sabedes o problema de POVISA nese concurso de acredores está baseado en que non lle chega os cartos que acordaron cando se asinou o novo concerto SERGAS-POVISA no ano 2014, a empresa alega que ten perdas, que son debidas á farmacia ambulatoria de alto impacto e a unha serie de probas que POVISA non fai e que fan no SERGAS. Independentemente de se estas perdas son reais ou non, que poden ser reais, o Comité de Empresa non temos unha

información directa, non estamos nas negociacións de SERGAS e POVISA, non sabemos realmente o que hai ou o que non hai, aos acordos que se chegan e as contas auditadas do Hospital POVISA do 2017 apareceron no rexistro hai aproximadamente dez días, co cal tampouco tivemos moito tempo para valorar esas contas, pero independentemente de todo isto o Comité de Empresa xa estivo reunido con tódolos Alcaldes de aqueles concellos cuxos usuarios son atendidos no hospital para informar do problema que está xurdindo neste hospital, para informar da estabilidade que estamos tendo os traballadores/as, así como os usuarios que son atendidos no hospital, o clima de indefensión que temos agora mesmo e estivemos solicitando con tódolos alcaldes que participaran en todo isto, que nos apoiaran, que presionaran para que isto se solucione canto antes.

Cal é a nosa prioridade? A nosa prioridade é que en todos aqueles acordos aos que chegue SERGAS e POVISA teñen que quedar blindados os postos de traballo de tódalas traballadoras/es e a atención aos usuarios, os usuarios de POVISA non poden ser usuarios de segunda categoría, teñen que ser de primeira, como no SERGAS, non poden estar nun hospital que cada dous por tres ten problemas, no ano 2010 POVISA presentou un ERE de 1.200 traballadores alegando que finalizaba o concerto co SERGAS e que non se renovara, ao final lle deron prórrogas ata que finalmente se asinou un novo concerto no 2014, que naquel momento era maravilloso, todo o mundo se felicitou, todo o mundo dixo que ía dar estabilidade laboral e económica no hospital, cousa que non pasa.

Nós, os traballadores levamos oito anos co convenio conxelado, non temos subida salarial, xornada reducidas á metade do cadro de persoal onde hai horas onde falla moito persoal e isto si afecta á calidade asistencial dos usuarios, se despediron ao longo destes anos máis de 100 traballadores que levaban anos traballando en POVISA, é unha situación que levamos arrastrando moitos anos, que agora mesmo xa empeorara con este precurso de acredores, que non é normal que esteamos así cando POVISA é un hospital que entra dentro da rede sanitaria pública, que o 75% e 80% deses usuarios son SERGAS, que ese 75% ten o 80% de cartos públicos que entran no hospital e non entendemos como non se fai absolutamente nada. Estivemos no Parlamento de Galicia hai 10 días e o Bloque Nacionalista Galego presentou unha proposta non de lei na que pedía que se auditaran as contas de POVISA, que se garantiran as condicións laborais e económicas do

hospital, que se aumentara o cadro de persoal en función do número de cartillas que se están consultado no hospital, a proposta non foi arriba porque o Partido Popular votou en contra diso, algo que a nós nos parece realmente grave, como un partido político pode votar en contra de cousas tan importantes como é un hospital, como son as condicións laborais, económicas dos traballadores, como é ter unha asistencia sanitaria nas mellores condicións co persoal adecuado que agora mesmo non hai, como se pode votar en contra diso. Por iso estamos hoxe aquí para pedirlle a tódolos partidos políticos que medien neste conflito porque non só é un conflito laboral, é un conflito que afecta a 137.000 usuarios e isto non se pode permitir, temos que ser conscientes de que un hospital que entra dentro da rede sanitaria pública non pode estar cada dous por tres con estes problemas, non pode ter un cadro de persoal de traballadores/as en condicións precarias e iso dende logo ten que quedar reflectido nos novos acordos aos que chegue SERGAS e hospital POVISA.

PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sra. Neira Picón. Quenda de grupos.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: É bo que veña a este Pleno unha parte importante da intrahistoria desta cidade ademais do que ten sido durante moitos anos pois un deixar facer a unha das institucións que efectivamente atende a moitos veciños/as pero que forma parte dun entramado empresarial que debería cando menos coñecer cada vigués ou que nos custou aos cidadáns públicos que a familia Silveira se fixera con moitos recursos, antigos recursos públicos, a través dunha privatización completamente desvergoñada do Partido Socialista pero sobre todo como leva vampirizando a sanidade pública durante moitos anos e por que dicimos vampirizando, porque agora non temos volta atrás, os gobernos sucesivos da Xunta de Galicia decidiron que POVISA ía ser unha ficha esencial da sanidade no sur de Galicia, a existencia de POVISA impide ademais durante moitos anos un desenvolvemento de instalacións hospitalarias por exemplo, no Morrazo, xa temos durante moitos anos asumidos e aí non hai cor política, o bipartito tamén asumiu esa política e díxose abertamente que íamos funcionar así, e polo tanto hai unha

responsabilidade política de que hai unha existencia dun concerto completamente singular, que estamos a falar da segunda empresa na comarca de Vigo, posiblemente en toda a área metropolitana, en canto a nivel de emprego quitando o que son as administracións públicas e estamos falando dunha empresa que utiliza non é a primeira vez, dicíao moi ben a representante do comité de empresa, que utiliza o cadro de persoal como elemento negociador cando quere raspar máis recursos da sanidade pública, o que non podemos saír os membros desta Corporación dicindo que se inxecte cartos públicos sen que haxa contrapartidas para os traballadores, nós estamos rotundamente en contra de que se argumente dunha maneira única, satisfacer as necesidades do grupo propietario de POVISA, sen precisamente atender de maneira análoga o que está a pasar no hospital, por suposto que terá que sentarse o SERGAS con POVISA entre outras cousas porque iso, a posibilidade de emendar esa realidade, a posibilidade de comprar o hospital, moitas posibilidades que se poden buscar, son posibilidades a longo prazo, por suposto que a Xunta de Galicia ten que sentarse con POVISA, por suposto que temos que ver cales son aqueles recursos económicos que ten que poñer a administración pública xa que decidiu, xa digo, contra o criterio posiblemente de moitos dos que defendemos a sanidade pública pero que decidiu que ía ser o modelo, o que non pode ser é que se propoña unha barra libre sen que por exemplo se desbloquee o convenio colectivo que leva secuestrado pola empresa durante moitos anos, sen que vexamos cal é a calidade asistencial por exemplo, nós na reunión que tivemos co Comité de Empresa non sabíamos que xa en POVISA non había celadores, que eran os auxiliares os que facían esa función, eliminouse, despediuse a ese persoal de arquivo, se eliminou e incluso se move moitas veces o cadro de persoal entre as diversas empresas do grupo, non podemos agora mesmo deixar na estacada ao cadro de persoal e posiblemente a administración autonómica terá que tragar moitos sapos porque ademais é evidente que se está utilizando o cadro de persoal cando se presenta un ERE de extinción dunha maneira perversa, incluso comunicando ao mesmo tempo aos representantes lexítimos dos traballadores co conxunto dos responsables do SERGAS e nós por suposto que imos a defender que se garantan o emprego, que se deixe de precarizar o emprego, non é simplemente que non haxa despedimentos en POVISA é que non pode haber unha utilización perversa da

conxelación do convenio colectivo, dos dereitos laborais na fabrica, imos dicir que practicamente é unha fábrica, e que se quiten eses dereitos e que a Xunta de Galicia non faga garantir que os dereitos laborais e as condicións de traballo están cando menos vinculados a un convenio actualizado. Nós imos defender por suposto, que se arranxe esta situación pero non hai cheques en branco, non debe haber cheques en branco porque xa sabemos como funciona isto, non é a primeira vez que se pon enriba da mesa eses recursos públicos e que se producen despidos, incluso ameazas contra o conxunto dos traballadores e creo que a administración pública debe velar de maneira paralela pola calidade asistencial e sanitaria, pero de maneira paralela tamén por que se desbloqueen esas cuestións, seguramente a solución de POVISA vai ser a unha solución a longo prazo, pero os salarios das persoas que coidan e sanan a moitas persoas na comarca de Vigo deben estar garantidos e tamén deben estar garantidas as condicións laborais, moito apoio ao conxunto do cadro de persoal, nos xa tivemos unha xuntanza con eles, nós imos defender obviamente toda a táboa reivindicativa porque cremos que tamén é o futuro da cidade.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Nós en primeiro lugar o que queremos, como xa o fixemos publicamente é trasladar todo o noso apoio a todo o persoal de POVISA e tamén as máis de 140.000 persoas que son atendidas en POVISA porque neste momento fai unha labor insubstituíble para a sanidade pública de Vigo e da súa área metropolitana, dende logo nós cremos que a función que fai POVISA é unha función que a día de hoxe é importe en favor da sanidade pública de Vigo e de toda a área metropolitana e por iso non nos propoñemos outro escenario de que o sega facendo e que este problema que hai neste momento, que lamentamos esa entrada en concurso se solucione. Neste momento hai unhas negociacións abertas entre o SERGAS e POVISA, eu creo que é importante tamén, máis alá intencións de utilizar unha vez máis a sanidade pública politicamente, eu creo que hai que centrarse en buscar unha solución porque o que están buscando os traballadores e o que están buscando tamén tódolos usuarios que neste momento teñen incertidume de que é o que vai pasar co concerto e coa asistencia sanitaria que reciben en POVISA, pois o que temos que facer é mandar unha mensaxe de tranquilidade porque as negociacións se están a producir, a nós nos consta que é

vontade do SERGAS chegar a un acordo, de feito producíronse avances pero aínda queda un camiño por percorrer, nós queremos que ese acordo se produza, nós pedimos ademais tamén ao SERGAS que ese acordo e que esa solución ao precurso e a saída do precurso da forma máis rápida posible se produza porque serán en ben, insisto, da Sanidade Pública que presta POVISA para tódolos vigueses e veciños da área metropolitana, e polo tanto o que pedimos e quero reiterar aquí, diante da representante do Comité de Empresa tamén o quero facer, é o noso absoluto apoio para que esas negociacións conclúan con éxito, coa garantía de tódolos postos de traballo, de tódolos traballadores de POVISA que fan tamén unha labor extraordinaria igual que o resto dos traballadores da sanidade pública de Vigo, da área metropolitana e dar tranquilidade a eses 140.000 pacientes que reciben esa atención. Para nós é prioritario, importante e dende logo dende grupo municipal do Partido Popular de Vigo teñen todo o noso apoio.

SR. LÓPEZ FONT: Bos días Dona María Jesús Neira Picón, e agradecerlle en nome do noso grupo que haxa comparecido neste Pleno e que haxa explicado cal é a situación, porque nalgúns intervencións se poden tirar falando tres ou cinco minutos de apoio pero de pouco serve se só é unha declaración de intencións e aquí o que veñen a pedir vostedes é solución a dous temas que consideran absolutamente prioritarios e cos que nós coincidimos e que son os postos de traballo e a atención a 135.000 pacientes.

Entón está moi ben facer un discurso sobre sanidade pública cando o modelo que aplica o partido ao que representa a voceira do Partido Popular é un modelo de sanidade privada, e aquí non nos temos que esquecer de que nesta cidade como dicía o voceiro de Marea de Vigo ten efectivamente unha historia, pero ten unha historia recente de reafirmación da sanidade privada e cando o Partido Popular aposta por un hospital privado como complemento ao que era o concerto de POVISA, nin ninguén nos temos que enganar nin ninguén nos temos que levar as mans a cabeza, estamos nun modelo determinado de toda sanidade privada consentido pola Xunta de Galicia e que a mellor demostración é o que afirmou vostede de que no Parlamento de Galicia esas boas intencións que teoricamente se manifestan aquí non se corresponden cun voto, polo tanto, a persoa que entreviú anteriormente a min, máis vale que convencera ao seu grupo político no

Parlamento de Galicia para que isto fora unha realidade.

A realidade é por parte deste goberno, o Alcalde reuniuse co Comité de Empresa, trasladoulle como así se fixera efectivo dende o primeiro momento, todo o apoio aos traballadores, pero tamén dicimos en relación co convenio que o convenio hai que reinterpretalo, que o convenio hai que rehabilitalo porque esta é a realidade, boas declaracións de intencións e discursos absolutamente vacuos non lle serven a vostedes nin aos pacientes absolutamente para nada porque o que está claro é que este convenio xera un déficit estrutural e isto teno que saben quen asinou ese convenio e quen ten que velar pola sanidade de tódolos galegos e o acordo é insuficiente, claramente e sabíámolo entre outras cousas porque o dixo a empresa no seu momento e advertiuno, e o que estamos é nunha realidade na que a forma de actuar da Xunta de Galicia está premendo ao centro cun obxectivo que compartimos en tódolos problemas desta cidade que é aforrar cartos á Xunta de Galicia para investilo e destinalo a outras cidades e zonas de Galicia, e isto é así, o que pasa é que adquire unha maior gravidade cando estamos a falar da sanidade. Polo tanto, ao concreto, correspóndelle á Xunta de Galicia coller, e perdón pola frase, este touro polos cornos, correspóndelle reinterpretar este convenio e actuar e é o que teñen que facer, e o que non se pode dicir aquí e seguro que é claramente insatisfactorio para os traballadores é que hai unhas conversas, acordos, o primeiro que ten que facer o conselleiro é ter a decencia de reunirse co Comité de Empresa, de explicarlle cal é a situación, de explicarlle cal é o modelo que quere aplicar a Xunta de Galicia e cales son as medidas que se van adoptar porque senón estamos na falla total de transparencia, estamos na falla total de atención aos 1.400 traballadores de POVISA e aos 135.000 pacientes que POVISA ten que atender. Polo tanto, nós e conclúo, compartimos tódalas reivindicacións dos traballadores e o que é certo é que lle corresponde a quen lle corresponde e de discursos baleiros e de discursos ociosos, nin se resolve a nómina de decembro, nin se resolve a atención de calidade que deben ter os 135.000 pacientes, polo tanto, claridade, atención ao que se debe facer e que se lles atenda dende a Xunta de Galicia, que analice ben o convenio e que se dote dun convenio xusto que permita todo o que vostedes reivindicán en nome dos traballadores e dos usuarios.

PRESIDENCIA: Sra. Neira Picón, primeiro darlle o noso agradecemento pola súa

presencia aquí, a nosa satisfacción, representa vostedes a máis de 1.400 traballadoras/as de POVISA, no que significa unha das grandes empresas deste país, de toda Galicia e polo tanto, vostede ten aquí unha dobre lexitimación para estar, como representante de máis de 1.400 traballadores/as e o seu traballo que é prestar asistencia sanitaria a 137.000 persoas que formamos parte desa asistencia nese lugar, persoas de Vigo 75.000 e un número significativamente elevado do resto dos municipios da área sanitaria.

Eu lle quero transmitir como fixen cando estiveron co Comité de Empresa en pleno aquí no Concello, todo o noso apoio como colectivo de traballadores/as, como traballadores dunha empresa todo o noso apoio as súas reivindicacións pero a nosa convicción de que a Xunta de Galicia de forma inmediata ten que pactar un convenio e un concerto novo que signifique o final das tribulacións para tódolos traballadores que queren facer valer os dereitos. Tódalas traballadoras de POVISA facendo valer os seus dereitos demandan unha situación laboral estable, demanda a tranquilidade de saber que a empresa vai a continuar e que se van recibir os salarios en tempo e en forma, sen ningunha ameza nin en medio, nin en corto, nin en prazo inmediato, por iso xa pasou moito tempo sen que a Xunta de Galicia fixera efectivo unha nova situación económico financeira para trazar o equilibrio e despois ver de que forma ten que ser a relación coa empresa e cos traballadores na súa propia relación laboral pero hai algo que ten que resolverse inmediatamente, o equilibrio para que se levante de forma inmediata o precurso, e a garantía dende a propia empresa pero dende a institución galega sanitaria, dende a Xunta de Galicia, de estabilidade e capacidade de seguir desenvolvendo o seu traballo a todos/as profesionais da sanidade de POVISA porque a calidade asistencial que vostedes prestan é excepcional, compite coas mellores que se podan trazar e iso é mérito fundamental das traballadoras/es de POVISA, e sempre van a ter o noso apoio e a nosa voz en todo aquilo que sexa preciso porque o que vostedes propoñen é dereito dos traballadores/as, dereitos laborais, dereitos en seguridade e polo tanto transmita no meu nome como Alcalde, o apoio total do goberno de Vigo ás reivindicacións xustas que está facendo o Comité de Empresa de POVISA e que vostedes hoxe aquí, Sra. Neira Picón nos acaba de transmitir, as portas do despacho do Alcalde están abertas cada vez que o necesiten, a miña presión e a miña voz vaille seguir

permanentemente ocupando o seu espazo para tratar de que a Xunta de Galicia de boa gaña o de mala, resolva de forma inmediata esta situación tan grave que se creou para máis de 1.400 traballadores/as e para 137.000 pacientes potenciais cupo deste hospital que teñen que ter a certeza e a calidade asistencial que requiren e que teñen dereito pola súa situación de cidadáns adscritos a POVISA, Sra. Neira Picón moitas grazas pola súa presenza.

SRA. NEIRA PICÓN: Moitas grazas a todos e todas só dicirvos que o concerto SERGAS-POVISA vaise a arranxar, é dicir, vai haber acordo máis tarde que pronto pero se nese acordo non se inclúen os postos de traballo, as condicións laborais e os ratios de persoal nada haberase conseguido, estaremos na mesma en pouco tempo, meses, anos o que sexa, isto é importante para nós, se non hai un acordo onde se recolla que se blindan os nosos postos de traballo e as condicións laborais os traballadores/as de POVISA seguiremos traballando en precario e os usuarios que se atenden no hospital POVISA seguirán vivindo esta situación. Así que, moitas grazas e en nome dos meus compañeiros do Comité de Empresa e de tódolos traballadores/as espero que isto sexa un compromiso real e que non se quede só nunha mera charla que se da hoxe aquí, e que todos arrimemos o ombro para que dunha vez por todas POVISA teña unha estabilidade que nestes momentos e dende hai moitos anos non a ten, grazas a todos.

PRESIDENCIA: Moitas grazas Sra. Neira Picón.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3(188).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGAS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO 2018. EXPTE. 20460/541 (REXISTRO PLENO 1886/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta do informe trimestral da Tesourería, de data 11 de

outubro de 2018, que di o que segue,

"LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (entrada en vigor o 1 de abril de 2018).

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio

INFORME.-

I Ámbito subjectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei

3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Asimismo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regulamenta o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del periodo medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP incorpórase o sistema de cálculo previsto no Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de

estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El prazo de pago que debe cumprir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de

27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o rexistro automático no rexistro contable de facturas, escomezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata do último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendiente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 1040/2017 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINH en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FAcE ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información é totalmente garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

Pagamentos realizados no trimestre.

- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 3º trimestre do ano 2018.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2018 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO e FAIMEVI), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e FAIMEVI.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda e Función Pública, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	F.FAIMEVI
Pagos feitos no trimestre				
<i>Dentro do período leaal de pagos</i>				
Nº de pagos	1.897	67	57	25
Importe dos pagos	37.032.764.54	246.197.79	66.721.99	2.826.61
<i>Fora do período leaal de pagos</i>				
Nº de pagos	6	0	26	5
Importe	112.602.00	.00	49.116.94	4.946.48

PMP (período medio de pago do trimestre)	16.60 días	13.10 días	23.27 días	38.90 días
Intereses de demora pagados no trimestre				
Nº de pagos	.00	.00	.00	.00
Importe	.00	.00	.00	.00
Pagos pendentes ao remate do trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	270	3	9	1
Importe dos pagos	1.098.789.64	22.119.50	12.929.36	1.694.00
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	7	0	0	2
Importe	3.274.02	.00	.00	19.212.50
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	11,50 días	4,64 días	22,31 días	2335,76 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

En relación coa facturación pendente de pago que afecta a 277 facturas, teñen unha antigüidade media de 11,50 días

En canto ás facturas pendentes de pago ao peche que están fora do período medio de pago (7 facturas por un importe total de 3.274,02 euros).

Resumo por trimestres de morosidade

En días, 1º, 2º e 3º trimestre ano 2018 e 4º do ano 2017

Período	E. Local		XMU		F.MARCO		F.FAIMEVI	
	PMP/días	PMPP/día	PMP/días	PMPP/día	PMP/días	PMPP/día	PMP/días	PMPP/días
1º	15.4	15.46	16.54	15.22	28.23	58.71	1.11	1842.6
2º	17.5	13.57	21.33	4.58	36.09	34.97	39.43	2218.25
3º	16.6	11.5	13.1	4.64	23.27	22.31	38.9	2335.76
Trimestre ¹	16.34	6.85	17.87	9.5	28.31	17.63	69.97	1751.99

En contías e nº de pagos, 1º, 2º e 3º trimestre ano 2018 e 4º do ano 2017

Período	Entidade Local		Xerencia M. Urbanismo
	Dentro do PP	Fora do PP	Dentro do PP

	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe
1º Trimestre,2018	4.984	32.557.430,79	0	,00	70	218.598,58
2º Trimestre,2018	3.722	30.295.993,68	10	15.793,80	90	363.237,51
3º Trimestre	1.897	37.032.764,54	6	112.602,00	67	246.197,79
4º Trimestre,2017	4.468	46.190.664,80	3	1.422,94	104	264.509,97
Total	15.071	146.076.853,81	19	129.818,74	331	1.092.543,85

Período	Fundación MARCO				Fundación FAIMEVI			
	Dentro do PP		Fora do PP		Dentro do PP		Fora do PP	
	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe	Nº pagos	Importe	Nº pagos	importe
1º Trimestre,2018	18	15.195,68	14	7.596,89	13	174,20	0	,00
2º Trimestre,2017	88	94.186,65	72	77.787,06	14	2.693,51	5	4.946,48
3º Trimestre	57	66.721,99	26	49.116,94	25	2.826,61	5	4.946,48
4º Trimestre,2017	53	47.616,42	22	26.387,09	16	496,69	7	8.002,57
Total	216	223.720,74	134	160.887,98	68	6.191,01	17	17.895,53

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

En ningún trimestre se chega nin a metade do prazo legal de pago

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 1040/2017

Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 1040/2017)

En días para todo o perímetro de consolidación, 1º, 2º e 3º trimestre ano 2018, 4º do ano 2017.

PMP , Real Decreto 1040/2017, ano 2018- 2017, interanual												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril ²	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	-15,16	-13,27	-14,05	11,39	9,37	12,54	13,34	14,28	10,91	-13,95	-11,69	-19,87

2 Cálculo segundo o RD 1040/2017, a partires deste mes, inclusive

FAIMEVI	28,92	56,99	85,10	87,11	2,04	34,29	64,49	109,34	52,96	-0,20	9,81	27,15
MARCO	10,27	10,65	25,83	40,87	18,44	33,07	19,16	27,32	16,38	-8,39	-1,05	-1,14
XMU	-10,57	-23,49	-15,44	10,76	15,21	12,23	8,16	2,62	6,06	-14,56	-18,11	-17,08
PMPGlob.	-15,05	-13,20	-13,83	11,64	9,02	12,58	13,32	14,28	10,89	-13,94	-11,69	-19,81

Por contías, para a Entidade, Organismo Autónomo e Fundacións, ano 2018, resto do ano 2017.

Meses	Entidade			X.M.Urbanismo			F.MARCO			F. FAIMEVI		
	Importe		PMP	Importe		PMP	Importe		PMP	Importe		PMP
	Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago		Pagado	Pt. pago	
Xaneiro	13.825.781,59	2.357.487,86	-15,16	110.322,15	5.887,94	-10,57	7.002,45	34.887,27	10,27	77,40	4.827,90	28,92
Febreiro	8.969.584,14	2.511.866,47	-13,27	39.216,02	27.391,03	-23,49	7.596,40	42.817,95	10,65	48,40	4.827,90	56,99
Marzo	9.685.980,42	2.162.301,14	-14,05	69.060,41	56.566,54	-15,44	8.193,32	48.597,77	25,83	48,40	4.975,45	85,10
Abril	11.248.304,60	1.009.554,87	11,39	129.686,79	36.246,65	10,76	61.726,07	28.655,08	40,87	5.023,85	1.754,50	87,11
Maio	7.216.639,42	6.751.936,14	9,37	41.317,34	131.219,65	15,21	88.801,95	7.930,21	18,44	2.567,74	1.754,50	2,04
Xuño	11.803.236,80	4.632.510,96	12,54	192.413,38	8.143,30	12,23	18.689,95	17.825,88	34,07	48,40	1.754,50	34,29
Xullo	14.604.593,21	2.724.614,45	13,34	113.343,03	22.451,93	8,16	34.079,79	20.753,26	19,16	48,40	1.754,50	64,49
Agosto	12.425.993,87	1.560.657,35	14,28	43.718,27	45.336,44	2,62	68.251,60	1.265,64	27,32	48,40	1.512,50	109,34
Setemb.	10.097.030,73	1.095.320,65	10,91	89.133,49	22.119,50	6,06	13.507,54	12.929,36	16,38	48,40	3.206,50	52,96
Outubro	10.112.304,47	4.378.686,45	-13,95	127.245,88	42.304,13	-14,56	19.558,11	15.769,67	-8,39	341,77	8.170,05	-20
Novemb.	13.725.685,99	4.585.588,29	-11,69	57.189,46	45.613,41	-18,11	16.692,54	15.111,05	-1,05	77,52	12.453,45	9,81
Decemb.	22.474.517,55	13.194.345,53	-19,87	80.074,63	97.798,12	-17,08	37.752,86	15.216,59	-1,14	8.079,97	4.995,38	27,15
Total	146.189.653			1.092.721			381.853			16.459		
Pmp/6												

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 635/2014, unha vez computados os días de pago, restaballe 30 días, polo que, se o pago se facía nun prazo inferior a 30 días, o resultado era negativo. Agora o RD 1040/2017, non resta, polo que, o cómputo faise desde a data de dies a quo ata o pago ou ata o último día do período de análise.

A lectura da información ata o mes de abril para os días negativos, consistía en computar os días e restarlle 30. Ao número de días negativo se lle sumaba 30 e

determinábase os días de pago. O RD 1040/2017, o fai directamente, xa que non deixa transcorrer os 30 días dende a entrada da factura no rexistro, senón que computa días desde a conformidade da mesma ou dende o rexistro segundo os casos.

En canto aos pagos pendentes a 30 de setembro, ao día de emitir este informe, dos pendentes de débeda comercial, atópanse pagados.

O que poño en coñecemento da Concellalía delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 24.10.2018, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para dar conta dos prazos de pago do terceiro trimestre deste ano 2018, prazos de pago extraordinariamente breves por parte desta administración municipal, estamos nuns prazos de pago nos que a volta de dúas semanas os nosos provedores cobran con cargo ás partidas do noso Concello, iso demostra a solvencia económica do noso Concello, a solidez das contas públicas, a seguridade de que teñen tódolos operadores xurídicos que contratan co Concello as súas entregas de bens ou as súas prestacións de servizos, as súas obras e tamén por outra banda a execución de orzamentos e a execución de proxectos que melloran a calidade de vida dos cidadás e que melloran as condicións da cidade, hai que dicir que neste terceiro trimestre se fixeron pagos por máis de 37 millóns de euros, polo tanto se executa o Orzamento do ano 2018, fanse un pagos que superan os 11 e 12 millóns de euros cada mes e polo tanto cumpre coa satisfacción das necesidades da cidadanía. Estes prazos extraordinariamente breves que non achegan ningunha outra administración local non contexto do Estado, son unha garantía para as empresas pero tamén para os pequenos autónomos que destacan como non pode ser doutro xeito os curtos prazos de pago que ten o Concello de Vigo fronte a outras administracións tanto en Galicia como no contexto do Estado, hai que dicir que estes prazos de pago comezan a computarse dende que a factura entra no Rexistro telemático, no Rexistro informático centralizado das administracións públicas e polo tanto non hai

posibilidade de alterar esta data, e son prazos como digo no mes de setembro, por exemplo, en dez días os nosos provedores cobran as súas facturas. Hai que dicir que no contexto do Estado que segundo datos do Ministerio de Facenda o prazo de pago aos provedores é de 68 días, mentres que en Vigo estamos en setembro a 10 días, no contexto do Estado no terceiro trimestre estamos en 68 días; se facemos un pouco de memoria histórica se volvésemos ao ano 2006 cando non estaba este goberno estaríamos neses prazos de pago, por iso, é importante ter un goberno que atenda os compromisos, que ten un plan para facer fronte aos pagamentos dos contratos e dos servizos e que xestiona e que goberna esta cidade, insisto, unha cidade que está á cabeza das principais cidades de España, non só das de máis de 100.000 habitantes que é con quen nos temos que comparar, senón tamén das capitais de provincia que teñen menos de 100.000 habitantes e que están en ratios peores de pago a provedores e facemos un breve repaso, unha breve viaxe polo contexto nacional temos que cidades tan importantes como Barcelona ou Madrid pagan en 17 días, ou en 26 días, polo tanto, fronte a Vigo que paga insisto nunha media ao trimestre de 14 días no último mes, particularmente en 10 días temos que Barcelona paga en 17 días, Madrid en 26 días e outras cidades do contexto do estado como Sevilla, pagan en 54 días, Valladolid 17 días, Valencia 26 días, Málaga 19 días, nas Palmas 41 días, Palma de Mallorca 42 días, Alicante 16 días, sendo Vigo a cidade que paga antes aos seus provedores. Polo tanto, nunha comparación coas 25 cidades máis poboadas do contexto do Estado saímos claramente por diante desas cidades e non é unha cuestión de rankings como dicimos moitas veces, senón que é unha cuestión de dar satisfacción aos provedores, de evitar tensións de tesourería, de amosar a nosa solvencia económica, a nosa solidez das contas públicas e sobre todo de executar e ser garantes de dar seguridade aos provedores do Concello.

Se voltamos a mirada a Galicia, as cifras de pago nas cidades de Galicia que é tamén con quen nos temos que comparar amosan o bo resultado da xestión económica de Vigo, insisto, mentres que no mes de agosto A Coruña paga en 54 días, Vigo paga en 10 días, mentres que Santiago de Compostela paga en 81 días, Vigo paga en 10 días, mentres que en Ourense se paga en 112 días, Vigo paga en 10, Pontevedra paga en 25 días.

Polo tanto, unha boa xestión económica por parte deste goberno, deste Alcalde e

por parte dos servizos administrativos da concellería de Facenda que fan fronte a un pagamento no trimestre de máis de 37 millóns de euros facendo uns pagamentos mensuais que superan os 11 millóns de euros en cada un dos meses, polo tanto, unha execución do orzamento de acordo cos prazos previstos e de acordo coas necesidades da cidade.

En definitiva, Vigo segue encabezando as cidades de España en pago a provedores e a primeira cidade de España en pago a provedores.

SR. PÉREZ CORREA: Está ben a comparativa dos números, estamos de acordo que grandes cidades deste país con orzamentos incluso que multiplican por varias veces os números deste Concello, pois se compare, pero a nós tamén nos gusta unha cuestión estadística que é a progresión das medias, vostede está recoñecendo aquí que Madrid está pagando xa por debaixo dos 30 días e ten que lembrar que cando comezou esta lexislatura o Concello de Madrid estaban en pago a provedores por enriba dos cento e pico días, iso está ben, é dicir, os concellos están afinando e ademais se se calcula sobre as medias de tódalas administracións públicas do goberno central, do goberno autonómico, dos entes é evidente que moitos concellos están a facer unha redución importante pero é que curioso, que eses concellos están facendo unha redución importante do período medio de pagos executando os seus orzamentos porque vostedes acaba de dicir aquí que se estea pagando en tempo significa que se están executando os orzamentos cousa que rotundamente é falsa, vostedes o que están é pagando as facturas que chegan, pero se vostedes teñen unha serie de investimentos, de actuacións que terían que ter devengado facturas para a administración local e non as fan e o pasan a superávit para meter nese caixón para logo pagar 35 millóns de euros das vergoñas de cousas como a Fundación Mar de Vigo que vostedes agora a entidade aparece aquí, por certo ten un período medio de pago de 2.335 días, é certo que son poucos pagamentos, estamos falando de pagamentos de 4.000 euros pero cando se incorpore tódolos pagos que temos que facer habitualmente do Auditorio Mar de Vigo, calefacción, todas esas cuestións que quedan herdadas manteremos períodos de pago de 2.000 días? Xa sei que non é significativo porque estamos a falar de 25 pagos por un importe de apenas 5.000 euros, pero estamos falando tamén que nalgún momento teremos que

harmonizar isto, nós estamos completamente en desacordo, vostede pagan as facturas que chegan pero se vostedes poñen nos orzamentos unha serie de actuacións que logo non se fan e esas facturas non van chegar nunca, polo tanto, discrepamos profundamente que se identifique o período medio de pago con executar un orzamento, eu repito, non son economista.

E tamén hai unha cuestión que en progresión nos gustaría que se fora mellorando que é a situación do Marco non é a primeira nin a segunda vez que dicimos que se ten que axilizar os pagos no Marco, por unha cuestión, porque moitos pagos do Marco precisamente son pequenas e medianas empresas ás veces autónomos que fan servizos de carácter cultural ou servizos de carácter auxiliar que nós consideramos que teñen tamén que ter un período medio de pago tan rápido cando menos como pois as empresas que xestionan servizos públicos esenciais no Concello de Vigo, e na batalla de ver quen paga máis rápido nós estamos rotundamente a favor, isto significou tamén librar da quebra a moitas empresas que traballaron para a administración pública, que agora reciben pagos máis rápidos incluso que a empresa privada, fai pouco coñecíamos o estado por exemplo das empresas auxiliares do sector naval aquí en Vigo, por certo empresa que se dirixía a este Alcalde deste Concello que queren vir ao Pleno a explicar a situación que se está dando de impagos no sector auxiliar do naval e está xerando a destrución do emprego no sector, por iso é bo que administración que é a primeira que recibe inxección de todos nós porque a través de impostos ou as transferencias que non deixan de ser impostos derivados, somos os primeiros que achegamos recursos ao Concello, pero que está ben que vostedes fagan unha comparativa, pero eu lle digo que hai concellos que puxeron o período medio de pago en magnitudes moi semellantes ao Concello de Vigo e que executan o capítulo de investimentos por enriba de 70 e 80%, é dicir, que incluso executando todo o que poñen nun orzamento son capaces de reducir sensiblemente e incluso concellos que teñen Plans financeiros e que están pouco menos intervidos polo Ministerio de Facenda, e creo que non deberíamos ser os concellos os que corréramos tanto e ao mellor debería ser outras administracións porque sabemos os datos que publica o Ministerio de Facenda, hai outras administracións que mentres os concellos facemos os deberes, axilizamos os pagos, as outras administracións como é a administración central, como son moitos entes públicos,

por certo hai entes públicos que pagan en dous e tres días, está nos datos do Ministerio de Facenda, non lle dicimos que pague en dous ou tres días, queremos que se recoñeza ben as facturas e tantos os importes como os servizos ou os bens que se adquiren, pero si que considero que hai algunhas eivas importantes na execución que seguramente explicarán que sexamos tan rápidos en facer estes pagamentos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Aneiros que xa estamos acostumados cada tres meses aproximadamente, ven vostede con estes datos presumindo dos tempos de pago e sempre lle dicimos o mesmo, primeiro que é positivo, por suposto, que se pague rápido, de forma dilixente canto antes, despois de recibir unha factura, por suposto, iso teno que facer unha administración pública, pero tamén teño que dicirlle, volver a insistirlle en que só fallaría co remanente que teñen vostedes nos bancos, só fallaría que tardarán en pagar as facturas que lle chegan, claro, hai que ver que para algúns membros deste goberno ter o remanente é gratis, pagar con cargo ao remanente é case como se nos saíra gratis a tódolos vigueses/as porque escoitando as súas manifestacións cando hai que tirar do remanente é bastante sorprendente, o remanente está feito cos impostos de tódolos vigueses/as que lles adiantan a vostedes, que levan moitos anos pagando sen recibir eses servizos porque vostedes non executan, porque aí é onde está a clave destes tempos de pago, é que vostedes son incapaces de executar o orzamento, é que vostedes son o concello que peor executa, non son capaces de executar e simplemente voulle dar dous datos, que non me poderá cuestionar porque veñen nos documentos que nos deron onte co flamante Orzamento para o ano 2019, estes documentos que vostedes non deron no día de onte, en primeiro lugar, a execución do orzamento de investimentos, o 9%, de 69 millóns de euros presupostados neste momento para investimentos, executaron vostedes 6 millóns, esa é a súa cifra real de execución é esa é o que realmente revela a súa nula capacidade de xestión de seu propio orzamento, como non van a presumir de pagar rápido as facturas que lles chegan? Pero mire, voulle dar outro dato tamén que sae dos seus, a 30 de setembro recadaron vostedes de tódolos vigueses/as 210 millóns de euros, saben canto gastaron? 142 millóns de euros, 68 millóns de euros nada máis e nada menos que recadaron vostedes dos impostos máis altos

que pagan tódolos vigueses/as e despois son vostedes incapaces de devolverllo en forma de mellores servizos, porque cando vostedes falan de pagar moi rápido as facturas que reciben por exemplo, llo teñen que dicir aos comerciantes e veciños da rúa Venezuela cunhas obras interminables, con máis de 10 meses de obras, eses contratistas tamén cobraron?

Non cobraron porque non emitiron factura porque non acabaron a obra ou os comerciantes e os veciños da rúa Álvaro Cunqueiro que tamén levan meses e meses facendo obras e que son absolutamente interminables. Non me interrompan, Sr. Alcalde dea vostede exemplo de respecto e de saber estar nun Pleno coa oposición, xa sei que non lle gusta escoitar estas cousas, xa sei que está pouco acostumado a que lle digan a realidade do día a día dos veciños e dos vigueses como por exemplo os veciños e comerciantes da rúa Venezuela que están esperando a que vostedes lles fagan unha visita para dicirlle por favor que acaben con este calvario ao que lle teñen sometido dende hai dez meses, pero agora non teñen máis remedio que escoitarme ata que se canse e se vaia do Pleno o que ten que dicir o Partido Popular, o que ten que dicir a oposición, e o que non pode vostedes é enganarnos con estes datos de pago de facturas, porque insisto o que esconden é que non executan o orzamento, que están facendo outra vez, outro peto para poder facer fronte a indemnización do Auditorio Mar de Vigo? Están vostedes forzando esa inexecución para facer fronte ao pago desa indemnización? É o que están buscando? Ou tamén están facendo peto para facer fronte aos 17 millóns de euros que imos ter que pagar por outra concesión que se nos cae que é a dos aparcadoiros? Esa é a realidade dos números e iso vostede non o pode esconder porque se levara minimamente co mínimo rigor e seriedade esas contas terían que dicir aquí e poñer enriba da mesa, executen o Orzamento e logo falamos de prazos de pago. Por certo, unha vez máis lle insistimos que a ver se algunha vez tamén nos conta como están os prazos das axudas e subvencións, porque unha vez máis por exemplo no cheque social teñen vostedes 4 meses de atraso no pago do cheque social con respecto ao ano pasado, 4 meses de atraso, o ano pasado en xuño, este ano estano a pagar nestes días de outubro, ou as subvencións para o fomento do emprego, que este ano vostedes non pagaron os anticipos, claro, así si que se acumula cartos na caixa pero os cartos na caixa non lle dan ningún servizo aos vigueses/as que seguen pagando puntualmente e eses si que cumpren prazos,

tódolos impostos e taxas cos que vostedes os teñen acostumbrados e aos que vostedes seguen insistindo ano tras ano, así non, executen, xestionen e logo veña aquí a presumir de cifras.

SR. ANEIROS PEREIRA: Ben, seguimos ancorados no ano 2015, parece que algúns seguen sen queren decatarse realmente do que pasa na cidade, temos o Partido Popular facendo unha potaxe de cousas para confundir á opinión pública, á cidadanía, influíndo bulos e facendo afirmacións cando menos que son falsas, miren, os orzamentos se executan correctamente, non se pode dicir que non se executa o Orzamento cando non mes de xullo se pagaron 16 millóns de euros, no mes de agosto 12 de millóns de euros, cando no mes de setembro se pagaron máis de 10 millóns de euros, estamos executando o orzamento do ano 2018, executando nos prazos previstos este orzamento do ano 2018, polo tanto, seguindo tamén unha constante na execución do Orzamento, o Sr. Pérez Correa falaba das progresións, a progresión de Vigo é meteórica, a progresión de Vigo é que durante o último ano somos a primeira cidade en pago a provedores que durante esta lexislatura estamos pagando aos provedores a volta de dúas semanas, no transcurso de 12 días os nosos provedores cobran dende que a súa factura entra no Rexistro administrativo de facturas do Concello de Vigo. Polo tanto, mire, hai que saber tamén como se executa o Orzamento, parece que non se decatan dende o ano 2015, cando se contrata un servizo, cando se contrata a entrega dun ben, a administración ten 30 días dende que entra esa factura para pagala, polo tanto, unha vez que se recibe o ben, unha vez que se presta o servizo hai 30 días para pagala, o Concello de Vigo, insisto, resalto o dato do mes de setembro, en 10 días, polo tanto, estamos a pagar extraordinariamente nun prazo breve, corto de tempo porque temos solvencia económica, porque temos capacidade e porque temos xestión sobre todo para facelo e evitar tensións de tesourería ás empresas e aos autónomos, por iso a Federación de Autónomos Nacional destaca o prazo de pago de Vigo como o prazo de pago máis breve de tódalas administracións, por iso, nos valoran e por iso as empresas queren contratar tamén con nós.

Pero miren é que non é certo nalgunhas cousas que están a dicir, hai unhas semanas o concelleiro de Fomento reuniuse cos empresarios e cos veciños da rúa

Venezuela, é unha rúa que está en execución, que rematará pronto e que unha vez rematada pois todos gozaremos de esa extraordinaria rúa central na cidade e dun extraordinario parque infantil que hai nesa rúa Venezuela. Polo tanto, estamos cumprindo coa execución do orzamento e todo o demais é facer bulos, querer mentir á cidadanía, é querer non decatarse do que estamos a facer, a verdade e a realidade é que a progresión de Vigo é extraordinaria, somos a única cidade de Galicia que paga en menos de 15 días aos seus provedores, somos unha cidade solvente, somos unha cidade segura, unha cidade fiable, e unha cidade feita para os cidadáns, iso é o que lles molesta ao Partido Popular e a Marea de Vigo.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

4(189).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA URBANÍSTICA REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 93738/421 (REXISTRO PLENO 1797/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 28 de maio de 2028, as técnicas de Admón. Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, D^a Alonso Pena e D^a Diaz Lorenzo co conforme do Xerente, emiten o seguinte informe proposta:

"MODIFICACIÓN DA ORDENANZA URBANÍSTICA REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. XUSTIFICACIÓN

En data 24/02/2003 o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou definitivamente a Ordenanza urbanística reguladora da Publicidade exterior no término municipal, que foi publicada no BOP nº 68 de data 08/04/2003.

A referida Ordenanza municipal, ditada en virtude da autonomía municipal constitucionalmente garantida, ten por obxecto a regulación das condicións ás que haberán de someterse as instalacións publicitarias perceptibles dende a vía pública, no

termo municipal de Vigo.

En consecuencia, quedará sometida ás normas desta Ordenanza toda actividade publicitaria que utilice como vehículo transmisor da mensaxe, medios materiais de diversa índole, susceptibles de atraer a atención de cantas persoas se atopen en espazos abertos, transiten pola vía pública, circulen por vías de comunicación, utilicen medios privados ou colectivos de transporte e, en xeral, permanezan ou discorran en lugares ou ámbitos de utilización común.

Ante a evolución tecnolóxica estímase necesario introducir na Ordenanza a regulación destes novos soportes sobre os que xa existen iniciativas privadas que consultaron a súa viabilidade e ata iniciativas públicas no ámbito do mobiliario urbano e información cidadá.

A necesidade de regularizar a instalación destes novos soportes publicitarios privados mediante sistemas audiovisuais con programación, supoñen a adecuación ás novas tecnoloxías, así como á apertura das mesmas ás necesidades de información urbana e publicidade institucional nun intento de mellora dos servizos cidadáns e na prestación de servizos públicos. E todo iso, mediante o desexable e necesario control medioambiental e paisaxístico da cidade.

Aínda que o apartado 9.3 da vixente Ordenanza municipal prevé a autorización de soportes publicitarios non expresamente previstos na mesma, cuxa regulación debe manterse para poder dar cobertura aos que poidan aparecer e cuxa previsión normativa non é posible abordar agora, parece conveniente, con todo, en aras da seguridade xurídica, introducir a regulación expresa dos que xa se atopan no mercado con tecnoloxías acabadas, cuxa concreta instalación xa se consultaron.

A variación de contidos, os novos soportes audiovisuais amparados en novas tecnoloxías xa desenvolvidas, aconsellan, con todo xa unha regulación pormenorizada que garantan a súa adecuación ao ámbito urbanístico preservando aqueles espazos en que poidan prexudicarse os valores arquitectónicos, urbanísticos, ambientais e ata paisaxísticos coa imprescindible salvagarda da sanidade ambiental e o dereito ao descanso dos veciños.

INFORME - PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA "ORDENANZA URBANÍSTICA REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO"

Consonte no disposto no Decreto de 11/09/2017 da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo no que acorda incoar expediente administrativo para a tramitación da modificación da "*Ordenanza Reguladora da Publicidade Exterior do Excmo. Concello de Vigo*", procede a emisión do informe-proposta requirido.

I. ANTECEDENTES DE FEITO

Consta no expediente tramitado baixo o número 93738/421, Decreto da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de 11/09/2017, de Incoación do procedemento administrativo para a tramitación e aprobación da Modificación da Ordenanza Reguladora da publicidade exterior do Excmo Concello de Vigo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 14/09/2017 acorda abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para a elaboración e aprobación da modificación da “Ordenanza Municipal reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo”, aprobada polo Pleno Municipal en sesión de 24/02/2003 (BOP nº 68, do 08/04/2003), a través do enderezo <https://consulta.vigo.org>, durante o prazo de vinte días, por remisión do artigo 83 do mesmo corpo legal, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo I do dito acordo; dándolle traslado do mesmo tanto á Sede electrónica coma ao Portal de Transparencia para a súa publicación.

O Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 27/10/2017 certifica que durante o trámite de Consulta pública previsto no artigo 133 da lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas previo á elaboración e aprobación da presente modificación, non constan presentadas opinións ou suxestións.

En sesión ordinaria de data 02/11/2017 o Consello da Xerencia acorda retirar do orde de día a aprobación inicial da Modificación da Ordenanza Reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Vigo para incorporar novos informes aínda que estes non sexan preceptivos.

En data 07/11/2017, a Dirección de Ingresos da Concellería de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, propón a introdución de Disposición Adicional Quinta, a fin de clarificar a tributación por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local polos elementos ou instalacións da publicidade exterior co seguinte tenor literal:

“A fin de clarificar a tributación por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local polos elementos ou instalacións da publicidade exterior obxecto do presente expediente e seguindo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, a Dirección de Ingresos propón a introdución de disposición adicional quinta na modificación da ordenanza urbanística reguladora da publicidade exterior no termino municipal de Vigo (expte.: 93738/421), do seguinte tenor literal:

DISPOSICIÓN ADICIONAL 5ª:

As instalacións publicitarias obxecto da presente Ordenanza tributarán conforme á Ordenanza fiscal nº 30 do Concello de Vigo naqueles supostos nos que concorran utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou voo do dominio público local.

Sen prexuízo do anterior, o Concello poderá substituír o regulado na citada Ordenanza fiscal nº 30 polo establecemento dunha taxa específica pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local para os seguintes supostos:

a) accións publicitarias especiais tales como desenvolvemento de promocións, accións de comunicación ou campañas publicitarias de carácter comercial de determinadas marcas, produtos ou servizos, mediante prácticas mercadotécnicas en dito dominio

público.

b) exhibición de anuncios en valados e andamios que ocupen dominio público local.

c) exhibición de anuncios en mobiliario urbano ou instalacións de titularidade municipal.

d) ocupación do voo do dominio público local con instalacións de publicidade.

e) ocupación especial de solo de dominio público local derivada de instalacións de publicidade luminosa.”

A 03/04/2018, o Concelleiro da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica emite informe co obxecto de engadir na modificación da Ordenanza en tramitación os epígrafes necesarios para evitar perxuízos innecesarios aos particulares e unha eventual carga para a administración respecto dos ceses das actividades de soportes, que modifican o contido dos puntos 1,2 e 3 do artigo 39. Dita proposta literalmente se transcribe:

“Co obxecto de evitar perxuízos innecesarios aos particulares e unha eventual carga para a Administración respecto de ceses de actividade de soportes, garantindo así medios públicos adecuados cos que facer cumprir a licitude da publicidade, de conformidade co disposto no artigo 3 e concordantes da lei 34/1988 de 11 de novembro, Xeral de Publicidade e a adecuación dos mesmos á normativa que se vaia producindo nun sector carente dunha regulación xeral actual, propónse a introdución na Modificación da Ordenanza de tramitación, dos seguintes epígrafes:

1 As licenzas concedidas e os efectos das comunicacións previas que se concedan, terán un prazo de duración de cinco anos. Transcorridos os cales, o titular estará obrigado á retirada dos instrumentos autorizados, no prazo máximo dun mes desde o vencemento do prazo da autorización.

2. No entanto, con anterioridade ao vencemento do prazo de cinco anos, poderá o titular solicitar unha prórroga da autorización por prazos anuais.

3. A non concesión por causa xustificada de dita prórroga non dará dereito a indemnización de clase algunha a favor do titular “

A 26/04/2018 a Concellería de Comercio do Concello de Vigo envía proposta a Xerencia de Urbanismo para a súa consideración na Ordenanza de Publicidade Exterior que se está a tramitar na oficina de Licenzas. Dita suxerencia, que a continuación se transcribe, modifica o contido do artigo 6 engadindo os parágrafos 6.5 e 6.6 e engade unha disposición adicional Sexta á presente modificación:

“O Concello de Vigo resérvase a facultade de solicitar a suspensión provisional do funcionamento destes soportes publicitarios no caso de entrar en conflito con calquera aspecto relativo ao desenvolvemento de actividades ou eventos de interese municipal (Campaña de Nadal, Entroido...)

Todas as actividades programadas comunicaranse cunha antelación mínima de 7 días, ben a través dun bando publicitario publicado nos medios locais, ben na páxina web do Concello ou ben de maneira directa á entidades afectadas. Así mesmo, no caso de eventos puntuais convocados con pouca antelación, notificarase directamente ás entidades afectadas nun prazo de, como mínimo, 24 horas de antelación.

As empresas responsables deberán dispoñer dun servizo de comunicación durante as 24 horas ao obxecto de poder transmitir calquera incidencia que puidera darse ao respecto.

Todos os soportes publicitarios dixitais deberán dispor dun cadro de mando accesible desde a rúa, con pechadura normalizada, a unha altura aproximada de 3 metros, ao obxecto de que os servizos municipais poidan apagalos de ser o caso. As características destes cadros (dimensións, deseño, materiais, etc...) cumprirán cos requisitos establecidos polo Concello de Vigo no momento da súa autorización."

II. MARCO NORMATIVO

As Ordenanzas municipais son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais (art. 4.1 a) da LRBRL e do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), 6.1 da lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA) e segundo o procedemento previsto no artigo 133 da lei 39/2015 do 1 de Outubro do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) en relación ao disposto no artigo 26 da lei 50/1997 de 27 de novembro do Goberno para a elaboración das normas regulamentarias modificada pola disposición final 3ª da lei 40/2015 de 1 de Outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

En data 24/02/2003 o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou definitivamente a Ordenanza Urbanística reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo, publicándose no BOP nº68 de data 08/04/2003.

A necesidade de axustar a normativa vixente municipal que conta con case 15 anos en vigor á evolución tecnolóxica, estímase unha tarefa necesaria, polo que deberá introducirse a regulación dos novos soportes publicitarios no ámbito do mobiliario urbano, nun intento de mellora dos servizos cidadáns e na prestación de servizos públicos mediante o necesario control medioambiental e paisaxístico da cidade, adaptando e aprobando unha modificación da ordenanza, que de cobertura a realidade tecnolóxica existente na cidade.

III. CONTIDO DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA

Polos motivos e xustificación enriba expostos, considérase necesaria a actualización dos seguintes artigos da Ordenanza Urbanística Reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo publicada no BOP nº68 de 08/04/2003 coas seguintes modificacións que a continuación se detallan e que inclúen a proposta da Dirección de Ingresos da Concellería de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, de 07/11/2017, a proposta do Concelleiro da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e

Administración Electrónica de 03/04/2018 e a proposta da Concellería de Comercio de 26/04/2018.

PRIMEIRA: Ampliar o contido do artigo 4: Réxime Tributario

“Para os efectos tributarios, a publicidade e os seus soportes gravaranse de acordo co disposto nas correspondentes ordenanzas fiscais que aprobe o Concello, salvo no suposto na disposición adicional quinta da presente Ordenanza”

SEGUNDA: Engadir apartados 5 ao artigo 6:

6.5 Todos os soportes publicitarios dixitais deberán dispor dun cadro de mando accesible desde a rúa, con pechadura normalizada, a unha altura aproximada de 3 metros, ao obxecto de que os servizos municipais poidan apagalos de ser o caso. As características destes cadros (dimensións, deseño, materiais, etc...) cumprirán cos requisitos establecidos polo Concello de Vigo no momento da súa autorización.

TERCEIRA: Engadir apartados 6 ao artigo 6:

6.6 As empresas responsables deberán dispoñer dun servizo de comunicación durante as 24 horas ao obxecto de poder transmitir calquera incidencia que puidera darse ao respecto.

CUARTA: Engadir un apartado 4 ao artigo 9 :

9.4. Autorizacións excepcionais:

a) Con carácter excepcional poderanse autorizar actuacións para a súa realización de forma temporal, a efectos de avaliar o seu impacto e a súa repercusión sobre a paisaxe urbana.

En todas estas actuacións excepcionais deberán reservarse espazos para a promoción da cidade de Vigo ou de acontecementos nos que participe directamente. A determinación dos espazos, contidos e formatos promocionais se coordinará polo órgano competente para outorgar a autorización da actuación experimental e requirirá a súa conformidade na que figurarán as características da acción de promoción.

b) Para autorizar as accións publicitarias temporais terase en consideración o seu impacto e repercusión na paisaxe urbano.

QUINTA.- Engadir un apartado 5 ao artigo 9:

9.5.- Outros medios de expresión publicitaria: pantallas publicitarias

- a) Considéranse pantallas publicitarias animadas aquelas instalacións fixas de calquera característica material (led, plasma, etc.) destinadas á proxección de mensaxes publicitarias ou á transmisión ou comunicación de mensaxes comerciais baseada en vídeos, imaxes en movemento ou secuencias continuadas de imaxes fixas.
- b) A publicidade mediante anuncios ou soportes luminosos suxeitarase ao disposto na normativa sobre publicidade, medio ambiente e sobre seguridade vial e ordenación do tráfico, ademais de, en todo caso, non poderá producir deslumbramento nin molestias visuais ás persoas, careceran de son, salvo autorización puntual e expresa garantíndose a non superación dos niveis máximos de contaminación acústica e lumínica e non inducirán á confusión con sinais de tráfico.
- c) A publicidade luminosa deberá quedar apagada entre as 9 horas da noite e as 10 horas da mañá seguinte, salvo durante os períodos festivos regulamentarios nos que se autorice expresamente un horario especial.
- d) A súa intensidade luminosa axustarase ao seguinte cadro:

Luminancia Máxima en Superficies Luminosas

Superficie luminosa en m ²	Luminancia en cd/m ² .
Menor de 0,5 m ² .	1.000 cd/m ² .
0,5 < S < 2 m ² .	800 cd/m ² .
2 < S < 10 m ²	600 cd./m ² .
Maior de 10 m ² .	400 cd/m ² .

- e) A instalación de devanditos soportes publicitarios non poderá realizarse en edificios ou espazos incluídos na delimitación do Plan Especial de Protección do Casco Vello. A súa instalación en fachadas de inmobles incluídos no Catálogo de Edificios Protexidos, necesitan autorización expresa do órgano competente en materia de protección de patrimonio, previo informe favorable da Comisión de Seguimento do Ensanche.
- f) A súa instalación poderá realizarse na planta baixa comercial dos edificios. No entanto, poderán autorizarse instalacións en tramos de fachada completa ou parcial por encima de devandita planta, en edificios destinados integramente a usos de oficinas e/o comerciais e cando se garantan as condicións de habitabilidade do inmoble, a ausencia de contaminación lumínica e a preservación do patrimonio.
- g) A instalación poderá realizarse na planta baixa ou en tramos de fachada completa o parcial en inmobles institucionais ou adicados a equipamento, sempre que a información refírase á actividade que se exerza nos mesmos.

SEXTA.- Engadir un apartado 6 ao artigo 9:

9.6. Procedemento para o seu outorgamento:

- a) As instalacións en tramos de fachada completa ou parcial por encima da planta baixa da edificación precisarán proxecto técnico que garanta a súa seguridade e a ausencia de contaminación lumínica por encima dos límites prefixados na presente Ordenanza e se someterán ao procedemento simplificado previsto na Ordenanza Municipal Reguladora da tramitación de Licenzas Urbanísticas e outras formas de Intervención Administrativa.
- b) O resto, incluídas as instalacións interiores aos ocos de luces da fachada, someteranse ao procedemento de comunicación previa.

SÉPTIMA.-Modificar os puntos 1,2 e 3 do artigo 39 polo seguinte tenor literal:

- 1 As licenzas concedidas e os efectos das comunicacións previas que se concedan, terán un prazo de duración de cinco anos. Transcorridos os cales, o titular estará obrigado á retirada dos instrumentos autorizados, no prazo máximo dun mes desde o vencemento do prazo da autorización.
2. No entanto, con anterioridade ao vencemento do prazo de cinco anos, poderá o titular solicitar unha prórroga da autorización por prazos anuais.
3. A non concesión por causa xustificada de dita prórroga non dará dereito a indemnización de clase algunha a favor do titular

OITAVA.- Engadir á Ordenanza unha Disposición Adicional Cuarta:

A regulación de pantallas e soportes audiovisuais contida nos apartados 4, 5 e 6 do artigo 9 da presente Ordenanza serán de aplicación en toda clase de solo coa excepción do ámbito do casco vello.

NOVENA.- Engadir á Ordenanza unha Disposición Adicional Quinta:

As instalacións publicitarias obxecto da presente Ordenanza tributarán conforme á Ordenanza fiscal nº 30 do Concello de Vigo naqueles supostos nos que concorran utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou voo do dominio público local.

Sen prexuízo do anterior, o Concello poderá substituír o regulado na citada Ordenanza fiscal nº 30 polo establecemento dunha taxa específica pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local para os seguintes supostos:

- a) accións publicitarias especiais tales como desenvolvemento de promocións, accións de comunicación ou campañas publicitarias de carácter comercial de determinadas marcas, produtos ou servizos, mediante prácticas mercadotécnicas en dito dominio

público.

b) exhibición de anuncios en valados e andamios que ocupen dominio público local.

c) exhibición de anuncios en mobiliario urbano ou instalacións de titularidade municipal.

d) ocupación do voo do dominio público local con instalacións de publicidade.

e) ocupación especial de solo de dominio público local derivada de instalacións de publicidade luminosa.

DÉCIMA.- Engadir á Ordenanza unha Disposición Adicional Sexta

O Concello de Vigo resérvase a facultade de solicitar a suspensión provisional do funcionamento destes soportes publicitarios no caso de entrar en conflito con calquera aspecto relativo ao desenvolvemento de actividades ou eventos de interese municipal (Campaña de Nadal, Entroido...)

Todas as actividades programadas comunicaranse cunha antelación mínima de 7 días, ben a través dun bando publicitario publicado nos medios locais, ben na páxina web do Concello , e, en todo caso, de maneira directa ás entidades afectadas. Así mesmo, no caso de eventos puntuais convocados con pouca antelación, notificarase directamente ás entidades afectadas nun prazo de, como mínimo, 24 horas de antelación.

IV. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN

En virtude da potestade regulamentaria que teñen atribuída os entes locais consonte cos artigos 25 e 26 e título IX da LRBRL, a competencia para a aprobación dos proxectos de Ordenanzas correspóndelle á Xunta de Goberno Local (art 127.1) e ao Pleno Municipal a aprobación, inicial e definitiva, das Ordenanzas e Regulamentos Municipais (art 123.1)

Segundo o capítulo III do Título II da LRBRL art 25.2.b son competencias municipais, entre outras, a protección contra a contaminación lumínica das zonas urbanas.

O procedemento para a aprobación da Ordenanza de conformidade coa LRBRL e o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo publicado no BOP nº114 de 15/06/2016 e o seguinte:

1. Aprobación do proxecto de Ordenanza pola Xunta de Goberno Local
2. Ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (actuando coma comisión informativa do Pleno en materia urbanística)
3. Aprobación inicial polo Pleno por maioría simple.
4. Información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e / ou suxerencias.
5. Aprobación definitiva por maioría simple do Pleno do Concello de Vigo con pronunciamento sobre as reclamacións e / ou suxestións presentadas en tempo e forma.

De non presentar reclamacións e / ou suxestións no prazo indicado, entenderase elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial, coma así resulta do

disposto nos artigos 49.c) da LRBRL e 76 e seguintes do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo aprobado definitivamente a 30/05/2016 (BOP nº114 de 15/06/2016), debéndose publicar no BOP o texto íntegro da Ordenanza.

Segundo o artigo artigo 133 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, foi sometida a consulta pública a través do portal web a presente modificación para recadar a opinión dos suxeitos e organizacións afectadas. A presente modificación axústase ao procedemento disposto no artigo 26 da lei da lei 50/1997 de 27 de novembro do Goberno para a elaboración das normas regulamentarias modificada pola disposición final 3ª da lei 40/2015 de 1 de Outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ao Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU e previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

ACORDO

-PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da “Ordenanza Municipal Reguladora da Publicidade Exterior no Concello de Vigo” publicada no BOP nº68 a 08/04/2003.

-SEGUNDO: Proceder á apertura dun período de información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo de trinta (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e/ou suxestións.

-TERCEIRO: De non presentarse reclamacións ou suxestións no período de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio, procedéndose a publicación do texto íntegro da Ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación de conformidade co disposto no artigo 70.2 da LRBRL e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo corpo legal.

Non obstante, este informe proposta non é vinculante e a Xunta de Goberno Local e o Pleno da Corporación decidiran co seu superior criterio, o que estimen oportuno.”

Con data 31.05.2018, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente dita proposta.

O 14 de xuño de 2018, o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico.

Con data 21.06.2018, a Xunta de Goberno Local presta conformidade a dita

proposta.

O 28.06.2018, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente e propón ao Pleno do Concello a aprobación inicial de dita ordenanza.

Con data 5.09.2018, o Pleno do Concello retira o expediente da Orde do Día por carencia dalgúns tramites na súa tramitación.

En data 7 de setembro de 2018, remítese aos voceiros dos grupos municipais comunicación para a presentación de emendas polo prazo de 6 días.

O 17.09.2018, o grupo municipal do Partido Popular presenta emendas a dita ordenanza.

Con data 9.10.2018, as técnicas de Admón. Xeral da Xerencia de Urbanismo, emiten informe xurídico sobre as emendas presentadas.

En data 9.10.2018, as técnicas de Admón. Xeral da Xerencia municipal de Urbanismo co conforme do Xerente, emiten o seguinte informe-proposta.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. XUSTIFICACIÓN

En data 24/02/2003 o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou definitivamente a Ordenanza urbanística reguladora da Publicidade exterior no término municipal, que foi publicada no BOP nº 68 de data 08/04/2003.

A referida Ordenanza municipal, ditada en virtude da autonomía municipal constitucionalmente garantida, ten por obxecto a regulación das condicións ás que haberán de someterse as instalacións publicitarias perceptibles dende a vía pública, no termo municipal de Vigo.

En consecuencia, quedará sometida ás normas desta Ordenanza toda actividade publicitaria que utilice como vehículo transmisor da mensaxe, medios materiais de diversa índole, susceptibles de atraer a atención de cantas persoas se atopen en espazos abertos, transiten pola vía pública, circulen por vías de comunicación, utilicen medios privados ou colectivos de transporte e, en xeral, permanezan ou discorran en lugares ou ámbitos de utilización común.

Ante a evolución tecnolóxica estímase necesario introducir na Ordenanza a regulación destes novos soportes sobre os que xa existen iniciativas privadas que consultaron a súa viabilidade e ata iniciativas públicas no ámbito do mobiliario urbano e información cidadá.

A necesidade de regularizar a instalación destes novos soportes publicitarios privados mediante sistemas audiovisuais con programación, supoñen a adecuación ás novas tecnoloxías, así como á apertura das mesmas ás necesidades de información urbana e publicidade institucional nun intento de mellora dos servizos cidadáns e na prestación de servizos públicos. E todo iso, mediante o desexable e necesario control medioambiental e paisaxístico da cidade.

Aínda que o apartado 9.3 da vixente Ordenanza municipal prevé a autorización de soportes publicitarios non expresamente previstos na mesma, cuxa regulación debe manterse para poder dar cobertura aos que poidan aparecer e cuxa previsión normativa non é posible abordar agora, parece conveniente, con todo, en aras da seguridade xurídica, introducir a regulación expresa dos que xa se atopan no mercado con tecnoloxías acabadas, cuxa concreta instalación xa se consultaron.

A variación de contidos, os novos soportes audiovisuais amparados en novas tecnoloxías xa desenvolvidas, aconsellan, con todo xa unha regulación pormenorizada que garantan a súa adecuación ao ámbito urbanístico preservando aqueles espazos en que poidan prexudicarse os valores arquitectónicos, urbanísticos, ambientais e ata paisaxísticos coa imprescindible salvagarda da sanidade ambiental e o dereito ao descanso dos veciños.

INFORME - PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA "ORDENANZA URBANÍSTICA REGULADORA DA PUBLICIDADE EXTERIOR NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO"

Consonte no disposto no Decreto de 11/09/2017 da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo no que acorda incoar expediente administrativo para a tramitación da modificación da "*Ordenanza Reguladora da Publicidade Exterior do Excmo. Concello de Vigo*", procede a emisión do informe-proposta requirido.

I. ANTECEDENTES DE FEITO

Consta no expediente tramitado baixo o número 93738/421, Decreto da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de 11/09/2017, de Incoación do procedemento administrativo para a tramitación e aprobación da Modificación da Ordenanza Reguladora da publicidade exterior do Excmo Concello de Vigo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 14/09/2017 acorda abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para a elaboración e aprobación da modificación da "Ordenanza Municipal reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo", aprobada polo Pleno Municipal en sesión de 24/02/2003 (BOP nº 68, do 08/04/2003), a través do enderezo <https://consulta.vigo.org>, durante o prazo de vinte días, por remisión do artigo 83 do mesmo corpo legal, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer

chegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo I do dito acordo; dándolle traslado do mesmo tanto á Sede electrónica coma ao Portal de Transparencia para a súa publicación.

O Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 27/10/2017 certifica que durante o trámite de Consulta pública previsto no artigo 133 da lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas previo á elaboración e aprobación da presente modificación, non constan presentadas opinións ou suxestións.

En sesión ordinaria de data 02/11/2017 o Consello da Xerencia acorda retirar do orde de día a aprobación inicial da Modificación da Ordenanza Reguladora da publicidade exterior no termo municipal de Vigo para incorporar novos informes aínda que estes non sexan preceptivos.

En data 07/11/2017, a Dirección de Ingresos da Concellería de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, propón a introdución de Disposición Adicional Quinta, a fin de clarificar a tributación por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local polos elementos ou instalacións da publicidade exterior co seguinte tenor literal:

“A fin de clarificar a tributación por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local polos elementos ou instalacións da publicidade exterior obxecto do presente expediente e seguindo instrucións do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, a Dirección de Ingresos propón a introdución de disposición adicional quinta na modificación da ordenanza urbanística reguladora da publicidade exterior no termino municipal de Vigo (expte.: 93738/421), do seguinte tenor literal:

DISPOSICIÓN ADICIONAL 5ª:

As instalacións publicitarias obxecto da presente Ordenanza tributarán conforme á Ordenanza fiscal nº 30 do Concello de Vigo naqueles supostos nos que concorran utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou voo do dominio público local.

Sen prexuízo do anterior, o Concello poderá substituír o regulado na citada Ordenanza fiscal nº 30 polo establecemento dunha taxa específica pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local para os seguintes supostos:

a) accións publicitarias especiais tales como desenvolvemento de promocións, accións de comunicación ou campañas publicitarias de carácter comercial de determinadas marcas, produtos ou servizos, mediante prácticas mercadotécnicas en dito dominio público.

b) exhibición de anuncios en valados e andamios que ocupen dominio público local.

c) exhibición de anuncios en mobiliario urbano ou instalacións de titularidade municipal.

d) ocupación do voo do dominio público local con instalacións de publicidade.

e) ocupación especial de solo de dominio público local derivada de instalacións de publicidade luminosa.”

A 03/04/2018, o Concelleiro da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica emite informe co obxecto de engadir na modificación da Ordenanza en tramitación os epígrafes necesarios para evitar perxuízos innecesarios aos particulares e unha eventual carga para a administración respecto dos ceses das actividades de soportes, que modifican o contido dos puntos 1,2 e 3 do artigo 39. Dita proposta literalmente se transcribe:

“Co obxecto de evitar perxuízos innecesarios aos particulares e unha eventual carga para a Administración respecto de ceses de actividade de soportes, garantindo así medios públicos adecuados cos que facer cumprir a licitude da publicidade, de conformidade co disposto no artigo 3 e concordantes da lei 34/1988 de 11 de novembro, Xeral de Publicidade e a adecuación dos mesmos á normativa que se vaia producindo nun sector carente dunha regulación xeral actual, propónse a introdución na Modificación da Ordenanza de tramitación, dos seguintes epígrafes:

- 1. As licenzas concedidas e os efectos das comunicacións previas que se concedan, terán un prazo de duración de cinco anos. Transcorridos os cales, o titular estará obrigado á retirada dos instrumentos autorizados, no prazo máximo dun mes desde o vencemento do prazo da autorización.*
- 2. No entanto, con anterioridade ao vencemento do prazo de cinco anos, poderá o titular solicitar unha prórroga da autorización por prazos anuais.*
- 3. A non concesión por causa xustificada de dita prórroga non dará dereito a indemnización de clase algunha a favor do titular “*

A 26/04/2018 a Concellería de Comercio do Concello de Vigo envía proposta a Xerencia de Urbanismo para a súa consideración na Ordenanza de Publicidade Exterior que se está a tramitar na oficina de Licenzas. Dita suxestión, que a continuación se transcribe, modifica o contido do artigo 6 engadindo os parágrafos 6.5 e 6.6 e engade unha disposición adicional Sexta á presente modificación:

“O Concello de Vigo resérvase a facultade de solicitar a suspensión provisional do funcionamento destes soportes publicitarios no caso de entrar en conflito con calquera aspecto relativo ao desenvolvemento de actividades ou eventos de interese municipal (Campaña de Nadal, Entroido...)

Todas as actividades programadas comunicaranse cunha antelación mínima de 7 días, ben a través dun bando publicitario publicado nos medios locais, ben na páxina web do Concello ou ben de maneira directa á entidades afectadas. Así mesmo, no caso de eventos puntuais convocados con pouca antelación, notificaranse directamente ás entidades afectadas nun prazo de, como mínimo, 24 horas de antelación.

As empresas responsables deberán dispoñer dun servizo de comunicación durante as 24 horas ao obxecto de poder transmitir calquera incidencia que puidera darse ao

respecto.

Todos os soportes publicitarios dixitais deberán dispor dun cadro de mando accesible desde a rúa, con pechadura normalizada, a unha altura aproximada de 3 metros, ao obxecto de que os servizos municipais poidan apagalos de ser o caso. As características destes cadros (dimensións, deseño, materiais, etc...) cumprirán cos requisitos establecidos polo Concello de Vigo no momento da súa autorización."

En data 28/06/2018, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo Concello de Vigo, acordou aprobar inicialmente a Ordenanza Urbanística Reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo, procedendo á apertura dun período de información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo de trinta días hábiles para presentación de reclamacións e/ou suxestións.

A 17/08/2018 o Grupo Municipal Partido Popular de Vigo, presenta as seguintes emendas:

MODIFICACIÓN DA DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: *No senso de clarexar as súas funcións así como adaptar a súa composición á estrutura municipal actual outorgándolle un carácter marcadamente técnico.*

Texto proposto:

<<A Comisión Técnica Asesora de Publicidade, é un órgano técnico de asesoramento na materia, que terá a función de elaborar informes con carácter preceptivo e non vinculante sobre aqueles aspectos que a ordenanza o demande.

En concreto

- Interpretar nos casos de dúbida ou imprecisión técnica, o sentido das disposicións da Ordenanza.*
- Informar os proxectos de publicidade mediante técnicas novas, non contidas ou reguladas nesta ordenanza.*
- Ditaminar as consultas que lle sexan sometidas a súa consideración.*
- Redactar os pregos de condicións técnicas e económico administrativas polos que se rexen os concursos para a adxudicacións das concesións administrativas para a explotación publicitarias en terreos de dominio público.*
- Propoñer modificacións que se consideren axustadas ás disposicións contidas nesta Ordenanza.*
- En xeral, emitirá os informes e propostas técnicas que lle poidan ser solicitados polos órganos municipais competentes en relación coas materias desta Ordenanza.*

A Comisión estará formada polos xefes dos seguintes servizos municipais:

- Xefe servizo de Vías e obras*
- Xefe do servizo de Electromecánicos*
- Xefe do servizo de Medio ambiente*
- Xefe do servizo de Patrimonio Histórico*
- Xerente Municipal de Urbanismo*

- Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade.

A Comisión poderá pedir o asesoramento de representantes doutras áreas municipais, así como de técnicos expertos pertencentes as asociacións do sector publicitario, cando o requira o carácter específico ou singular da materia para tratar.

A Presidencia da Comisión recaerá no Xerente Municipal de Urbanismo, encargado de ordenar a súa convocatoria e de fixara orde do día, así como presidir a sesión e dirixir o desenvolvemento dos debates.

Asistirá ás sesións un secretario encargado da realización do acta da sesión que se celebre, n que se apuntarán someramente os acordos adoptados. Poderá actuar como secretario calquera dos xefes de servizo.

A Comisión celebrará sesión ordinaria mensualmente, aínda cando dependera na súa periodicidade do número e da relevancia propia dos asuntos que se sometan a súa consideración. Con todo, poderase celebrar sesión extraordinaria previa xustificación da importancia e urxencia do tema para informar, que impida pospoñelo á reunión ordinaria seguinte. A concorrencia das devanditas circunstancias excepcionais será apreciada polo Presidente da Comisión.>>

MODIFICACIÓN DO APARTADO 9.5.B. *No senso de eliminar a posibilidade excepcional de que as pantallas ou soportes luminosos emitan son.*

Texto proposto:

<<A publicidade mediante anuncios ou soportes luminosos suxeitarase ao disposto na normativa sobre publicidade, medio ambiente e sobre seguridade vial e ordenación do tráfico, ademais, en todo caso non poderá producir deslumbramento, destelos, fatiga ou molestias visuais ás persoas e carecerán de son, garantíndose a non superación dos niveis máximos de contaminación lumínica e non inducirán á confusión con sinais de tráfico.>>

MODIFICACION DO APARTADO 9.5.D: *No senso introducir un mecanismo que adapte automaticamente a iluminancia ás condicións lumínicas do día.*

Engadir:

<<Os soportes luminosos deberán contar con un dispositivo que adapte automaticamente a súa iluminancia ás condicións ambientais de día/noite.>>

ENGARDIR O APARTADO 5.6 Ao artigo 8: *No senso de garantir a seguridade de tráfico e dos peóns nas zonas de tráfico non regularizado por semáforos.*

Engadir o seguinte texto como apartado 8.5.6:

<<Non serán autorizables anuncios ou soportes luminosos a pe de rúa nas inmediacións de pasos de peón non regulados por semáforos>>

ENGADIR O APARTADO 3 ao artigo 32: *No senso de garantir a adecuada seguridade para o tráfico e os peóns.*

Engadir o seguinte texto como apartado 32.3:

<< A autorización de anuncios ou soportes luminosos situados na vía pública requirirán necesariamente dun informe previo favorable do departamento que ostente as competencias delegadas en materia de tráfico, seguridade vial e mobilidade>>.

En resposta ás ditas alegacións achegadas polo Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, as técnicas de Administración xeral, emiten o seguinte informe:

“Na Xerencia Municipal de Urbanismo, estase a tramitar baixo o número de expediente 93738/421, unha modificación da Ordenanza Urbanística Reguladora da Publicidade Exterior no Termo Municipal de Vigo.

En cumprimento do disposto no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo no seu artigo 76.4 procedeuse á apertura do prazo de presentación de emendas ao proxecto de Modificación do texto da dita Ordenanza.

Facendo uso deste dereito o Grupo Municipal Partido Popular de Vigo presenta en data 17.08.2018 emendas sobre as que procede dicir o seguinte:

Emenda número 1, sobre a modificación da Disposición Adicional Primeira, no que se pretende variar as funcións, a estrutura, a composición e a cadencia da Comisión Técnica Asesora de Publicidade, procede dicir que dita proposta excede do estritamente urbanístico, e todos aqueles aspectos sensíbeis que poidan afectar a cuestións urbanísticas, serán obxecto de sometemento ás Comisións de Seguimento de Bouzas e do Ensanche, así como a necesidade de autorización previa do órgano competente en materia de protección do Patrimonio, as actuacións en edificios incluídos no Catálogo de Edificios Protexidos.

Emenda número 2, sobre a modificación do apartado 9.5.B., no que se pretende prohibir o son nos anuncios ou soportes luminosos, cabe dicir que no propio texto do proxecto de modificación especificase que con carácter xeral “carecerán de son, salvo autorización puntual e expresa garantíndose a non superación dos niveis máximos de contaminación acústica e lumínica e non inducirán á confusión con sinais de tráfico”; autorizacións que, de selo caso, responderán a criterios de oportunidade valorados de xeito individual, en cada caso concreto.

Emenda número 3, sobre a modificación do apartado 9.5.D, no que se introduce a obriga de que os soportes conteñan un dispositivo que adapte automaticamente a súa iluminancia ás condicións ambientais de día/noite, e preciso indicar por unha banda que quedan limitadas as horas de acendido, toda vez que deberán quedar apagadas entre as 9 da noite e as 10 da mañá seguinte, e por outra banda a posible contaminación lumínica e sonora quedará garantida cos niveis máximos de luminescencia, que se regulan no apartado de referencia do proxecto de modificación.

Emenda número 4, sobre a modificación do apartado 5.6 ao artigo 8, prohibindo os anuncios ou soportes luminosos o pe da rúa nas inmediacións de pasos de peóns non regulados por semáforos, co obxecto de garantir a seguridade do tráfico e dos peóns. Cómpre dicir que ademais de imprecisa, o obxecto da mesma xa queda garantido coa obriga de non superación dos niveis máximos de contaminación acústica e lumínica sen que produza confusións coas sinais de

tráfico.

Emenda número 5, sobre a modificación do apartado 3 do artigo 32, no que se solicitaría informe previo do departamento que ostente as competencias delegadas en materia de tráfico, seguridade vial e mobilidade, nos anuncios ou soportes luminosos na vía pública. Neste aspecto procede dicir que a presente modificación de Ordenanza únicamente afecta aos anuncios ou soportes publicitarios instalados en fachadas de edificios, nunca na vía pública.

Conforme ao enriba exposto, propónse:

DESESTIMAR a totalidade das emendas presentadas polo grupo Municipal partido Popular de Vigo en data 17/09/2018.”

II. MARCO NORMATIVO

As Ordenanzas municipais son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais (art. 4.1 a) da LRBRL e do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), 6.1 da lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA) e segundo o procedemento previsto no artigo 133 da lei 39/2015 do 1 de Outubro do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) en relación ao disposto no artigo 26 da lei 50/1997 de 27 de novembro do Goberno para a elaboración das normas regulamentarias modificada pola disposición final 3ª da lei 40/2015 de 1 de Outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

En data 24/02/2003 o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou definitivamente a Ordenanza Urbanística reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo, publicándose no BOP nº68 de data 08/04/2003.

A necesidade de axustar a normativa vixente municipal que conta con case 15 anos en vigor á evolución tecnolóxica, estímase unha tarefa necesaria, polo que deberá introducirse a regulación dos novos soportes publicitarios no ámbito do mobiliario urbano, nun intento de mellora dos servizos cidadáns e na prestación de servizos públicos mediante o necesario control medioambiental e paisaxístico da cidade, adaptando e aprobando unha modificación da ordenanza, que dé cobertura a realidade tecnolóxica existente na cidade.

III. CONTIDO DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA

Polos motivos e xustificación enriba expostos, considérase necesaria a actualización dos seguintes artigos da Ordenanza Urbanística Reguladora da Publicidade Exterior no termo municipal de Vigo publicada no BOP nº68 de 08/04/2003 coas seguintes modificacións que a continuación se detallan e que inclúen a proposta da Dirección de Ingresos da Concellería de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, de 07/11/2017, a proposta do Concelleiro da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica de 03/04/2018 e a proposta da Concellería de Comercio de 26/04/2018.

PRIMEIRA: Ampliar o contido do artigo 4: Réxime Tributario

“Para os efectos tributarios, a publicidade e os seus soportes gravaranse de acordo co disposto nas correspondentes ordenanzas fiscais que aprobe o Concello, salvo no suposto na disposición adicional quinta da presente Ordenanza”

SEGUNDA: Engadir apartados 5 ao artigo 6:

6.5 Todos os soportes publicitarios dixitais deberán dispor dun cadro de mando accesible desde a rúa, con pechadura normalizada, a unha altura aproximada de 3 metros, ao obxecto de que os servizos municipais poidan apagalos de ser o caso. As características destes cadros (dimensións, deseño, materiais, etc...) cumprirán cos requisitos establecidos polo Concello de Vigo no momento da súa autorización.

TERCEIRA: Engadir apartados 6 ao artigo 6:

6.6 As empresas responsables deberán dispoñer dun servizo de comunicación durante as 24 horas ao obxecto de poder transmitir calquera incidencia que puidera darse ao respecto.

CUARTA: Engadir un apartado 4 ao artigo 9 :

9.4. Autorizacións excepcionais:

a) Con carácter excepcional poderanse autorizar actuacións para a súa realización de forma temporal, a efectos de avaliar o seu impacto e a súa repercusión sobre a paisaxe urbana.

En todas estas actuacións excepcionais deberán reservarse espazos para a promoción da cidade de Vigo ou de acontecementos nos que participe directamente. A determinación dos espazos, contidos e formatos promocionais se coordinará polo órgano competente para outorgar a autorización da actuación experimental e requirirá a súa conformidade na que figurarán as características da acción de promoción.

b) Para autorizar as accións publicitarias temporais terase en consideración o seu impacto e repercusión na paisaxe urbano.

QUINTA.- Engadir un apartado 5 ao artigo 9:

9.5.- Outros medios de expresión publicitaria: pantallas publicitarias

a) Considéranse pantallas publicitarias animadas aquelas instalacións fixas de calquera característica material (led, plasma, etc.) destinadas á proxección de mensaxes publicitarias ou á transmisión ou comunicación de mensaxes comerciais baseada en vídeos, imaxes en movemento ou secuencias continuadas de imaxes fixas.

b) A publicidade mediante anuncios ou soportes luminosos suxeitarase ao disposto na normativa sobre publicidade, medio ambiente e sobre seguridade vial e ordenación do tráfico, ademais de, en todo caso, non poderá producir deslumbramento nin molestias visuais ás persoas, careceran de son, salvo autorización puntual e expresa garantíndose a non superación dos niveis máximos de contaminación acústica e lumínica e non inducirán á confusión con sinais de tráfico.

c) A publicidade luminosa deberá quedar apagada entre as 9 horas da noite e as 10 horas da mañá seguinte, salvo durante os períodos festivos regulamentarios nos que se autorice expresamente un horario especial.

d) A súa intensidade luminosa axustarase ao seguinte cadro:

Luminancia Máxima en Superficies Luminosas

Superficie luminosa en m ²	Luminancia en cd/m ² .
Menor de 0,5 m ² .	1.000 cd/m ² .
0,5 < S < 2 m ² .	800 cd/m ² .
2 < S < 10 m ²	600 cd./m ² .
Maior de 10 m ² .	400 cd/m ² .

e) A instalación de devanditos soportes publicitarios non poderá realizarse en edificios ou espazos incluídos na delimitación do Plan Especial de Protección do Casco Vello. A súa instalación en fachadas de inmobles incluídos no Catálogo de Edificios Protexidos, necesitan autorización expresa do órgano competente en materia de protección de patrimonio, previo informe favorable da Comisión de Seguimento do Ensanche.

f) A súa instalación poderá realizarse na planta baixa comercial dos edificios. No entanto, poderán autorizarse instalacións en tramos de fachada completa ou parcial por encima de devandita planta, en edificios destinados integramente a usos de oficinas e/o comerciais e cando se garantan as condicións de habitabilidade do inmoble, a ausencia de contaminación lumínica e a preservación do patrimonio.

g) A instalación poderá realizarse na planta baixa ou en tramos de fachada completa o parcial en inmobles institucionais ou adicados a equipamento, sempre que a información refírase á actividade que se exerza nos mesmos.

SEXTA.- Engadir un apartado 6 ao artigo 9:

9.6. Procedemento para o seu outorgamento:

a) As instalacións en tramos de fachada completa ou parcial por encima da planta baixa da edificación precisarán proxecto técnico que garanta a súa seguridade e a ausencia de contaminación lumínica por encima dos límites

prefixados na presente Ordenanza e se someterán ao procedemento simplificado previsto na Ordenanza Municipal Reguladora da tramitación de Licenzas Urbanísticas e outras formas de Intervención Administrativa.

b) O resto, incluídas as instalacións interiores aos ocos de luces da fachada, someteranse ao procedemento de comunicación previa.

SÉPTIMA.-Modificar os puntos 1,2 e 3 do artigo 39 polo seguinte tenor literal:

1 As licenzas concedidas e os efectos das comunicacións previas que se concedan, terán un prazo de duración de cinco anos. Transcorridos os cales, o titular estará obrigado á retirada dos instrumentos autorizados, no prazo máximo dun mes desde o vencemento do prazo da autorización.

2. No entanto, con anterioridade ao vencemento do prazo de cinco anos, poderá o titular solicitar unha prórroga da autorización por prazos anuais.

3. A non concesión por causa xustificada de dita prórroga non dará dereito a indemnización de clase algunha a favor do titular

OITAVA.- Engadir á Ordenanza unha Disposición Adicional Cuarta:

A regulación de pantallas e soportes audiovisuais contida nos apartados 4, 5 e 6 do artigo 9 da presente Ordenanza serán de aplicación en toda clase de solo coa excepción do ámbito do casco vello.

NOVENA.- Engadir á Ordenanza unha Disposición Adicional Quinta:

As instalacións publicitarias obxecto da presente Ordenanza tributarán conforme á Ordenanza fiscal nº 30 do Concello de Vigo naqueles supostos nos que concorran utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou voo do dominio público local.

Sen prexuízo do anterior, o Concello poderá substituír o regulado na citada Ordenanza fiscal nº 30 polo establecemento dunha taxa específica pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local para os seguintes supostos:

- a) accións publicitarias especiais tales como desenvolvemento de promocións, accións de comunicación ou campañas publicitarias de carácter comercial de determinadas marcas, produtos ou servizos, mediante prácticas mercadotécnicas en dito dominio público.
- b) exhibición de anuncios en valados e andamios que ocupen dominio público local.
- c) exhibición de anuncios en mobiliario urbano ou instalacións de titularidade municipal.
- d) ocupación do voo do dominio público local con instalacións de publicidade.
- e) ocupación especial de solo de dominio público local derivada de instalacións de publicidade luminosa.

DÉCIMA.- Engadir á Ordenanza unha Disposición Adicional Sexta

O Concello de Vigo resérvase a facultade de solicitar a suspensión provisional do funcionamento destes soportes publicitarios no caso de entrar en conflito con calquera aspecto relativo ao desenvolvemento de actividades ou eventos de interese municipal (Campaña de Nadal, Entroido...)

Todas as actividades programadas comunicaranse cunha antelación mínima de 7 días, ben a través dun bando publicitario publicado nos medios locais, ben na páxina web do Concello , e, en todo caso, de maneira directa ás entidades afectadas. Así mesmo, no caso de eventos puntuais convocados con pouca antelación, notificárase directamente ás entidades afectadas nun prazo de, como mínimo, 24 horas de antelación.

IV. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN

En virtude da potestade regulamentaria que teñen atribuída os entes locais consonte cos artigos 25 e 26 e título IX da LRBRL, a competencia para a aprobación dos proxectos de Ordenanzas correspóndelle á Xunta de Goberno Local (art 127.1) e ao Pleno Municipal a aprobación, inicial e definitiva, das Ordenanzas e Regulamentos Municipais (art 123.1)

Segundo o capítulo III do Título II da LRBRL art 25.2.b son competencias municipais, entre outras, a protección contra a contaminación lumínica das zonas urbanas.

O procedemento para a aprobación da Ordenanza de conformidade coa LRBRL e o Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo publicado no BOP nº114 de 15/06/2016 e o seguinte:

1. Aprobación do proxecto de Ordenanza pola Xunta de Goberno Local
2. Ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (actuando coma comisión informativa do Pleno en materia urbanística)
3. Aprobación inicial polo Pleno por maioría simple.
4. Información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e / ou suxestións.
5. Aprobación definitiva por maioría simple do Pleno do Concello de Vigo con pronunciamento sobre as reclamacións e / ou suxestións presentadas en tempo e forma.

De non presentar reclamacións e / ou suxestións no prazo indicado, entenderase elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial, coma así resulta do disposto nos artigos 49.c) da LRBRL e 76 e seguintes do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo aprobado definitivamente a 30/05/2016 (BOP nº114 de 15/06/2016), debéndose publicar no BOP o texto íntegro da Ordenanza.

Segundo o artigo artigo 133 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, foi sometida a consulta pública a través do portal web a presente modificación para recadar a opinión dos suxeitos e

organizacións afectadas. A presente modificación axústase ao procedemento disposto no artigo 26 da lei da lei 50/1997 de 27 de novembro do Goberno para a elaboración das normas regulamentarias modificada pola disposición final 3ª da lei 40/2015 de 1 de Outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ao Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU e previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte...”

Deseguido as funcionarias informantes emiten a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

Con data 11.10.2018, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente a mencionada proposta.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Hoxe traemos a modificación da Ordenanza que regula a normativa urbanística de instalación de publicidade exterior e o motivo fundamental de traer esta modificación de ordenanza é porque temos que adaptarnos aos novos tempos, hai novas tecnoloxías, novas formas de facer publicidade, en particular todo o que ten que ver coas pantallas led que están a supoñer unha modificación nas normas tradicionais de publicitar os establecementos e de facer publicidade en xeral, de tal xeito que o Concello de Vigo, polo tanto, ante ademais do inicio de solicitudes de instalacións de pantallas deste estilo por parte de particulares, tomou a decisión de regulalo primeiro e a partir de aí ter unhas normas claras e básicas para todos os que queiran instalar este tipo de pantallas na nosa cidade. O obxectivo fundamental polo tanto, é a regulación da instalación de pantallas publicitarias en edificios, polo tanto, unha normativa urbanística, non regula a vía pública senón a edificación existente, e ademais esta publicidade ten que cumprir a lexislación, é dicir, a publicidade mediante anuncios ou soportes luminosos, suxeitarase á normativa de publicidade,

de medio ambiente, seguridade vial e ordenación de tráfico, ademais en todo o caso non poderá producir cegamento nin molestias visuais ás persoas, carecerá de son agás autorización puntual e expresa, garantíndose a non superación de niveis máximos de contaminación acústica e lumínica, ademais esta publicidade luminosa terá un horario de funcionamento dende as 10 da mañá ata as 9 da noite de tal xeito que excepto en momentos puntuais por festividades por exemplo, e especialmente autorizados, non poderá estar acendida o resto da noite, entre as 9 da noite e as 10 de mañá, ademais se regula a súa intensidade para que como dicía non cause prexuízos e o tipo de instalacións onde se poderá ubicar, en particular se poderá instalar en edificios na cidade excepto no Casco Vello porque está aprobado o Plan especial do Casco Vello co que colisionaría, en edificios que teñen unha especial protección, deberán ter autorización do organismo competente de Patrimonio e da comisión de seguimento municipal, polo tanto, terá que ter unha autorización específica, poderase instalar nas plantas baixas comercial dos edificios ou nas plantas altas na totalidade ou en parte das fachadas sempre e cando eses edificios sexan edificios comerciais ou edificios de oficinas e non porque se adiquen as condicións de habitabilidade dos mesmos.

Poderase instalar tamén en edificios dotacionais adicados a equipamentos pero sempre e cando se faga promoción da propia actividade dese edificio dotacional ou equipamento.

Ademais ten un prazo determinado, é dicir, unha vez solicitado a comunicación previa ou a licenza para a instalación destas pantallas existirá un prazo de vixencia desa autorización municipal por un prazo de 5 anos, entendendo que nese prazo de 5 anos se poden amortizar as distintas instalacións que se fagan, de tal xeito que unha vez vencido ese prazo poderá solicitarse unha prórroga e o Concello poderá autorizala ou non dependendo das circunstancias, por outra banda se prevé tamén que en caso de que exista unha festividade local que poda colisionar coa información que se está a producir nesas pantallas, se poda impedir a utilización das mesmas, obviamente logo da preceptiva comunicación aos titulares das mesmas, polo tanto, está regulado para que causen a menor distorsión posible nos cidadás e por outra banda para que regulemos de xeito claro aquelas cousas que se van producindo de xeito autónomo por parte dos particulares, e así como outras cidades xa o teñen regulado, pois Vigo se une a

esas cidades que regulan a publicidade exterior por medio destes novos aparellos. Como dicía, con total seguridade xurídica para os propietarios, establecendo de forma clara o tipo de edificios e o tipo de espazos no que poden instalarse e por outra banda establecendo aquelas condicións que o Concello se mantén para poder establecer prazos de prórroga ou non dependendo de como vaian cambiando as circunstancias da cidade para establecer en que zonas non se poden instalar, en especial no Casco Vello e nas zonas de edificios protexidos logo de informe previo municipal e por outra banda se establece a necesidade de apagar esas pantallas en determinados momentos por interese da cidade, creo que é unha regulación clara é que o sector estaba esperando.

SR. PÉREZ CORREA: Nós tiñamos moitas dúbidas desta proposta que isto non é unha ordenanza nova, isto é a modificación dunha ordenanza existente, evidentemente a modificación que se pon aquí polo que vemos na arquitectura da modificación estamos a falar de edificios privados ou públicos pero estamos a falar de edificios, non fala de vía pública pero a ordenanza si, e entendemos que a ordenanza esta modificación se incorpora a ordenanza e con iso aparece unha nova ordenanza e a ordenanza se que fala de vía pública, a que temos vixente e publicada no Boletín Oficial da Provincia do martes 9 de abril do 2003. Chamarlle novidoso a unha pantalla de publicidade cando nesta cidade levamos 20 anos tendo algunhas, houbo algunhas ademais na Praza de América, foise personalizando, o que aquí para nós subxace é un intento de meter pola vía da iniciativa privada ou pública determinadas cuestións, colar algunhas decisións que tomaron neste Concello, e polo tanto, nós dicimos, isto regula, é unha pregunta que facemos con tódalas dúbidas, con isto incorporada a unha ordenanza que di que a presente ordenanza ten por obxecto regulamentar as condicións as que haberá de someterse as instalacións publicitarias perceptivas da vía pública no termo municipal de Vigo, é dicir, esta ordenanza máis esta modificación, regula a pantalla colocada na rotonda de Rosalía de Castro esa é a pregunta que facemos nós porque entón que foi antes, o ovo ou a galiña? Que foi antes esa necesidade desaforada de modificar un proxecto de obra para colocar unha rotonda luminosa que non figuraba no proxecto orixinario e logo se deron conta que podíamos ter algún problema coa ordenanza, que poderíamos ter incluso algún problema coa

cuestión dos informes preceptivos de tráfico? Esa é unha pregunta que facemos, non é unha certeza como digo, nós non quixemos presentar emendas porque non temos certeza do que están facendo aquí, si o que están facendo é arbitrar a través dun suposto masivo chamamento da iniciativa privada poñer este tipo de soportes publicitarios, porque obviamente isto vai quedar regulado nunha ordenanza que fai referencia avalado sobre todo a unha serie de soportes publicitarios existentes en vía pública, ademais creo que é unha ordenanza que habería que cambiar porque cando un partido político utiliza un báculo dun farol para colocar publicidade fora da campaña electoral e incluso dentro da campaña electoral que nesa cidade non se permite, non podemos, pero que algún faga a Festa do Callos ou a Festa do Samaín, vemos aí eses plásticos durante meses e non pasa absolutamente nada, é dicir, tamén teríamos que ver cal é o agravio comparativo que figura durante a campaña electoral en Vigo non se poida utilizar estes mecanismos de publicidade perfectamente regulados en moitos concellos.

Polo tanto, isto é o que queremos saber, se vostedes o que están facendo é intentar regular pola vía dun suposto interese da iniciativa privada destas cuestións, pois díganos, creo que sería bo ter dúas ordenanzas separadas, unha do que son elementos públicos en vía pública ou elementos privados que fan referencia tamén a posibles informes necesarios de tráfico, e outra que regule, pois como digo, a famosa iniciativa privada que din vostedes.

Tamén nos gustaría saber como se van a poñer esas pantallas cando son de utilidade pública, se se van a poñer como alumeado de Nadal sen preguntarlle as comunidades de propietarios que un domingo pola mañá se levantan e atopan o nacho atornillándolle as luces de Nadal sen ningún permiso da comunidade de propietarios dos edificios, cousa que está pasando nesta cidade o ano pasado e neste, ou se realmente haberá tamén un regulamento que nos propietarios van poder decidir onde van este tipo de mecanismos audiovisuais que neste caso as rotondas con música creo que deberían de estar desterrados deste país incluso creo que forman parte dunha cultura bastante discutible, pero clarifíquenos que se quería facer, porque isto vaise incorporar a unha ordenanza que si fala de vía pública e queremos saber como e cando se van pedir os informes preceptivos de seguridade vial, porque en tódolos concellos deste país se piden eses informes cada vez que se coloca un elemento que pode ser de distracción aos conxunto dos

condutores, é unha clarificación simplemente, pero xa digo, temos moitas dúbidas na intencionalidade desta moción, isto é iniciativa privada é teño moitas gañas de poñer pantallas, temos dúbidas de que esa sexa a verdadeira intención e polo tanto, de aí a nosa abstención a esta modificación.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Traen hoxe aquí despois de darlle bastante voltas porque levamos máis dun ano con esta ordenanza reguladora de publicidade exterior, unha modificación e permítame que lle diga moi pouco ambiciosa para nós insuficiente, ou cativa, que se di en galego, da ordenanza aprobada en 2003, e é certo que nestes 15 anos pasaron moitas cousas, apareceron soportes publicitarios novos pero estanse colocando igualmente porque a actual ordenanza así o permite no seu apartado 9.3, este grupo político as veces de maneira inxenua, votou a favor hai un ano da modificación desta ordenanza, votamos a favor na Xerencia de Urbanismo porque fai falla facer moitas cousas na cidade, hai que actualizar tamén moitas das ordenanzas que levamos moito tempo esperando por elas e que dixeron vostedes que se ían a modificar pero que ao final non se modificaron, por exemplo, as das terrazas, levamos case tres anos esperando por esa ordenanza reguladora de terrazas a aínda seguimos esperando por ela e non haberá ordenanza reguladora de terrazas porque non hai vontade política para modificala nin para poñer orde na cidade, nin para mellorar a beleza estética dos establecementos de hostalaría de Vigo pero ben, este mínimo retoque da ordenanza non serve para nada Sra. Caride, faime gracia escoitala falar a vostede de seguridade xurídica, é que escoitala a vostede falar de seguridade xurídica como se escoitamos falar ao Alcalde sobre jockey sobre xeo ou algo así, ou sobre patíns, pero eu creo que vostedes dándolle voltas a esta ordenanzas e tiña razón o señor da Marea de Vigo, pero non arranxa para nada o problema que hai en Vigo, segundo vostedes e segundo esta ordenanza a pantalla que hai na rúa Rosalía de Castro con Serafín Avendaño, é absolutamente ilegal, iso é o que di esta ordenanza, esta ordenanza di que a pantalla que vostedes puxeron non ten permiso e que é ilegal, se o acaba de dicir vostede! Que non deben as pantallas producir cegamentos, se o acaba de dicir vostede, vaia vostede por aí un día pola tarde noite e xa verá que cegamento produce esa pantalla.

Hai moitas ordenanzas que facer e hai moitas ordenanzas que recoller no

ordenamento municipal, non hai ningunha ordenanza que permita furar as fachadas dos edificios da cidade sen permiso como se está facendo agora para poñer as luces do Nadal, aquí algúns teñen que ter tódolos permisos e outros non teñen que ter permiso para nada como vostedes para poñer esa fonte ilegal na Rúa Rosalía de Castro o que si se produce aquí é tamén pola vía de atrás, unha modificación para poder recadar máis, poder cambiar a fiscalidade a esas pantallas, á ordenanza fiscal número 30, e claro non nos estrana porque Vigo é a cidade de España que máis cobra por exemplo por poñer andamios nas fachadas, somos os campións do mundo, unhas taxas absolutamente abusivas, un 600% máis caras que noutras cidades de España, por exemplo León, mire o que paga un señor por poñer uns andamios nas fachadas que ao final é para que os veciños que viven nos seus edificios poidan mellorar ou arranxar as súas humidades ou a beleza estética da fachada aquí pagan 1.000 euros e en A Coruña pagan 143 e por iso a vostedes dálles a risa e fan chascarrillos eu creo que esta chulería política que están exhibindo ultimamente, esta falla de humildade vailles pasar factura, son as súas sinais de identidade pero lles vai pasar factura, ao final isto pasa factura, nós nun exercicio de responsabilidade fixemos emendas, non admitiron ningunha das emendas, non lles vale, agora vostedes saberán o que fan, pero dentro de 6 meses levarán unha sorpresa.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu sinceramente lles invitaría a ler a modificación da ordenanza, pois parece ser que non porque vostedes dous a verdade é que o grupo de Marea de Vigo e o grupo do Partido Popular se preguntan que estamos a modificar con esta ordenanza, e se preguntan se regula a instalación de pantallas na vía pública e claro só botar unha ollada a exposición de motivos deste cambio na ordenanza pon de manifesto que non regula a instalación de pantallas na vía pública, se limita a establecer a modificación para as condicións urbanísticas dos edificios porque para vostede iso non é importante, sen embargo para moitas persoas é importante saber que as licencias ou comunicacións previas de obras ou actividades son actos regrados, tanto para que sexan actos regrados e non estean ao albor de quen ten que asinar a súa licencía, deben estar claras as condicións nas que se conceden algo que parece que a vostedes non lle gusta, agora que é certo que a min me sorprenden porque acaba de descubrir que a súa maior

preocupación é o alumeado do Nadal e están en contra da instalación alumeado do Nadal, si claramente, aínda parece que lle molesta que se instale, por certo, con este acto desprezativo atopa un nacho que lle está instalando, non un traballador legalmente establecido, pagando o seu contrato, en condición adecuadas, que está instalando a instalación do alumeado do Nadal e a partires de aí parece que aos señores do Partido Popular lles preocupa que os cidadáns poidan gozar, por certo, de xeito gratuíto dun espectáculo na rúa, que vai ser o alumeado do Nadal. Eu sinceramente lles digo, se seguen vostedes, gratuíto para tódalas veciños/as que a poderán gozar, parece que a vostede regular esta ordenación nos edificios da publicidade lle parece mal, eu creo que é imprescindible, o teñen moitas outras cidades, teno Madrid, nós só facemos algo relativamente similar adeucado ás nosas circunstancias, o que si lle digo é que seguen vostedes con esta dinámica de estar en contra do que a cidade defende e do que a cidade goza é a imaxe que hoxe temos da súa bancada, pode ser máis ou menos a imaxe a partir do mes de maio.

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, González Sánchez, e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO

-PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da “Ordenanza Municipal Reguladora da Publicidade Exterior no Concello de Vigo” publicada no BOP nº68 a 08/04/2003.

-SEGUNDO: Proceder á apertura dun período de información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo de trinta (30) días hábiles para a presentación de reclamacións e/ou suxestións.

-TERCEIRO: De non presentarse reclamacións ou suxestións no período de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio, procedéndose a publicación do texto íntegro da Ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación de conformidade co disposto no artigo 70.2 da LRBRL e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo corpo legal.

5(190).- DECLARACIÓN DA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL PARA NENOS DE 0 A 3 ANOS NO CONCELLO DE VIGO, COMO DE INTERESE MUNICIPAL. EXPTE. 11081/407 (REXISTRO PLENO 1895/1101

ANTECEDENTES.- Con data 23 de outubro de 2028, o xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo co conforme do Xerente, emite o seguinte informe proposta:

“Antecedentes.

Despois da pertinente tramitación pola Secretaría Xeral (expediente 1472/110), con data 8 de xaneiro de 2018, asinouse entre a Fundación Amancio Ortega e este Concello de Vigo un convenio de colaboración entre ambas entidades para a construción dunha escola infantil para nenos de 0 a 3 anos.

Dito convenio prevé a cesión dunha parcela de titularidade municipal na parroquia de Bembrive á Fundación Amancio Ortega para a construción da citada escola. Unha vez construída e equipada dita escola será doada ó Concello de Vigo.

Con data 16.10.2018 a Fundación Amancio Ortega solicita a licenza de obra (documento 180166462, expediente 98053/421) para a construción de dita escola. De conformidade coa cláusula terceira b) do citado convenio procede instar a declaración da obra como de “especial interese ou utilidade municipal” “ao obxecto de que se lle aplique a bonificación fiscal do 95% na cota do imposto sobre construcións prevista no artigo 3.3 da Ordenanza fiscal número 5 Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras”.

Fundamentación xurídica.

Como xa se fundamentou na tramitación do convenio coa Fundación Amancio Ortega (expediente 1472/110 ó que nos remitimos), dita actuación entra no ámbito competencial do Concello de Vigo (artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).

Existe unha obriga xeral para todas as Administracións Públicas de promover un incremento progresivo da oferta de prazas públicas no primeiro ciclo de Educación Infantil establecendo políticas de cooperación con outras entidades para asegurar a oferta educativa neste ciclo (artigo 15.1 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación).

A vixente ordenanza fiscal número 5 deste Concello de Vigo, reguladora do Imposto de Construcións, Instalación e Obras (publicada coa súa última modificación no BOP de 25.11.2015), establece a posibilidade de aplicación dunha bonificación do 95% para os establecementos educativos que vaian a figurar no inventario de Bens do Concello, como é o caso.

Dita bonificación tamén está prevista no artigo 103.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establecendo a competencia de aprobación no Pleno por maioría simple dos seus membros.

Proposta:

De conformidade co exposto, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo...”

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 25.10.2018, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Nós con esta proposta que trae o goberno local de declarar a obra de construción dunha escola infantil para nenos de 0 a 3 en Bembrive por parte da Fundación Amancio Ortega, declárala de interese municipal e o obxectivo de declárala de interese municipal como di o propio expediente é

que teña unha bonificación fiscal a Fundación Amancio Ortega da cota do imposto de construcións, é dicir, que teña unha bonificación do 95% do ICIO, xa adianto que imos a votar a favor, cremos que hai que potenciar e que hai que axudar as actuacións de interese para todo o Concello e sen dúbida esta construción dunha escola infantil é necesaria en Vigo e ademais que se faga na parroquia de Bembrive pois tamén nos parece unha iniciativa moi positiva para a cidade. Polo tanto, nós estamos como sempre a favor porque xa o dixemos moitas veces, de utilizar as bonificacións fiscais para axudar a colectivos ou para incentivar actividades económicas, por iso propuxemos moitas veces que se apliquen por parte do Concello de Vigo bonificacións fiscais, nos congratulamos que lla dean á Fundación Amancio Ortega para esta construción o que si tamén temos que dicir que nos gustaría que iso mesmo, esa mesma política de bonificar fiscalmente que vai ter a Fundación Amancio Ortega no imposto de construcións, pois que vostedes a apliquen para outros colectivos, por exemplo, as bonificacións nas taxas da auga para colectivos desfavorecidos que lles propuxemos moitas veces e que vostedes non aceptaron, bonificar o IBI da Universidade de Vigo, tamén é unha reivindicación histórica que vostedes tampouco aceptaron, bonificar, por exemplo o propuxemos o outro día, o que din os propios comerciantes e falábamos antes das obras da rúa Venezuela, bonificar tamén as taxas de lixo, por exemplo aos comerciantes por obras que duren un prazo exaxerado, en definitiva, aplicar bonificacións fiscais pois a todos aqueles, para fomentar todas aquelas actuacións que interese a tódolos vigueses/as ou para axudar a determinados colectivos, por iso creo que este é un bo exemplo, unha boa primeira parte, un bo primeiro paso nese camiño se isto significa que a partires de agora vaise a bonificar fiscalmente a todos aqueles que o necesiten, benvido sexa, dende logo nós insisto, que decidan vostedes declarar de interese municipal a obra da Fundación Amancio Ortega da escola infantil e lle dean o 95% de bonificación de imposto de construcións, ímolo apoiar, ímolo votar a favor e insisto, espero que este sexa o exemplo do que van a partires agora, facer tamén con outros colectivos que o necesitan e moito.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu creo que hai que ler ben os papeis, a verdade é que insisto nisto pero paréceme imprescindible, fíxese vostede que paradoxal, vostede

está cuestionando neste caso a intervención municipal para unha actuación que é declarada obra de especial interese utilidade municipal, cando vostede mesma vai a chegar a conclusión de que ademais esta declaración é absolutamente imprescindible non só pola sinatura dun convenio senón tamén pola súa utilidade, pola utilidade de que o Concello como vostede ben sabe cedeu un terreo á Fundación Amancio Ortega para a construción desta gardería, creo que sábeo ben porque ademais paréceme que o Partido Popular non estaba moi de acordo, presentou algunha alegación, entón como non estaban tan de acordo, entendo que polo tanto, téñeno claro que vostedes isto non o tiñan tan claro que se instalara onde se vai a instalar e que estiveran a favor da gardería, unha gardería que se vai facer para nenos de escola infantil de 0 a 3 anos que ademais vai ter 83 prazas, que ademais inviste aproximadamente 1 millón de euros e que polo tanto, é absolutamente favorable para a cidade, unha instalación onde ademais vaíse ceder completa ao Concello, non só coa instalación de mobiliario senón absolutamente completa, e unha vez construída que durante 12 meses van estar construíndo esta instalación se cederá ao Concello, polo tanto, é unha obra que no terreo municipal vai ser xestionada polo propio Concello de Vigo e no propio convenio creo que ademais por sentido común, se establece que esta obra vai ser de especial interese e utilidade municipal o que permitirá ter unha bonificación do 95%, por certo, como se acaba de declarar de utilidade municipal a instalación de AXPANAES porque tamén é unha obra absolutamente fundamental para facer tecido asociativo, social e de benestar social na nosa cidade. E polo tanto, deixemos de enredar con outras cuestións porque vostede parece que intenta aproveitar todo para intentar dicir que os cidadáns de Vigo pagan moitos impostos, cando vostedes sabe ben porque iso llo ensinaron na licenciatura que a súa aínda era licenciatura, que unha cousa é o que se paga de tipo e outra cousa o que se paga en global, tendo en conta que as bases son distintas e sábeo vostede tan ben que cando era conselleira fixo unha subida encuberta de impostos subindo os prezos de referencia para a liquidación dos impostos autonómicos sen subir os tipos, por certo, recorréronllo todos aqueles tiñan que facer unha liquidación e lle pedían á Xunta de Galicia que por ese prezo llo comprara e vostede daba a calada por resposta, polo tanto, como vostede sabe moi ben o que significa que Vigo teña os impostos efectivos máis baixos de Galicia está intentando enredar, pero Sra.

Muñoz, non enrede, esta cidade fai a política social máis importante de tódolos concellos de Galicia e así seguiremos traballando.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Declarar de interese municipal a obra de construción, pola Fundación Amancio Ortega, dunha escola infantil para nenos de 0 a 3 anos no camiño Areeiro, Bembrive, para a súa posterior cesión a este Concello de Vigo.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

6(191).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO S MANTER O SEU COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN NA CREACIÓN DO CENTRO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA E DE EMPRENDEMENTO NA FORMACIÓN PROFESIONAL EN VIGO. REXISTRO PLENO 1897/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de outubro de 2018, número 1897/1101, a voceira do grupo municipal do Partido popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A principios deste ano a Xunta de Galicia e o Consorcio da Zona Franca de Vigo acadaban un acordo polo que a nosa cidade contaría cun Centro de Innovación Tecnolóxica e de Emprendemento na Formación Profesional pioneiro en Galicia e en España que consistiría nunha rede de coordinación dos 16 centros existentes na súa área de influencia para axustarse ás necesidades das empresas industriais, e nun centro de innovación e emprendemento de nova edificación.

Entre os obxectivos deste campus de FP cabe destacar o desenvolvemento de proxectos de I+D+i, a identificación das necesidades laborais do sector industrial, o rexistro de patentes e, ademais, acollería un viveiro de empresas. Deste xeito, poderíase organizar unha estratexia de colaboración conxunta; coordinar actividades e programas para optimizar recursos; adaptarse ás necesidades do tecido empresarial; fortalecer a FP dual; e crear novos espazos de oportunidades para o alumnado vigués.

Segundo o acordo acadado, o Consorcio da Zona Franca de Vigo achegaría 5,5 millóns de euros, para a súa construción mentres que a Xunta de Galicia dedicaría 7,1 millóns de euros ao mantemento dos centros e o pago aos profesores.

Sorprendentemente, tras o cesamento de Teresa Pedrosa a mans do goberno socialista en Madrid, o novo Delegado do Estado na Zona Franca de Vigo David Regades descólgase deste importante proxecto con unhas declaracións públicas nas que rexeita a participación da Zona Franca, principal axencia de desenvolvemento económico local, por consideralo incompatible cos seus fins estatutarios que non son outros que o desenvolvemento e a dinamización económica e empresarial da cidade.

Esta negativa do Delegado do Estado na Zona Franca de Vigo resulta mais increíble cando esta iniciativa de desenvolvemento do campus de FP vai dirixida a mellorar a capacitación das empresas da área de Vigo e resulta claramente incompatible cos seus recentes anuncios de investir 5 millóns de euros nun novo despacho para o Delegado ou a restauración dun muiño en Nigrán.

En definitiva, o Consorcio da Zona Franca de Vigo estase a negar a participar nunha iniciativa importante e pioneira para o tecido empresarial da cidade que situaría a Vigo na vangarda da colaboración educativa e empresarial do país.

Como xa ten denunciado o Partido Popular de Vigo, a chegada a Zona Franca de Vigo do ex concelleiro socialista David Regades ten suposto a conversión deste organismo nun chiringuito ou sucursal política do Concello, dirixida politicamente por Abel Caballero, orientada unicamente aos seus intereses electorais e de confrontación co resto de administracións gobernadas polo Partido Popular.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes acordos:

- Instar ao Consorcio da Zona Franca de Vigo a manter o seu compromiso de participación na creación do Centro de Innovación Tecnolóxica e de

Emprendemento na Formación Profesional en Vigo.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Presentamos unha moción a este Pleno que para nós é extraordinariamente importante porque afecta directa a un centro que se ía construír na nosa cidade e que desgraciadamente neste momento está en cuestión. A principios deste ano 2018, a Xunta de Galicia e o Consorcio da Zona Franca alcanzaban un acordo histórico para o desenvolvemento en Vigo do Centro de Innovación Tecnolóxica e de Emprendemento de Formación Profesional, unha iniciativa pioneira ademais que contou case de forma inmediata co consenso e cunha acollida inmejorable de todo o noso tecido industrial e educativo, non só de Vigo, non só da área metropolitana senón de toda Galicia e que dende logo en moitos sitios se vía como unha oportunidade para Vigo porque a moitos sitios lles houbera gustado que ese centro se construíra na súa cidade, vemos que o Centro de Innovación Tecnolóxica non lle importa nada ao Alcalde de Vigo que xa se foi para non estar presente nunha moción do Partido Popular, e esa altanería, esa soberbia á que non ten acostumados o Alcalde que ignora o que ten que dicir a oposición pero nós o imos defender exactamente igual porque xa lle chegará a mensaxe ao Alcalde, Alcalde que está decidido a boicotear calquera proxecto que se faga na cidade e que estea impulsado pola Xunta de Galicia, como digo este era un centro absolutamente pioneiro, un centro de excelencia, pedido por todo o sector empresarial, por toda a comunidade educativa, un centro no que todos gañábamos, gañaban as empresas, gañaban os mozos que podían formase en altas capacidades nun centro de formación profesional e gañaban tamén tódolos vigueses/as para poder facer proxectos de I+D+I, para poder identificar necesidades do sector industrial, para poder crear viveiros de empresa, en definitiva, un proxecto, insisto que tiña o consenso de todos e todos pensaban que era o mellor para esta cidade, un proxecto no que ía achegar a Zona Franca 5,5 millóns de euros, a Xunta de Galicia 7,1 millóns de euros mailos terreos, en definitiva que xa estaba en pleno proceso de tramitación e que insisto, ía poñer a Vigo no mapa.

Lamentablemente houbo un cambio na Zona Franca, primeiro hai que lamentar

que houbo un cambio no goberno de España e como consecuencia diso un cambio na Zona Franca, e por este cambio na Zona Franca caíu en mans do Alcalde de Vigo a decisión da continuidade deste proxecto, e este proxecto que insisto era bo a ollos de todo o mundo, para unha persoa nesta cidade non era bo, para o Alcalde de Vigo, para o Sr. Abel Caballero e por que? Porque estaba a Xunta de Galicia impulsando ese proxecto e porque non se puxera el esa medalla e iso é algo que está demostrando día si e día tamén o Alcalde de Vigo que non pode soportar como non podía soportar no seu momento que Vigo tivera un gran hospital público pioneiro envexa de toda España e de toda Europa como non pode soportar que hai unha cidade da Xustiza construída pola Xunta de Galicia, como non pode soportar tampouco que teñamos unha gran depuradora, en definitiva, que non lle gusta que nada mellor si é a Xunta de Galicia a que o executa e por iso decidiu e lle dixo ao Sr. Regades que tiña que desmarcarse deste proxecto e teño que dicir que temos que lamentar profundamente o papel que está facendo o Sr. Regades ao fronte da Zona Franca porque xa sabíamos desde o mesmo momento do seu nomeamento que isto supoñía que a Zona Franca, unha institución que o ano pasado celebrábase 70 anos na nosa cidade apoiando ás empresas, ao tecido empresarial, axudándoas a facer os seus negocios, facilitando solo, dando facilidades, en definitiva unha institución da que tódolos vigueses nos sentíamos orgullosos agora está convertida nun mero chiringuito político ao servizo dun Alcalde que canto peor lle vaia a Vigo mellor para el, que canto menos proxectos se fagan e os impulse a Xunta de Galicia dende logo máis contento está porque calquera Alcalde, en calquera cidade de España estaría feliz de que se fixera un centro pioneiro na súa cidade, calquera alcalde menos un, o de sempre, o que está sempre en contra de calquera gran proxecto só porque o impulsa a Xunta de Galicia e porque ten o selo da Xunta de Galicia, sinceramente que pena, lles pedimos nesta moción que reflexionen e apoiemos este gran proxecto para tódolos vigueses.

SR. PÉREZ CORREA: A verdade é que nós sempre formulamos unha queixa de que por que se exclúe, incluso nos sentimos agraviados porque se exclúe o grupo da Marea de Vigo precisamente no Consorcio da Zona Franca, pero visto o petate que están a montar o Partido Popular e o Socialista con Zona Franca case decimos

aquelo de “Virgencita, virgencita que me queda como estoy” porque non é minimamente normal o espectáculo dantesco que está dando con Zona Franca, por parte primeiro, obviamente de non entender que a Zona Franca debería estar como motor económico, funcionar cunha serie de consensos cando menos claros e sobre todo polas curiosas interpretacións do que ten que ser os obxectivos estatutarios de Zona Franca que fai o novo delegado, porque dicir que crear un Centro Tecnolóxico para empresas, coa que logo discutiremos algunhas cuestións que se fan aquí, precisamente para ir creando un instrumento de coordinación da Formación Profesional non ten que ver coa misión estatutaria de Zona Franca pero achegar cartos para Balaídos, cando é unha institución municipal presupoñemos que pode ter retorno se hai un canón para o Concello de Vigo porque senón o retorno dende logo vai ir ao conxunto dos accionistas do club, creo que ten que haber consensos en que é importante para o tecido empresarial-industrial da cidade e tamén ten que darse polo menos, unha serie de solución de continuidade a algúns proxectos porque os cambios políticos poden ser moi rápidos, pode haber unhas eleccións, creo que o Partido Socialista non é quen de quitar adiante os orzamentos e pódese producir un adianto electoral e volverá haber outro presidente de Zona Franca e volverá a tirar abaixo proxectos ou non e sobre todo cando toda ou a práctica totalidade pero sobre os máis significativos proxectos que o novo delegado está anunciando non son proxectos que iniciara el, son proxectos que veñen herdados da xestión anterior, polo tanto, nós entendíamos que había consenso nesas cuestións e cando menos cando son parte dunha demanda colectiva pois por exemplo do tecido industrial ou do tecido empresarial ou incluso do conxunto das administracións. Nós temos dúbidas da utilidade destes centros, estivemos vendo como funcionan algúns, por certo, o de Aragón visitado esta semana polo Presidente do goberno, existe unha en Erretería que intentan coordinar ou polo menos facer unha Formación Profesional asentada no territorio, temos dúbidas, aquí o Partido Popular pon a Formación Profesional dual, o maior fracaso de modelo de FP que se inventou que é unha maneira de precarizar as condicións dos rapaces que saíndo da FP acaban nas empresas, ademais feito “ad hoc” para determinadas empresas e creo que foi amplamente discutido no Parlamento de Galicia como un gran fracaso ao modelo de FP dual que non ten nada que ver co modelo de FP alemán que o Partido Popular pretendía implantar

aquí, ese debate que se abra, abramos cales son as necesidades de Formación Profesional nesta cidade, non temos un ciclo ou os alumnos teñen que desprazarse bastantes quilómetros para facer ciclos relacionados por exemplo co transporte e a lóxística cando temos polígonos e moitas empresas do sector aquí, creo que temos incluso eivas importantes, pero as administracións que se comprometen a poñer cartos xa están á gresca na cuestión que si que temos claro que ten que ver co obxectivo estatutario de Zona Franca ou Zona Franca paga cousas que non teñen ningún tipo de retorno económico a esta cidade ou agora por exemplo, está adaptando un centro comercial para que entre un bingo, Zona Franca vai pintar de cor un centro comercial para meter un bingo, un casino, non teño moi claro cal é a parte dese instrumento de crear ludópatas que estamos consagrando nesta cidade, pero ese si que é o obxectivo de Zona Franca e non crear un Centro Tecnolóxico de Formación Profesional, eu creo que o delegado debería decatarse un pouco, independentemente que efectivamente é un cargo político non é un cargo cunha traxectoria profesional vinculada ao sector, o sector do tecido económico debería decatarse un pouco de que creo que está errando no tiro do que ten que ser Zona Franca. Nós estamos de acordo, se hai ese compromiso que os compromisos sempre e cando se poidan artellar a través dos orzamentos, teñan os informes técnicos preceptivos que vaian adiante, pero creo que van ter que solventalo vostedes entre as administracións porque xa digo este grupo municipal estamos excluídos de intentar meter un pouco de cordura nos órganos de Zona Franca sobre cuestións que creo que non son menores, segan pelexando, pensando que o futuro de Zona Franca é ser un instrumento de financiamento do Concello de Vigo, cousa que é completamente falsa, non existen, os estudos económicos son ademais de áreas e posiblemente Zona Franca pensar que os marcos de Zona Franca non se moven do termo municipal de Vigo será errar e darlle vantaxe competitiva a Portugal, gustaríame que visen o debate último da asemblea da República de Portugal, o movemento brillante que está facendo a esquerda portuguesa para facerse con todo o tecido industrial no sur conectando ademais por ferrocarril tódolos polígonos industriais.

SR. LÓPEZ FONT: Menos mal que caeu o goberno do Sr. Rajoy como consecuencia da corrupción e menos mal que o Sr. Regades é o delegado do Estado para a Zona

Franca, menos mal, porque miren esta moción demostra claramente a demagogia coa que vostedes asisten a estes Plenos pero tamén demostra algo importante e é a pretensión do Sr. Nuñez de converter Zona Franca de Vigo como o intentou, nun cortizo particular, nun deses que ten en toda Galicia porque o que é evidente é que co tema que traen vostedes aquí o que había e o que se pretendía era unha utilización das institucións para os proxectos partidarios, Zona Franca ten os seus cometidos e dino vostedes na moción, sorpréndeme moito, principal axencia de desenvolvemento económico local, dinamización económica e empresarial da cidade, estes son os obxectivos e isto é ao que se debe ater Zona Franca e estao a facer, eu creo que cando falan do Sr. Regades convén que repasen a hemeroteca e convén que vexan e repasen o seu discurso de toma de posesión, pero tamén convén que repasen o seu balance de 100 días para darse conta do moito que está facendo en moi pouco tempo; e eu aquí quero facerlle un recoñecemento á decisión que tomou de non participar neste proxecto porque é un bo exemplo en relación coas competencias que ten cada administración de posicionarse claramente que sobre o que non me compete non debo actuar, e ademais tivo valentía porque a sabendas de toda a demagogia que se lle viña enriba por parte de vostedes, tomou a decisión correcta, ademais unha decisión Sra. Muñoz que é absolutamente mentira, non hai ningún acordo sobre este centro, o único que houbo é un comité executivo de 30 de maio onde se facultou á delegada para continuar negociacións, vostede sabe que os acordos en Zona Franca deben ser de Pleno, polo tanto, como non hai un acordo plenario é absolutamente mentira e logo a Formación Profesional é un tema competencia exclusiva da Xunta de Galicia, inclusive a anterior delegada de Zona Franca o dicía neste informe e neste guión que teño aquí porque que nos quere dicir que habendo só unha Zona Franca en Galicia o resto das cidades e localidades de Galicia non van ter proxectos de Formación Profesional? E iso o que nos quere dicir? Pois creo que é bastante concluínte o que isto se trataba dun proxecto electoral ao marxe de contidos e o que é evidente é que con isto o único que pretendeu como sempre o Sr. Feijóo foi querer utilizar a caixa de Zona Franca de Vigo e querer utilizar os cartos xerados pola economía de Vigo e usar eses cartos noutras cidades e para outras competencias porque o que é evidente é unha cousa e arrancabamos co tema de POVISA esta mañá, o que deixa de gastarse aquí en Vigo e o que non fai o goberno

da Xunta de Galicia en Vigo acaba revertendo na Cidade da Cultura, no Parrote, e podería así continuar, xa os cidadáns en Vigo coñecen esa frase famosa de que o Sr. Feijóo invita e paga Vigo e a verdade é que cada vez ten máis razón de ser esa frase, a actuación que tivo o delegado de Zona Franca é a o correcta porque ademais se axusta á legalidade e se axusta á legalidade porque hai unha advertencia dos auditores do 2017, entre outras cuestións feitas por vostedes sobre a entrega dos terreos da ETEA na que dubida sobre a legalidade desta actuación, polo tanto, o que fixo o Sr. Regades brillantemente como dicía é actuar de forma valente, actuar de acordo coa legalidade e asumindo as súas competencias porque ese debate das competencias cando queiran o traemos aquí e da mesma forma que este goberno asume competencias en materia de política social que deberían ser da Xunta de Galicia pero o facemos en beneficio dos cidadáns, cada un ten que asumir as súas competencias, e o que animo ao Sr. Regades é a continuar na súa liña, polígono de Valladares, Ikea, so industrial, atender a determinados modelos de Zona Franca, de Barcelona e de forma concluínte deixarse de facer o que non lle corresponde e o que insisto e moi importante, están falseando nunca se decidiu.

PRESIDENCIA: Está en China Sr. Fidalgo seguramente traballando polo cidade, iso é importante igual que cando a outra delegada facía algunha viaxe traballando por Zona Franca non o escoitaba aquí, supoñemos que estará traballando.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que a súa intervención Sr. Font é unha mostra máis dese mundo ideal no que vostedes viven e que de verdade hai que facer un esforzo exaxerado para atopar algunha verdade no seu discurso porque claro vostedes viven no mundo ideal, nese que nos din que as luces do Nadal que van custar máis de 1,5 millóns de euros son gratis e temos que dar as gracias tódolos vigueses, nese mundo no que temos que pagar unha indemnización de 35 millóns de euros do Auditorio, ademais dos 30 millóns de euros que xa se puxeron de fondos públicos e tamén vai ser gratis, nesta cidade na que nos din que pagamos impostos baixos non o di o Partido Popular, non, dino os vigueses que están afogados polos impostos que vostedes lles fan pagar, nesa cidade ideal vostedes nos queren facer crer que ven o Sr. Regades e toma unha decisión, pois mire, non

cola, xa non lles cola porque está todo moi claro, porque está moi claro que a Zona Franca de Vigo está sendo utilizada por vostedes dunha forma absolutamente partidista, porque non teñen escrúpulos en utilizar unha institución emblemática de Vigo politicamente, comezaron a facer cando vetaron e bloquearon por primeira vez na historia da Zona Franca a pluralidade política porque non hai representación do resto de partidos da oposición na Zona Franca por primeira vez na súa historia e iso leva o selo do Partido Socialista de Vigo que quere só impoñer o discurso único e seguiu facéndoo cando desgraciadamente cambiou o goberno de España e o volvo dicir, desgraciadamente un goberno gracias ao seu pacto cos independentistas e cos que apoian o terrorismo, gracias a iso están vostedes no goberno, gracias a ese pacto vostedes están no goberno, eu sentiríame sinceramente avergoñada pero vostedes, do Partido Socialista, todo vale, igual que vale poñer ao fronte da Zona Franca e dicirnos agora que esta foi unha decisión do Sr. Regades, pero imos ver señores do goberno socialista non se cren nin vostedes que esta decisión foi do Sr. Regades, que foi colocado aí polo Alcalde de Vigo, unha persoa tamén por primeira vez na historia sen formación económica superior para facer simplemente o que lle manden, e o que está a facer o Sr. Regades é o que lle manda o Alcalde de Vigo e o Alcalde de Vigo lle dixo Sr. Regades hai que boicotear este proxecto da Zona Franca porque hai que boicotear este proxecto da Xunta de Galicia en Vigo. Como que non está relacionado cos obxectivos de Zona Franca? Pero se non é que llo digamos nós, é que se llo dixeron os propios empresarios que por suposto ten que ver co apoio ao sector empresarial, por suposto que ten que ver con fomentar a innovación empresarial, por suposto ten que ver con fomentar a cualificación no persoal que necesitan as empresas, que necesitan as nosas empresas e que están pedindo dende hai moito tempo, por suposto que ten que ver coa formación dos nosos mozos, con fixar poboación en Vigo, que non se teñan que ir a ningún outro sitio porque teñan aquí un centro de excelencia no que poder formarse, pero vostedes iso non lles importa, o único que lles importa é a súa loita estéril contra a Xunta de Galicia na que todos perdemos, porque claro rehabilitar un muíño para vostedes si que ten que ver cos fines da Zona Franca, mire as únicas decisións positivas que está tomando o Sr. Regades, por certo, que se quere poñer as medallas, son as que xa deixou preparadas a Sra. Pedrosa ao carón da Zona Franca, iso é o único que está a facer polos empresarios e polo sector empresarial

desta cidade, pero este campus ímolo perder, ímolo perder os vigueses, e os únicos responsables de que os vigueses o perdamos, serán vostedes, será o Alcalde de Vigo que será curiosamente despois o primeiro que saque unha bandeira dicindo que a culpa de que non se faga é doutros.

PRESIDENCIA: De todas formas, creo Sra. Muñoz que debería ter un pouco de coidado con algunhas expresións porque o que falou do terrorismo igual non é moi axeitado, eu creo que debería pensar un pouco esas expresións, está referíndose á democracia ao mesmo que lle digo que a democracia é a que pon e dita o número de representantes na Zona Franca, é a democracia, non se esquezan e dentro de seis meses a democracia volverá a falar. Voulle dicir Sr. Fidalgo, a vostede a cabeza no lle para, sabe por que non lle para? Porque a única preocupación é se irá de tres de catro, esa é a preocupación, esa é a realidade, pero voulle dicir algo, pero eu penso Sra. Muñoz que debería vostede reflexionar con certas expresións que usa e o do terrorismo é unha expresión un pouco fora de tono.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.10.2018 (Rex. Nº 1897/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

7(192).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA DOTAR A PARTIDA CORRESPONDENTE QUE PERMITA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE BOUZAS, ASÍ COMO O CESAMENTO DO CONSELLEIRO DE SANIDADE POR MENTIR AOS CIDADÁNS DE VIGO. REXISTRO PLENO 1899/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de outubro de 2018, número 1899/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“No ano 2.008 o Concello cede os terreos para a construción do Centro de Saúde de Bouzas. A Xunta de Galicia durante o goberno de Emilio Pérez Touriño, inicia os trámites necesarios para a construción deste Centro.

Co cambio de Presidencia na Xunta, o goberno de Núñez Feijoo paraliza o Centro de Saúde de Bouzas así como outros tres que estaban proxectados na cidade.

A Xunta pecha o Centro de Saúde de Casa Mar, Beiramar, onde eran atendidos a maior parte de pacientes de Bouzas que son obrigados a trasladarse ao Centro de Saúde de Rosalía de Castro. En setembro deste ano a Xunta presenta no Concello solicitude de licenza de construción, dez anos despois da cesión dos terreos por parte do Concello.

Pero presenta o proxecto incompleto e sen o aval de Patrimonio da propia Xunta de Galicia. Xa, naquel momento, temiámonos que o anuncio aos veciños formaba parte dun anuncio electoral.

Coa presentación dos Orzamentos de la Xunta de Galicia para 2.019, confírmase a mentira do Conselleiro cando en xullo deste ano presentou “un proxecto” aos veciños. Sen partida orzamentaria nesos Orzamentos, a mentira consúmase.

Por mor disto, o Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte,

ACORDO:

- Instar a Xunta de Galicia a dotar a partida correspondente, por un importe de 10 millóns de euros, que permita a construción do Centro de Saúde de Bouzas. O cesamento do Conselleiro de Sanidade por mentir aos cidadáns de Vigo sobre a construción do Centro de Saúde de Bouzas cando non existe partida orzamentaria

nunha clara mostra de desprezo á cidade de Vigo.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: O Partido Socialista no seus anos de goberno no goberno central, combateu o terrorismo, sufriu moitas vítimas dentro da súa militancia, pero cando fomos oposición co Sr. Zapatero e co Sr. Sánchez, fomos leais cos gobernos do Partido Popular, fomos absolutamente leais na política antiterrorista e é vergoña que aquí se utilice o que se acaba de dicir anteriormente, non me estraña Sra. Muñoz que votara vostede internamente ao Sr. Casado, non me estraña que apoie ao Sr. Aznar porque dende logo é unha digna representante do discurso da dereita máis rancia e do discurso máis dereitista que poida haber dentro do Partido Popular, pero lle aseguro que nós imos seguir combatendo como sempre o terrorismo e sendo leais.

Presentamos unha moción que novamente é en relación cun agravio á cidade de Vigo, a cidade de Vigo arrancábase esta mañá co tema sanitario e manifestaba que ao final tiñamos unhas instalacións certamente privadas entre POVISA pero tamén o modelo polo que optou o Partido Popular castigando a esta cidade dun hospital privado, pero non só lle castiga nesas instalacións senón que tamén en aparcadoiro e noutras derivadas, e sobre o centro de Bouzas por moitas risas que lle supoña á Sra. Muñoz, hai que lembrar que arranca no 2008 e no 2008 se produce unha cesión deste goberno á Xunta de Galicia para a construción dun centro de saúde e se inician os trámites dentro do goberno galego do Sr. Touriño e da Sra. Caride e sorprendentemente cando chega ao goberno do Sr. Feijóo se prodúcese a paralización do centro de Saúde de Bouzas pero tamén doutros tres desta cidade, transcorridos 10 anos, con que nos atopamos? Nos atopamos con que no medio de todo este tempo os veciños/as de Bouzas tiveron dificultades engadidas como foi o peche do Centro de Saúde de Beiramar o que obrigou aínda máis a un desprazamento cara Rosalía de Castro e chegamos efectivamente ao 2018, imaxínome que na Xunta de Galicia soarán as alarmas sobre o que vai pasar do resultado electoral nesta cidade e se poñen en marcha unha serie de actuacións e de maquillaxes e de operacións estritamente electorais de cara a querer enganar aos cidadás porque non ten outra palabra agás que o engano, pois

si, dez anos despois en plenos calores veraniegos aparece o conselleiro de Sanidade por Bouzas prometendo un centro de saúde, xa digo dez anos despois, unha promesa como todas a bombo e pratillo con desembarco do conselleiro, evidentemente acompañado polos cargos do Partido Popular porque esa é unha forma na que se poden dar a coñecer.

Ben, pasados os calores e xa sendo setembro un pouco menos caluroso, preséntase o proxecto neste Concello do que é o centro de saúde de Bouzas, primeiro, se presenta un proxecto incompleto e o que é peor, dado que aquilo é un Casco Histórico, se presenta un proxecto sen o aval de patrimonio da propia Xunta de Galicia, como dicía aquel xornalista radiofónico, “ollo ao dato” porque se presenta un proxecto a Xunta de Galicia sen o seu propio aval de patrimonio é unha auténtica presentación que non ten ningunha validez porque o que o presenta sabe perfectamente que o único que vai poder facer o Concello, a Xerencia de Urbanismo é remitirillo á Xunta de Galicia para que o avale patrimonio, polo tanto, presentar isto e presentar nada é practicamente o mesmo porque dende esta administración tivemos que actuar como correspondía, polo tanto, isto non é absolutamente nada e o dixemos o día no que estivo o conselleiro aquí, isto é mentira, isto é un acto electoral, isto non ten partida orzamentaria e polo tanto, é un engano masivo directo aos veciños/as de Bouzas, un máis pero por extensión a tódolos cidadáns/ás de Vigo e a mentira confirmouse coa presentación dos orzamentos da Xunta de Galicia, ningunha partida para este centro de Bouzas co cal todo o que se lle dixo, todo o que se lles transmitiu aos veciños era absolutamente mentira.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Esperamos dende este grupo con impaciencia que se deixen de usar como armas arroxadizas tempos que afortunadamente xa van quedando atrás.

Respecto á moción, o esperpento do centro de saúde de Bouzas, corre paralela á historia do esperpento da política sanitaria do goberno do Sr. Feijóo, en xullo deste ano publicábase un estudo da Organización Médica Colexial en colaboración coa Confederación Estatal de Sindicatos Médicos, sobre demografía médica, o informe cifra en 12.125 o total de médicos activos en Galicia, o que sitúa a comunidade como a terceira con menos colexiados por habitante, con 448 médicos por cada

10.000 habitantes, Galicia fica moi lonxe por debaixo da medio do Estado, que é 476 e moito máis afastado dos datos de Navarra con 611, Cantabria con 594, Madrid con 557, ou País Vasco con 552, tamén ten o seu aquel que conselleiro de Sanidade fale das dificultades de ter un pediatra para este centro, pola dificultade para conseguir profesionais, cando os recortes de persoal efectuados polo seu goberno coa escusa da crise, así como a falla de recursos que levan unha fuxida de profesionais son responsabilidade directa de el mesmo e dos seus predecesores no cargo, o 35% dos/as menores de 15 anos residentes na nosa cidade este verán víronse afectadas por estes recortes tendo que ser atendidas noutros centros de saúde diferentes ao seu, ou vendo como o seu horario de atención era reducido. As veciñas/os de Bouzas levan esperando efectivamente por esta infraestrutura sanitaria dende o 2008 e xa está ben de promesas incumpridas, a falla de concreción nos orzamentos do 2019 ven sendo o enésimo episodio da falla de compromiso por parte do goberno da Xunta de Galicia coa sanidade, coas persoas e coa súa palabra.

Os feitos son os que son, e é perfectamente normal que xa non teñamos ningunha confianza no conselleiro o Sr. Almuiña e no seu goberno, que certamente onte comparecía no Parlaentiño para ofrecer datos sobre estes investimentos pero as palabras quédanse moitas veces aí, en palabras, segundo palabras do propio conselleiro da Xunta de Galicia, prevé presentar oficialmente o proxecto do Centro de Saúde nun acto a celebrar en agosto no liceo de Bouzas, e nós preguntábase por que en agosto do ano que ven? Por que nesa data concretamente? Terá algo que ver con darlle un patadón para adiante á situación e deixar a cousa en suspenso ata que polo menos despois das eleccións locais? Iso é o que parece.

No acordo desta moción pídense 10 millóns de euros do orzamento, nos non imos a entrar a debater a cantidade máis dende logo o que é imprescindible é que a partida conste especificamente nos orzamentos e a estas alturas xa sabemos que os orzamentos son máis unha declaración de intencións que unha realidade sólida, aínda así, a excusa dunha partida xenérica non ten sentido ningún, máis aínda cando se está en tempo de cambialo sempre e cando o goberno da Xunta de Galicia teña vontade, claro.

O que pasa é que cando se pide concreción xa non se pode dicir que dese saco vai saír de todo, a saber cantos gastos sanitarios poden saír desa partida xenérica,

refírome claro a gastos prometidos e non cumpridos porque a se a Xunta de Galicia comeza a concretar igual xa non son tantos, igual é a mesma partida coa que se vai pagar por exemplo, o centro de saúde de Cangas, que debería estar en funcionamento no ano 2012, ao non ter concreción de ningún tipo de aí pode saír non un, senón un cento de investimentos.

Pídense tamén neste acordo a dimisión do concelleiro de sanidade, a reforma sanitaria aprobada en solitario polo Partido Popular que facilitará o beneficio privado das investigacións que se fagan na sanidade pública, a desaparición das áreas sanitarias que debilitan a cobertura do ente, nomeamentos a dedo e sobornos para os cargos do SERGAS en Santiago de Compostela, convenios sanitarios cunha multinacional americana públicos pero dos que só se divulga unha parte, sentencias xudiciais que desmontan o sistema de gardas do SERGAS no rural ante a imposibilidade de desprazamentos dos profesionais, a morte dun paciente nun punto de dotación continuada da Estrada sen atención médica porque a única doutora asignada ao centro nesa quenda tivo que saír para atender a outra urxencia, ocultamente da oposición parlamentaria de datos concretos sobre substitución de persoal por vacacións durante a vaga de calor que se viviu en agosto no interior do hospital provincial de Pontevedra superáronse os 30 grados de temperatura, fiscalía investigando vulneración de dereitos a pacientes do psiquiátrico de Conxo, a provincia de Lugo liderando a mortalidade por infartos en Galicia mentres a unidade que os trata abre en horario de oficina, traballadoras sociais alertando que a nova estrutura do SERGAS, arisca a atención a persoas maiores e vulnerables, conflitos laborais sen fin no Álvaro Cunqueiro, número de camas hospitalarias no SERGAS caendo ao seu mínimo en 20 anos, operacións suspendidas no hospital Álvaro Cunqueiro por fallo na esterilización, a Fiscalía denunciando á Xunta de Galicia pola morte dunha muller no corredor de urxencias do CHUS, o Partido Popular culpando a saturación hospitalaria, a lentitude das altas e o mal uso das urxencias polos doentes, interinos advertindo de que 1 de cada 3 médicos de primaria traballa en precario sen praza, a infame xestión do conflito de POVISA, todo isto no ano 2018, motivos hai de sobra para pedir esta dimisión.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Font, hai que ver que desesperados están, para tapar a súa absoluta falla de xestión e de proxecto nestes últimos anos o único que fan é

mentir, mentir, calumniar, manipular e minto que algo queda, esa é a súa forma de facer política a mentira, a calumnia e a manipulación, é a forma de facer política do PSOE en Vigo e do PSOE en Madrid tamén.

Sabe cal é o problema Sr. Font? Que vostedes estiveron 4 anos na Xunta de Galicia e o Sr. Rodríguez Escudero, que hoxe non está, que era o secretario xeral da Consellería e non fixeron o hospital de Vigo e non fixeron o centro de saúde de Bouzas, a pesares de ter cartos, porque eran anos de bonanza, e a pesares de ter o terreo porque xa tiñan o terreo, xa o anunciaron a bombo e pratillo, dicían tamén que ían poñer un 1,5 de euros para o centro de saúde de Bouzas e agora se descolgan que valen 10, que máis da, se vostedes din que os cartos públicos non é de ninguén que todo é gratis, o cartos públicos dicía unha ministra do PSOE que non era de ninguén, pois non non é de ninguén, é de todos, pero vostedes están total e absolutamente desesperados e ademais total e absolutamente desacreditados en Vigo para falar de sanidade, total e absolutamente desacreditados porque mirenen que mentiron e manipularon sobre o Álvaro Cunqueiro e ao final temos o mellor hospital público de España e estamos orgullosos da sanidade que temos en Vigo a pesares de tódolos obstáculos que intentaron poñer para que non se fixera o hospital Álvaro Cunqueiro e agora outra vez igual, están intentando manipular e mentir e facer todo o posible para que non teñamos centro de saúde na Villa de Bouzas, pois imos ter saúde na Villa de Bouzas, mal que lles pese, vai haber centro de saúde na Villa de Bouzas e vaino facer o Sr. Feijóo, vaino facer o Partido Popular, que é o único que fai algo pola sanidade en Vigo; 758 millóns de euros adica a Xunta de Galicia para a sanidade de Vigo cada ano, por iso vostedes deberían pedir perdón.

Di que non hai partida, aquí lla ensino, está na páxina 39 e na páxina 158 dos orzamentos da consellería de Sanidade, se quere lla descargo eu de internet ou lla paso, esta é a partida orzamentaria, Sr. Font, e di que non hai proxecto, mire o proxecto, 720 metros cadrados, son dúas plantas, no andar baixo son 390 metros cadrados e no andar de arriba 320 metros cadrados, hai cartos, teñen o proxecto e vostedes dende o día 5 teñen no Concello o proxecto, eu asistín hai menos dun mes a unha Xerencia de Urbanismo no que se lle daba para adiante a un proxecto urbanístico suxeito ao informe favorable de Patrimonio, non me poderá dicir Sra. Caride que estou a mentir, entón, aquí o que se intenta dende o Partido Socialista

de Vigo é como sempre, obstaculizar e intentar impedir que a Xunta de Galicia invista en Vigo, pero vai investir en Vigo e haberá centro de saúde en Bouzas, isto é unha realidade que nin sequera o Alcalde vai poder paralizar, como non puido paralizar o hospital Álvaro Cunqueiro, a pesares de que o intentou, como tampouco puido paralizar que ao final conseguimos un pediatra para Coruxo, que vostedes o que querían era que non houbera pediatra en Coruxo, estábanse a frotar as mans, como vostedes dixeron que non ía haber Cidade da Xustiza e hai Cidade da Xustiza, como dixeron que o Presidente o Sr. Feijóo fora a México de mariachi e aí está facendo as fotos cando Barreras bota un barco, aí están vostedes as fotos e lle chamaron mariachi, por iso deberían facer algo que para o que os cidadáns lle pagan, para xestionar e para gobernar, non para obstaculizar.

SR. LÓPEZ FONT: Se lle preguntamos aos vigueses quen están desesperados, nos contestan que o Partido Popular de Vigo, son vostedes os que están desesperados, pero mire tamén están desesperados os veciños/as de Bouzas porque levan 10 anos esperando por este centro de saúde, os catro anos de goberno do Sr. Touriño son os mellores en canto a sanidade de toda a autonomía, pois si, por unha sinxela razón porque o centro de saúde de Bouzas estaba previsto e foi o que o impulsou e porque no proxecto efectivamente ten moito que ver o Sr. Rodríguez Escudero, sae dun proxecto de hospital público que vostedes, vostedes non, a Sra. Muñoz cargouse en poucos minutos, polo tanto, hai unha serie de falsidades, como que o terreo xa estaba transferido á Xunta de Galicia o cal é absolutamente falso e mire, somos os acreditados para falar de sanidade en Vigo, precisamente polo que se fixeron neses catro anos no goberno do Sr. Touriño, polo que fixemos dende este goberno municipal e sobre todo porque os desacreditados son vostedes e son os desacreditados porque trouxeron un hospital privado a esta cidade que se demostra cada ano cando chegan os presupostos da Xunta de Galicia e figura a partida correspondente para entregarlle á concesionaria. Polo tanto, cando vostede fai un prognóstico e di que haberá centro de saúde en Bouzas, vostede como futurólogo é cero acertos, vostede todo o que prognosticou saíu xusto ao contrario, polo tanto como vai figurar en acta recordaremos o que dixo hoxe e lembraremos que seguro que non se conseguirá o centro de Bouzas porque vostedes non teñen vontade política. Fálame de partida xenérica, pero vostede se cree que os vigueses

se poden fiar dunha partida xenérica onde non figura Vigo, se a Vigo nunca lle toucou unha partida xenérica, nunca lle toucou unha partida xenérica. Polo tanto, mire, e tamén voulle dicir cando vaia á Xerencia de Urbanismo, atenda de verdade ao que se di porque cando se fala dun proxecto que se autoriza despois de hai un ano non ten nada que ver con este proxecto.

Polo tanto, mire, pedimos unha partida concreta que non figura niso que vostede me ensina e pedimos a dimisión do conselleiro porque enganou gravemente aos vigueses como o está facendo vostedes e de verdade se quere ser como a xuíza de Lugo como futuróloga, nin o intente porque non ten futuro.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.10.2018 (Rex. Nº 1899/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(193).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DEIXAR O BOICOT A VIGO APOIANDO O PROXECTO DE UBICACIÓN E CONSTRUCCIÓN DA BIBLIOTECA PÚBLICA DO ESTADO NOS

TERREOS MUNICIPAIS ANTERIORMENTE PREVISTOS PARA A AMPLIACIÓN DOS XULGADOS. REXISTRO PLENO 1900/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de outubro de 2018, número 1900/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estevez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Vigo, a cidade mais importante e co maior dinamismo sociocultural e económico de Galicia é a única cidade galega de mais de 75.000 habitantes que carece de Biblioteca Pública do Estado.

O acordo acadado entre o Ministro de Cultura e o alcalde de Vigo para construír a Biblioteca do estado nos terreos municipais situados a carón da rúa Lalín e vinculados con anterioridade a cidade da xustiza, foi unha magnífica noticia para a cidade e viña a resolver o agravio comparativo que Vigo leva moito anos sufrindo.

Sen embargo, a pesar do acordo entre o Ministerio de Cultura e o Alcalde de Vigo, a pesar de que o Concello iniciou os trámites para poder implantar esta dotación na ubicación elixida, e a pesar da necesidade de materializar cando antes esta dotación pública na cidade, o Presidente da Xunta de Galicia ven de reunirse co Ministro de Cultura para boicotear este proxecto.

Mentres o Concello de Vigo traballa para lograr a pronta construción da Biblioteca do estado na cidade o Presidente de Galicia pretende dinamitar a iniciativa municipal.

O goberno local quere que Vigo conte canto antes cunha Biblioteca do Estado magnificamente situada nun edificio singular deseñado e construído para facer de este espazo un referente da cultura e da convivencia da cidade. Unha instalación situada a carón dun espazo dotacional que nuns cinco anos deixará o uso xudicial e para os que o Concello propón que sexan a nova ubicación do colexio Altamar e diferentes espazos culturais e dotacionais.

A Xunta do Presidente Feijoo quere unha Biblioteca do estado en Vigo de segunda. Quere ubicar a biblioteca nun dos edificios existentes, cando en todas as cidades galegas as Bibliotecas do estado pensáronse, deseñáronse e executáronse para unha biblioteca, non un xulgado.

O Presidente Feijoo pretende que Vigo espere 5 anos a que os edificios dos xulgados actuais se baleiren e a partir de este momento comezar unha reforma das actuais instalacións para tentar facer unha biblioteca. O alcalde de Vigo non quere esperar mais, quere iniciar un proxecto novo e específico para construír a biblioteca o mesmo tempo que, cando os actuais xulgados se trasladen, quere que os vigueses e viguesas dispoñan neles de dous edificios dotacionais para a

educación e a cultura de Vigo.

Por mor disto ao Pleno Municipal do Concello de Vigo propoñemos o seguinte:

ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia a deixar o boicot a Vigo apoiando o proxecto de ubicación e construción da Biblioteca Pública do estado nos terreos municipais anteriormente previstos para a ampliación dos xulgados. A tal fin, a Xunta de Galicia trasladará o Ministerio de Cultura o seu apoio total a proposta do Concello de Vigo para a ubicación da Biblioteca do estado en Vigo. Adicionalmente, a Xunta de Galicia cederá o Concello de Vigo, para espazo dotacional público, as actuais instalacións dos xulgados cando estes se trasladen totalmente a súa nova ubicación, o que non parece que ocorra.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Traemos unha moción a este Pleno que eu sinceramente espero que teña o respaldo de tódolos grupos, e espero que teña o respaldo de tódolos grupos porque é algo tremendamente positivo para Vigo, como vostedes saben Vigo non ten biblioteca do Estado e ademais esta biblioteca do Estado digamos que supón para a nosa cidade non telo, un agravio comparativo e a día de hoxe existen 53 bibliotecas do Estado en tódalas capitais de provincia pero tamén en moitas cidades por exemplo, Xixón ou Mérida ou Orihuela ou Mahón ou Santiago de Compostela sen ser capitais de provincia teñen tamén unha biblioteca do Estado, curioso é que Galicia tendo 5 bibliotecas do Estado non ten ningunha nesta cidade a pesares de que é a cidade con maior poboación de Galicia, con maior actividade económica, social e cultural de toda Galicia, polo tanto, é unha eiva que hai que solventar.

Dito isto e que polo tanto, necesitamos, reivindicamos dende hai tempo a instalación da Biblioteca do Estado, aparece recentemente unha gran oportunidade porque como ben saben vostedes o Concello de Vigo expropiou uns terreos a carón da Cidade da Xustiza, dos edificios actuais dos xulgados para facer a Cidade da Xustiza e esta cidade, este Concello cando unha idea se propón e é boa, se suma a esa iniciativa, a Xunta de Galicia tomou a decisión de ubicar a Cidade da Xustiza no antigo edificio do Hospital Xeral e o Concello de Vigo apoiou

esa iniciativa pero é verdade que aparece un novo espazo público por crear, por xerar actividade, ademais unha actividade que veñen reclamando os veciños de toda a zona para que non queden sen actividade unha zona fundamental da cidade e aparece unha posibilidade de utilizar eses terreos para ubicar esa grande instalación, dotación que Vigo que non ten e polo tanto é un agravio comparativo ubicando neses terreos expropiados inicialmente para ubicar a ampliación da Cidade da Xustiza, ubicando neses terreos a Biblioteca do Estado.

O Alcalde de Vigo reuniuse co Ministro de Cultura, o Ministro de Cultura veu favorablemente ese proxecto, é máis, comprometeu ese proxecto por parte do Ministerio de Cultura, un investimento que vai facer integramente o Ministerio de Cultura nos terreos municipais, adicionalmente o Alcalde propuxo que nesa mesma ubicación e para dar contido a edificios que van quedar sen uso dentro de 5 anos, cando se trasladen definitivamente os Xulgados, apoiou a iniciativa de trasladar o colexio Altamar e xerar noutro edificio da Xunta de Galicia instalacións e dotacións para actividades culturais, sociais, educativas, é dicir, máis dotacional público para Vigo, pois ben, fronte a esta actuación amosamos a nosa sorpresa vendo o comportamento do Presidente da Xunta de Galicia, porque eu creo que isto é o nunca visto, o Presidente da Xunta de Galicia resulta que fai unha viaxe para visitar ao Ministro de Cultura e lonxe de apoiar a iniciativa da cidade lle pide ao Ministro de Cultura, que a Biblioteca do Estado se ubique nun edificio onde hoxe están os xulgados, claro, isto é outro agravio a Vigo, todo esas bibliotecas do Estado que existen en Galicia se ubicaron en edificios especificamente construídos para tal fin, é dicir, deseñados dende o primeiro momento para ser unha biblioteca e sen embargo en Vigo propón un parche, pero ademais non só propón un parche senón que propón que ese parche non chegue ata dentro de 5 anos onde se iniciarían as obras, logo do traslado das actuais instalacións do xulgado, nós cremos que isto non pode esperar, e polo tanto, como non pode esperar necesitamos que a Biblioteca do Estado inicie a súa andaina o ano que ven, nos terreos apropiados para súa instalación, cunha instalación especificamente deseñada para a biblioteca, é dicir, de calidade e non unha chapuza e é increíble o boicot do Presidente da Xunta de Galicia a esta cidade porque o Presidente da Xunta de Galicia non vai a poñer un euro, négase a que administración estatal invista na cidade nun terreo do que podemos dispoñer xa porque é municipal, que

ademais xerará unha zona dotacional pública de calidade na cidade, dará vida a esa parte da cidade logo de que se produzan os abandonos dos xulgados e polo tanto é unha actuación integral para mellorar todo ese espazo e o Presidente da Xunta de Galicia en vez de sumarse a esa iniciativa, fai un boicot, polo tanto, presentamos esta iniciativa para aprobación ao Pleno: “instar á Xunta de Galicia a deixar o boicot a Vigo, apoiando o proxecto de ubicación e construción da Biblioteca Pública do Estado nos terreos municipais anteriormente previstos para a ampliación dos Xulgados, a tal fin a Xunta de Galicia trasladará ao Ministerio de Cultura o seu apoio total á proposta do Concello de Vigo para a ubicación da Biblioteca e adicionalmente a Xunta de Galicia cederá ao Concello de Vigo para espazo dotacional público as actuais instalacións dos xulgados”.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: É evidente que os tres grupos que estamos hoxe aquí representados como mínimo imos a expresar que queremos ter a biblioteca do Estado canto antes, dende o 2007 que levamos con este tema na cidade dándolle voltas e máis voltas, diferentes ubicacións, proxectos e non é nin moito menos un caso único de Vigo as dificultades para abrir unha Biblioteca do Estado e seguindo o fío argumental da súa moción chámanos a atención na parte na que si dí que ningunha biblioteca galega se proxectou para un xulgado, chámanos a atención pola historia da Biblioteca Pública do Estado Ánxel Casares en Santiago de Compostela, e hai tantas similitudes nos dous casos que deberíamos prestarlle atención e procurar aprender dos erros, cando no ano 89 se fan as transferencias de Cultura, fíxose necesaria a coordinación do Estado, o titular; Xunta de Galicia o seu xestor e concellos, no ano 1990 propúxose como sede da biblioteca do Estado en Santiago o Pazo de Amarante que nese momento era a sede dos Xulgados de Santiago de Compostela, chegouse incluso a facer o proxecto a cargo do arquitecto o Sr. Rafael Moneo, os diversos problemas na coordinación entre administracións fai que isto quede desbotado, e no ano 95 asínase o convenio entre o Ministerio de Cultura e a Xunta de Galicia para a construción dun novo edificio, gobernaba o Partido Socialista no Estado e o Partido Popular na Xunta de Galicia, doce anos tiveron que pasar para ceder os terreos, cousa que aquí ben é certo que non tiña que ser así. Unha obra que durou dende o 2001, ano do concurso de ideas, ata o 2008 data do fin da obra, sete anos de proceso, unha vez as tres administracións

puxéronse de acordo.

Din vostedes que queren a biblioteca canto antes, e nós tamén, polo tanto non vai quedar outra que dialogar entre as tres administracións e decidir cal é o proxecto máis adecuado e máis rápido e non hai maneira mellor de comezar un diálogo que unha moción denominada, moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a deixar o boicot a Vigo.

Celebramos en todo caso o excepcional resultado da xuntanza entre o Alcalde de Vigo e o Ministro de Cultura, a boa disposición do Ministro actual de Cultura e moi diferente á resposta do goberno anterior, en marzo de 2017, en resposta a pregunta feita pola deputada a Sra. Alexadre Fernández, do grupo confederado de Marea respecto da biblioteca do Estado en Vigo o goberno respostaba con dous apartados, o primeiro expresaba que para tomar a decisión de crear e construír ou rehabilitar un edificio como biblioteca pública é necesario contar cun solar ou edificio adecuado, cousa que non sucede neste caso posto que o Concello que é o petionario non ofreceu en firme ningún edificio de titularidade pública oficialmente, e no segundo apartado indicaba tamén que a situación económica obriga a reconsiderar a ampliación da rede de bibliotecas; entendemos que o primeiro apartado pode estar resolto, ben sexa cun edificio novo ou cunha rehabilitación, entendemos que o segundo xa non é obstáculo e o Ministerio de Cultura terá que dialogar tamén coa Xunta de Galicia como futura xestora e polo tanto, dar os pasos para que se cumpra o expresado polo Ministro de Cultura actual, se hai celeridade incluso podería estar reflectido nos próximos orzamentos do Estado e quen sabe, se hai diálogo entre as tres administracións podería ser que a biblioteca do Estado estivera non antigos xulgados cun proxecto magnificamente situado, cun proxecto de rehabilitación singular e os terreos municipais utilizarse para a construción dunha nova ubicación para o colexio Altamar ao que podería sumarse unha magnífica edificación para usos culturais e dotacións. Este grupo municipal apoiará sempre un proxecto serio para a Biblioteca do Estado, cuestión que non poderá facerse sen a coordinación e o diálogo entre diferentes administracións, e esta moción non pide diálogo.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade que en primeiro lugar teño que dicir que o Presidente da Xunta de Galicia foi reunirse co Ministro de Cultura para lograr unha

partida para o orzamento e para celebración do Xacobeo 2021, saben vostedes que é unha oportunidade para toda Galicia, tamén para Vigo e saberán vostedes que ademais cada vez son máis os peregrinos que pasan por Vigo facendo o camiño portugués que andan perdidos pola cidade polo tanto, poderían vostedes tamén colaborar porque é sensatez do Ministro colaborar e non queremos que Vigo quede excluído nin das partidas orzamentarias nin do propio camiño, polo tanto tamén presten un pouco de atención porque a vostedes todo o que sexa colaborar, todo o que sexa dialogar xéralles moitos problemas, non sabemos porque teñen ese sarpullido á colaboración institucional, ese sarpullido ao que é a cooperación, entón polo tanto, polo ben de todos, pedimos que isto sexa un tema que se dialogue, que se acorde, porque vostedes falan de que hai dez anos que está o goberno da Xunta de Galicia, pero nós tamén falamos de que hai 11 anos que está este Alcalde aquí, e o tema da Biblioteca Nacional sabemos todos moi ben como foi, temos un histórico e temos debatido neste Pleno municipal, estivo presupostado ademais por certo, nos orzamentos dos gobernos do Partido Popular durante moitos anos sen atopar unha ubicación e cando as cidades medran, evolucionan e quedan edificios baleiros e ademais edificios que teñen representatividade para esta cidade e que ademais xeraron vida nos barrios pois hai que darlles uso e o que pasa coa Cidade da Xustiza, a brillante idea de meter a Xustiza no pirulí para que ese barrio sexa outra vez dinámico e non cargarnos o patrimonio, nós propuxémonos tamén nalgún Pleno que o antigo colexio de Cluny, aquel edificio patrimonial de Vigo que tanta significatividade tiña para esta cidade puidera esta Biblioteca Nacional pero vostedes nada, cárganse o patrimonio, non lles interesa absolutamente nada e dubidamos moito que lles interese ter unha Biblioteca Nacional en Vigo, dubidamos moito pola súa actitude que lles interese ter unha Biblioteca Nacional porque vostedes son cómplices e culpables de que non teñamos aínda biblioteca porque insisto que estivo presupostada por gobernos do Partido Popular durante moito tempo.

Nós propuxemos varios lugares e ademais cando hai unha solución, porque aquí hai un histórico e vostedes non teñen contraposición e non teñen sentido o que din e o que fan, nunca, vou dicir agora ademais as macromaquetas que fan, os proxectos dos que falan que despois nunca se materializan, acaba de dicir o Sr. Fidalgo ademais cousas que son realidade, tódalas mentiras que vostedes dixeron

do Hospital Álvaro Cunqueiro e é unha realidade, e agora el está expresando e dirá as veces que sexa porque será o Centro de Saúde de Bouzas unha realidade e polo tanto, vostedes non coinciden os dito e os feitos que imos velo, queren facer asistencia técnica para o desenvolvemento urbanístico da Biblioteca do Estado, aprobamos na Xerencia de Urbanismo, iso é o dito pero feito é que destinan 10.000 euros que saben que non chegan nin para comezar, un dito é que sentencian e dan por elixida unha opción pero un feito é o que o Ministerio propón outras opcións, o propio Ministro, eu teño tempo para dicir e poñerlles aquí mesmo o que dixó exactamente o Ministro de Cultura “por exemplo a Biblioteca de Vigo está pendente de tomar unha decisión, dúas opcións unha que propón a Xunta de Galicia de rehabilitar o edificio dos xulgados ou facer unha nova planta que é a alternativa do Concello de Vigo e por parte do Ministerio o que imos facer é enviar algún técnico”, vanse enviar técnicos para decidir cal é a ubicación fundamental e necesaria, por que non din a verdade? Porque queren impoñer sempre o seu criterio e crer que teñen razón con todo o que din, aínda por enriba mentindo, por que dan por feita unha cousa que non está feita, o Ministro quere unha Biblioteca Nacional en Vigo, moi ben, vai enviar técnicos para propoñer cal vai ser o sitio ideal, polo tanto, non está nos orzamentos tampouco, é que son mentiras vostedes traballan sós, traballan para vostedes mesmos e teñen sarpullidos cando teñen lidar con outras administracións, van darlle un carpetazo absoluto a un campus de Formación Profesional fundamental e van levalo fora porque vostedes danlle carpetazo porque a Xunta de Galicia inviste 7 millóns de euros nese campus pero coa axuda doutra administración socialista que non lle vai axudar.

Mire, voulle dicir porque non imos apoiar isto, vou ler o acordo que non é un acordo, unha moción é acordo pero isto é unha auténtica imposición: “a Xunta de Galicia trasladará ao Ministerio de Cultura o seu apoio total”, vostedes xa impoñen un acordo no acordo e despois “cando este se trasladen totalmente a súa nova ubicación o que non parece que pase”, un criterio e unha formulación de valor nun apoio dunha moción, mire Sra. Caride, sabemos ler e sabemos ler moi ben, e sabemos moi ben o que votamos e votamos ademais con moita sensatez e vostedes queren impoñernos aquí unha manifestación do Alcalde que nin tan sequera está e concorda co que di o Ministro de Cultura que é do seu mesmo partido.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Creo que hai unha confusión non sei, ultimamente segura que escoitan tantas escoitas que xa non saben onde están.

Mire, o Ministro o que dixo claramente é que hai dúas propostas, claro que si, porque desgraciadamente o Presidente da Xunta de Galicia foi cunha proposta distinta do Concello de Vigo, é dicir, o Concello de Vigo que ten os terreos a súa disposición, que os terreos están baleiros, non está propoñendo que, coidado, que hai un edificio que non foi pensado para unha biblioteca, que é un edificio que ten os seus problemas, dende logo non foi pensado para unha biblioteca nin unhas necesidades de iluminación etc. que precisa unha biblioteca, ala cando se baleire, é dicir, dentro de 5 anos, a ver si comezan a redactar un proxecto para que a Biblioteca en 8 anos estea en Vigo. Pois eu creo que a proposta é ben clara, a proposta é, temos un terreos municipais baleiros a carón dunhas instalacións que poden converterse nun referente socio-cultural para a nosa cidade, o investimento vai a ser do Ministerio de Cultura, non da Xunta de Galicia, e polo tanto o que queremos é que o ano que ven non dentro de 5 anos, o ano que ven, se presente o proxecto e se inicien as obras desa biblioteca, e os técnicos do Ministerio van vir a Vigo para ver a ubicación porque é un procedemento habitual en tódalas instalacións que fai o Ministerio para unha biblioteca do Estado e o que o Sr. Feijóo quere é condenar a Vigo ata que dentro de 5 anos non comecen as obras para a nova Biblioteca. Eu sinceramente non sei que lle fixo esta cidade porque o mesmo día estaban anunciando un novo edificio para a Cidade da Cultura, investindo a Xunta de Galicia 17,5 millóns de euros para facer o que en Vigo dende logo non fai, investir, entón para a Cidade da Cultura non só que achegue 17,5 millóns de euros a Xunta de Galicia senón que a Vigo lle nega a posibilidade de que o Ministerio de Cultura invista na cidade para unha instalación específica para a Biblioteca, como por certo, teñen tódalas cidades, unha instalación específica para a Biblioteca, deseñada para ela e non só ás cidades, bibliotecas do Estado senón que tamén as bibliotecas das universidades especificamente deseñadas para tal fin porque teñen uns requirimentos específicos como parece que vostedes pretenden eludir. Polo tanto, que deixe o boicot a Vigo é unha realidade, non é o único caso obviamente temos máis de boicotear esta cidade, pero o que lle pedimos é igual que o Concello de Vigo se sumou á idea de elevar a Cidade da Xustiza ao antigo edificio

do Hospital Xeral porque é unha boa idea para Vigo, se sume a esta proposta que é unha boa idea para a cidade, e nos traslade os edificios que queden baleiros cando o seu uso se traslade, llos deixe á cidade para decidir o que queremos instalar aí.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).

VOTACIÓN: Con trece votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 26.10.2018 (Rex. Nº 1900/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

9(194).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. EXPTE. 456/1102 (REXISTRO PLENO 1892/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 456/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

10(195).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 457/1102 (REXISTRO PLENO 1893/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 457/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

11(196).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 20.09.18, MODIFICANDO OUTRO ACORDO DE DATA 19.06.2015, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NOS CONCELLEIROS/AS DE ÁREA EN MATERIA DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 430/1102 (REXISTRO PLENO 1891/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20.09.18, que di o que segue,

“5.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CONTRATACIÓN DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA X.GOVERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS/AS DE ÁREA EN MATERIA DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 430/1102.
Examinadas as actuacións do expediente dáse conta da proposta de data 20/09/18, asinada pola secretaria do Goberno Local e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

Examinada a proposta da xefa do Servizo de Contratación de data 18/09/18 (Expte. 5845/241), conformada polo concelleiro-delegado de área, relativo á modificación

do réxime de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 (Expte. 74/1102) co seguinte contido:

“Coa entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), e vistos os primeiros expedientes tramitados e en aras da mellora na tramitación dos procedementos de contratación, parece aconsellable delegar determinadas competencias do órgano de contratación no concelleiros delegados de Contratación. Esta delegación redundará na simplificación administrativa, así como na axilidade da tramitación dos procedementos de contratación, que xa son longos de seu pola súa complexidade, e por ende, nunha maior eficacia da organización municipal. Tales competencias serían as relativas a posibilidade de ampliar prazos para presentar ofertas nos procedementos de licitación ou apertura de prazos extraordinarios para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación e que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de éstos a hora de presentalas súas ofertas electronicamente.

Resulta tamén necesario atender solicitudes de ampliación de prazos solicitados por interesados na tramitación de expedientes relacionados coa contratación (tramites de audiencias, alegacións, etc

Á vista do exposto propónse:

“A delegación das competencias da Xunta de Goberno Local no Concelleiro delegado de Contratación e dentro do ámbito das súas competencias relativas á aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación e que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de éstos a hora de presentalas súas ofertas electronicamente.”

Vista a conveniencia de impulsar o cumprimento dos principios de eficacia, eficiencia e axilidade na xestión pública no Concello de Vigo, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos Concelleiros Delegados de data 19 de xuño de 2015, coas súas modificacións, engadíndolle no apartado *“VII.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN. En materia de Contratación”* a seguinte competencia:

-A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos

extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación e que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de éstos a hora de presentalas súas ofertas electrónicamente.

Segundo.- Notificar este acordo ao concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Admon. Electrónica, Fomento, Limpeza e Contratación e ao Servizo de Contratación; comunicalo aos responsables dos servizos e áreas municipais e, para xeral coñecemento e efectos, dar publicidade do mesmo mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no BOP, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación ao abeiro do art. 38 do RD 2568/1986.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Dende o Partido Popular presentamos unha moción urxente e agora que comezamos a parte de control, a parte de mocións queremos xustificar esa urxencia.

PRESIDENCIA: Unha vez falado co secretario, despois do punto 13, da moción do grupo municipal do Partido Popular pasaremos á moción que presentaron vostedes de urxencia.

MOCIÓNS.

12(197).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, INSTANDO INICIAR A ELABORACIÓN DUNHA PROPOSTA DE REGULAMENTO PARA A IMPLANTACIÓN NO NOSO MUNICIPIO DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARTICIPATIVOS, ASÍ COMO A ARTICULACIÓN DOS MECANISMOS NECESARIOS. REXISTRO PLENO 1896/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de outubro de 2018, número 1896/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Perez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A calidade da democracia debe ser medida pola participación popular no goberno. Mais esa participación non só debe ser como mero receptor de información e só no propio e individual, senón que se debe facilitar á cidadanía a súa participación no político, o económico, o cultural e o social; o que é o mesmo: favorecer e poñer os medios para establecer a participación na construción dunha sociedade mellor. Este é o instrumento fundamental se queremos chegar a articular unha democracia autenticamente participativa.

En diversos concellos no conxunto do Estado xa se teñen articulado mecanismos participativos co obxectivo de implicar á cidadanía na toma de decisións sobre os orzamentos do seu propio concello. A veciñanza ten a oportunidade de expresar e participar en decidir cales son as prioridades nas que se van investir os impostos que aportaron. Isto supón xerar un proceso de achega da política municipal aos intereses reais da cidadanía e ás súas necesidades.

Neste sentido, concellos como Santiago de Compostela, A Coruña, Sabadell, Córdoba, Sevilla ou Getafe entre outros, teñen feito importantes avances recoñecendo á cidadanía e o seu dereito á participación na xestión municipal, recoñecendo así a súa capacidade non só para escoller aos seus representantes, senón na posibilidade de tomar decisións respecto ao gasto do orzamento, en algo que é de todas e todos e para o ben común.

A través dos orzamentos participativos, non só se decide o destino dunha parte dos investimentos municipais, senón que a veciñanza asume un papel protagonista, co-responsable e vén colocarse como un piar importante da política municipal, máis aló da miraxe que significa o feito de obter unha resposta positiva e interesada a través dun medio de comunicación dun xeito *quasi* unidireccional. E dicir, dun xeito garantista en canto ao principio de igualdade á hora de acceder á toma de decisións, xérase un espazo de busca de solucións comúns, para problemas comúns.

Esta fórmula de participación cidadá inicia o modo de considerar a democracia como un exercicio de cidadanía activa, responsable, propoñendo a construción colectiva dun novo modelo de desenvolvemento sostible; Os orzamentos participativos esixen que sexa a propia sociedade quen decida como e en que se gastan os cartos públicos. É o modo no que as veciñas e veciños, que coñecen as necesidades cotiás dos seus barrios e da cidade, decidan como se distribúen os recursos.

A cantidade adicada para os orzamentos participativos, que vén do capítulo de investimentos, iría circunscrita na nosa cidade a unha serie de actuacións concretas, como poden ser cuestións relacionadas coas humanizacións, que os veciños poidan decidir sobre parques públicos, parques infantís, xardíns, melloras nos mercados e espazos públicos...etc, introducindo na nosa cidade unha cultura de decisión veciñal real, na que calquera veciño ou veciña que queira participar no proceso e converter os orzamentos da cidade nun orzamento colectivo poida ter o seu espazo; deste xeito as inversións non quedarían ao arbitreo unipersoal dun concelleiro ou concelleira, senón ao criterio colectivo da cidadanía, que en moitas ocasións se queixa precisamente desa arbitrariedade nas inversións, afirmando que existen grandes desigualdades entre os barrios e parroquias viguesas.

A Red Estatal por los Presupuestos Participativos fixa os principios necesarios para que un proceso de orzamentos participativos poida obter tal catalogación, este baséase fundamentalmente en: a existencia dun proceso deliberativo previo á toma de decisións, os criterios de inclusión e xustiza social, mecanismos de seguimento dos acordos e rendición de contas. Do mesmo xeito, deben cumprir os tres principios básicos: universalidade (unha persoa, un voto); auto-reglamentación (as persoas participantes deciden as normas do proceso participativo) e o carácter vinculante (a Corporación Municipal asume o resultado do debate e votación da cidadanía).

Polo exposto, e en base o artigo 35.2 do Regulamento Orgánico do Pleno, instamos a esta Corporación municipal a tomar os seguintes

ACORDOS:

1.- Iniciar a elaboración dunha proposta de Regulamento para a implantación no noso municipio dos Orzamentos Municipais Participativos, así como articulación dos mecanismos necesarios de participación cidadá respectando os principios de igualdade, solidariedade e equilibrio entre os distintos barrios e núcleos de poboación do termo municipal.

2.- Adicar no próximo proxecto orzamentario unha partida non inferior a 2 millóns de euros para tal fin (7% do total do capítulo) no capítulo de investimentos.”

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: O que traemos aquí é unha cuestión que está sendo central na

maior parte dos concellos progresistas, xa non do estado español senón do mundo, é unha cuestión ademais que se avanzou en Brasil a partires do anos 80 un país hoxe tristemente célebre pola chegada do fascismo ao goberno, ademais precisamente a partires do ano 94 en Porto Alegre sobre todo, unha cidade importante de Brasil, esténdese ao conxunto das cidades de Brasil a capacidade dos veciños de interactuar nas administracións públicas sobre todo no capítulo de investimentos, curiosamente a partir do ano 94 se crea o partido Social Liberal de Bolsonaro que precisamente é a reacción contra ese empoderamento da sociedade civil e da clase traballadora brasileira no conxunto do municipalismo progresista que logo se estendeu ao conxunto do estado, pero tamén a traemos por unha cuestión porque estamos xa a piques de aprobar os últimos orzamentos da lexislatura e nós queríamos facer valer unha declaración política porque foi unha declaración política que foi o Plan do propio Alcalde de Vigo cando asume a presidencia da Federación Española de Municipios e Provincias que debulla unha serie de propostas entre elas fala así de claro, imos leelas porque foi parte do discurso de investidura na que di “asistimos a tiempos nuevos de mayor deseo de participación en la cosa pública, ciudadanos más formados, con mas sentido de la democracia participativa, con nuevos medios a su alcance, con las nuevas tecnologías, demandan una mayor presencia en la vida, la decisión y la creación y elaboración de la política, es la nueva política y en gran medida esa vía de participación ya se está dando con plenitud en los municipios, en los grandes y en los pequeños”, estamos completamente de acordo, xa se está dando este mecanismo que hoxe vimos a demandar na maior parte dos grandes concellos progresistas, estase dando na cidade de Santiago de Compostela, estase dando na cidade de A Coruña, onde o que estamos a propoñer é que unha parte dos orzamentos sobre todo en materia de investimentos, seguramente no capítulo I, obviamente nun capítulo que están consignados, pero gran parte dos orzamentos en materia de investimentos poidan someterse a un procedemento de participación cidadá e polo tanto, non sexa nin o Alcalde nin o concelleiro de quenda senón a través dun mecanismo obviamente regulamentado e democrático que os veciños xa decidan unha parte importante dos investimentos, por que o dicimos porque hai investimentos anunciados que teñen xerado nos últimos tempos controversias nos barrios porque a xente é a que sabe cales son moitas

veces as prioridades nos seus barrios e moitas veces se atopan con infraestruturas e con actuacións públicas, moitas delas suxeitas a orzamentos importantes, que nin sequera corresponden coa necesidade reais dos barrios, non nos vale, xa sei polo menos podemos entrever que se vai dicir que o Alcalde fala con toda a cidadanía porque viaxa moito pola rúa pero nós ímoslle poñer un exemplo, unha persoa en situación de dependencia que non ten acceso á rúa e que a nós nos chamou porque dicía que está moi ben que o Alcalde fale coa xente pero comigo non o vai facer porque eu estou prostrado nunha cama e eu quero achegar propostas e non se pode facer obviamente a través do 010 que é un instrumento de silencio administrativo bastante curioso, que propoñemos nós? Facer unha proba piloto como fixeron tódolos grandes concellos, destinar 2 millóns de euros dado o Orzamento de investimento do ano que ven e obviamente primeiro aprobar un regulamento que permita regular obviamente pero tamén garantir que esas decisión que tomen os veciños dos barrios en canto aos investimentos ou as necesidades dotacionais, automaticamente se incorporen ao proxecto orzamentario, nós poñemos non adicar unha cantidade non inferior a 2 millóns de euros que nos horizontes de orzamentos que coñecíamos cando redactábamos esta moción, pois podería rondar os 2 millóns de euros, o 7% do capítulo, por que o queremos facer? Por que é o que están facendo ademais grupos de traballo da FEMP, é unha parte importante da actuación que se ten posto en teoría, polo menos no programa e no Código de boas prácticas, ese regulamento que aprobamos aquí no Concello e cremos que xa é hora de declarar a maioría de idade aos veciños/as de Vigo, porque cos mecanismos ultimamente instaurados parece que a súa decisión última na cuestión orzamentaria, non me diga os cidadáns xa decidiron hai 4 anos, que vostedes son 17 contra os que estamos aquí entón está solventado, xa pero é que hai tres anos entre outras cousas vostede non tiña programa electoral e polo tanto un veciño non podía saber que ía facer no seu barrio porque vostedes nin sequera presentaron gran parte desas actuacións, foron facendo a posteriori e obviamente o contrato social que para nós é o programa que é o que garante que determinadas cuestións que se fan non estaban. Polo tanto, pedimos que se artelle en consonancia coa FEMP, en consonancia co municipalismo progresista.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Hoxe o grupo da Marea de Vigo trae unha proposta de regulamento para a implantación de orzamentos participativos, algo que cremos que xa existe no Concello de Vigo, outra cousa é que aquí se utilice, se faga caso, funcione, pero eu creo que na época do Sr. Lois Pérez Castrillo, algunha iniciativa había neste sentido, Vigo sempre se caracterizou por ser unha cidade aberta, participativa, dialogante, con moito pulso social, con moitos colectivos sociais, culturais, deportivos, veciñais, empresariais, que tiñan moito que achegar e que agora como xa hai un que pensa por todos, pois xa se acabou a participación, xa temos a un que pensa por todos e xa sabe o que a cidade necesita en cada momento.

Isto pode cambiar, eu creo que vai cambiar o ano que ven pero sinceramente cremos que si que é bo dende o Partido Popular o vemos positivo que se introduzan ferramentas e instrumentos que favorezan a participación cidadá, home hai cousas no texto da súa moción señores Marea que nos chama un pouco máis a atención, cando din que a calidade da democracia debe ser medida pola participación popular no goberno, a democracia consiste niso, os cidadáns votan, os cidadás elixen aos seus representantes e somos os representantes os que facemos a política pero ao final o poder por suposto reside no pobo, a soberanía reside nos vigueses. Os partidos políticos non somos máis que canles para que esa sociedade viva que hai na cidade pois a levemos á practica, por iso conviría non confundir e se o que se pretende é que haxa unha maior participación cidadá, conten co Partido Popular de Vigo se o que se trata é de poñer en marcha un mecanismo de participación de democracia participativa, conten co Partido Popular de Vigo pero claro, os Orzamentos si son participativos teñen que servir para algo, aquí en Vigo fanse uns Orzamentos que logo non serven para nada, miren os da Xerencia de Urbanismo 0,89% de execución de investimentos, os Orzamentos de Vigo poñemos ano tras ano os mesmos proxectos, aquí vostedes poñen a Panificadora, onde vai a caravana coa Panificadora, o centro deportivo de Traviesas que ían arranxar, que ían a cambiar, moitos outros proxectos, a Biblioteca do Estado estivo moitos anos tamén no Orzamento e ao final cambiou de ubicación, de orzamentos pero as cousas non se acaban de facer por iso sería bo que os orzamentos que se poñan aquí se cumpran, sería interesante.

Dende o Partido Popular aquí ao carón, en Redondela por exemplo, o goberno

municipal do Partido Popular leva ano aplicando orzamentos participativos, teñen debates, hai unha cousa que se chama consellos parroquiais, nas parroquias xúntanse tódolos colectivos e deciden cales son as prioridades porque isto vai de escoitar aos veciños e sen dúbida dende o Partido Popular de Vigo estamos a favor de incrementar a participación cidadá, de escoitar máis a xente, nós estamos indo por tódalas parroquias e escoitando, falando coa xente, pídennos cantidade de cousas que a súa propaganda as tapa, pero cremos que isto é bo, son iniciativas que se engloban dentro do que se chama goberno aberto, xa lle digo puxémolo en funcionamento en Redondela ou no goberno da Rioja e creo que hai un proverbio que ilustra bastante ben isto que estamos a falar é “na vida e na política convén non ir só, convén escoitar, porque se queres ir rápido vai só”, di o proverbio “pero se queres chegar lonxe vai acompañado”, así que pola nosa parte non temos ningún problema.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade é que xera unha certa sorpresa ata hilaridade, escoitar por unha banda aos campións da democracia, de escoitar, xa o fixeron moito o Sr. Rajoy, o Sr. Montoro, faino o Sr. Feijóo, o exemplo é Redondela, o exemplo de escoitar á cidadanía é Redondela pero que tamén se seguimos cos que propoñen esta moción tamén é significativo que votaran en contra dos tres orzamentos que votamos nesta lexislatura neste Concello este goberno e que os tres anteriores votaron en cotra, refírome aos señores de Marea e que tamén que propuxeron unha emenda á totalidade, ningún proxecto alternativo, unha emenda á totalidade. Pero entrando no fondo da cuestión a realidade é que os Orzamentos participativos son xa unha realidade nesta cidade, cando o Alcalde, os concelleiros nos reunimos cos colectivos, coas persoas tomamos boa conta das peticións que nos fan, así o amosan os orzamentos do Concello de Vigo, as becas de comedor son un exemplo, as bolsas de inglés para as persoas que non teñen recursos e queren que os seus fillos teñan unha mellor condición, unha mellor capacidade, tamén son a petición desta cidade, o deporte, as achegas ao deporte son tamén unha petición dos cidadáns da cidade, a cubrición dos patios de colexios que a Xunta de Galicia non fai, é unha petición das familias, das nais e dos pais desta cidade, a atención aos colectivos dos desfavorecidos, por exemplo as mulleres vítimas de violencia de xénero é unha petición das cidadás e dos cidadás desta

cidade ou a primeira experiencia laboral, as axudas para primeira experiencia laboral dos mozos desta cidade é tamén unha petición dos cidadáns desta cidade e tamén os xardíns son tamén unha petición dos cidadáns desta cidade, tamén onde se fan os xardíns que se colocan nos parques e xardíns é unha petición dos cidadáns desta cidade, os parques biosaudables é a cidade que máis parque biosaudables ten no contexto do estado, son a petición das persoas especialmente maiores desta cidade, pero que si nos vamos coas obras desta cidade o carril bici de Samil a Teis é unha petición dos cidadáns desta cidade ou as melloras que se fan nas parroquias son operacións consensuadas, melloras consensuadas cos veciños das parroquias, ou a estrada Beade-Garrida, ou estrada provincial, ou a rúa Escolas Públicas, ou a mellora próxima a rúa Caleira, ou a rúa Caldas de Reis, ou a zona verde en Candeán sobre a ponte que pasa por enriba da autoestrada do Atlántico, ou a sala de lectura de Teis, ou a sala de lectura de Navia, ou por exemplo o ascensor que se vai facer entre Serafín Avendaño e a estación do tren de Alta Velocidade é e son cuestións faladas cos veciños/as da cidade, nun permanente contacto que ten sobre todo o Alcalde pero tamén os concelleiros deste goberno coa cidadanía, un Alcalde que está 24 horas sobre 24 horas traballando pola cidade, 365 días ao ano, escoitando aos cidadáns e recibindo as propostas dos cidadáns para atender as súas demandas, pero mirenen é que a proposta non deixa de ser un pouco peculiar porque se me poñen como exemplo cidades como fan no texto da moción como A Coruña ou como Santiago de Compostela que aínda non teñen orzamentos dende o ano 2014, Santiago de Compostela non ten orzamentos dende o ano 2014, o exemplo é para saír correndo pero si o que me propoñen é xerar actividade, imos abrir un proceso público, despois aprobar un regulamento, despois aprobar ou incluír no proxecto do Orzamento, mirenen, é que non chegamos ao 2021, propoñan algo que sexa práctico, que sexa executivo, xa estamos atendendo polo tanto as necesidades da cidade e non pretendan esconder a súa tarefa de non goberno noutras cidades e aquí de boicotear, de non apoiar os orzamentos dun goberno progresista como é o da cidade de Vigo, como é o goberno de Vigo, un goberno que atende as necesidades dos cidadáns e dun goberno que inviste nada máis e nada menos que máis de 30 millóns de euros na cidade, se queren ser participativos voten a favor, teñen na súa man votar ao próximo orzamento do Concello de Vigo para o ano

2019, non o fixeron no 2018, no 2017 e no 2016, voten, participen, acheguen ideas nesos orzamentos para o ano 2019 e voten a favor dese maior gasto social, a favor dun orzamento de investimentos, a favor do apoio ás familias, da maior cubrición dos patios de colexios e voten tamén en contra de que a Xunta de Galicia no achegue recursos ás necesidades das familias desta cidade, voten en contra aí e participen dese xeito.

SR. PÉREZ CORREA: A ver, creo que é difícil explicar que é isto cando creo que non falamos o mesmo idioma, porque nos estamos a falar de orzamentos participativos, entón hai unha palabra que se chama participación e a participación ten que estar regulado, porque vostede citou unha serie de infraestruturas nalgunhas parroquias a que os veciños das parroquias non nos preguntan, lle poden preguntar ao presidente/a da asociación de veciños que representará ou terá a súa lexitimidade, pero iso non é un orzamento participativo porque todos e cada un dos veciños estean ou non nunha asociación de veciños teñen dereito a opinar e a participar na parroquia se vostedes asumen o criterio de democracia participativa, que é o que poñemos aquí, non é falar coa xente é artellar que o mecanismo democrático de participación da xente sexa igualitario porque non tódolos veciños teñen o mesmo nivel de acceso aos cargos institucionais e ademais hai unha cuestión que non é secundaria, que é falso o que di o Partido Popular, non temos un regulamento de orzamentos participativos no Concello de Vigo, temos aprobado dende hai varias lexislaturas un Regulamento de Participación Cidadá que permitía que determinadas cuestións se consultasen ao conxunto das asociacións inscritas no Rexistro do Concello de Vigo, non os cidadás de carácter individual e avaliando unha votación ou avaliando unha asemblea de decisión, non existe, nunca se aprobou un regulamento que dixera que se vai habilitar un mecanismo para que nos barrios se decida, nunca se reservou unha parte do orzamento do Concello de Vigo para iso e nunca se dixo que o que decidiran os veciños estaría absolutamente vinculado ao deseño final dos orzamentos, claro porque dicir que queremos isto, ou decidimos pero logo no orzamento non aparece, pois, de feito vostede citou algunhas cousas que son reclamacións históricas de moitos barrios como a sala de lectura de Navia que non existe e non será polas veces que o movemento veciñal lle viu a este Concello a

dicirlle que era unha demanda do barrio, e nin sequera creo que teñan que tomarse, porque ao mellor o que hai que facer é un mecanismo. As cuestións que introducimos aquí é se vostedes están de acordo, é o que di a moción, con elaborar un regulamento, home, tres anos de regulamento, en Córdoba gobernan vostedes con nós e temos un regulamento de participación cidadá e non pasa absolutamente nada, non se vendeu a Ikea a Mezquita, non pasa absolutamente nada, non poñan vostedes agora que isto é un hecatombe mundial porque é unha cousa ademais asumida por moitos goberno do Partido Socialista, nós o que queremos é constatar que non existe un mecanismo de decisión última na cuestión dos orzamentos, non digo en todos, estamos a dicir unha experiencia piloto, que calquera veciño poida votar estea ou non nunha asociación de veciños, estea ou non nunha asociación cultural, estea ou non nunha asociación deportiva porque si aí hai vinculacións moitas veces para facer iso, nós do que estamos a falar e de participación directa, democracia que figura no Código de Boas Prácticas da FEMP e que non ten nada que ver coa instauración dun estado do soviets, Sr. Fidalgo, estamos a falar dunha cuestión que obviamente non é cuestión agora mesmo de poñer en dúbida que os veciños digo que teñen maioría de idade e que moitas veces e creo que a maioría das veces ese paternalismo que fai os gobernos locais de que nos sabemos o que quere, eu sei o que quere a xente pois iso nos soa a outras etapas da vida política deste país.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.10.2018 (Rex. Nº 1896/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

13(198).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO A COMPARECENCIA DO ALCALDE PARA DAR CONTA DAS DECISIONS DO SEU GOBERNO QUE LEVARON Á QUEBRA O AUDITORIO PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”, CUNHA INDEMNIZACIÓN PAGADA COS IMPOSTOS DOS VIGUESES/AS. REXISTRO PLENO 1898/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de outubro de 2018, número 1898/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Partido Popular de Vigo ven dende hai anos avisando da enorme traxedia económica que ía supoñer para a cidade a xestión de Abel Caballero no Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

Unha infraestrutura inicialmente concebida como un elemento dinamizador da vida social, cultural e económica da cidade converteuse nun buraco negro baleiro de contido e actividade que vai a supoñer un serio quebranto nas contas do Concello de Vigo para os vindeiros anos.

Recentemente coñecemos o pacto acadado entre o Concello de Vigo, os acreedores e a administración concursal polo que o Concello debe abonar 35,2 millóns de euros ao terse decretado xudicialmente a extinción do contrato concesional e a súa reversión ao Concello.

Esta cantidade de 35,2 millóns de euros debe engadirse aos fondos públicos inxectados con anterioridade nesta infraestrutura como foron as achegas da Xunta de Galicia nas actuacións previas á construción, a subvencións achegadas por Xunta e Concello para a súa construción, a subvención outorgada polo Concello na ampliación do período concesional, e a aportación de fondos municipais para tratar de reflotar a instalación co aluguer de espazos para a UNED e os sucesivos

convenios para a dinamización cultural deste auditorio. Así, acadaremos unha cifra global de fondos de todos os vigueses e viguesas que se teñen aportado ao Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo de preto de 75 millóns de euros.

Esta nefasta xestión desta infraestrutura, así como a consecuenta e millonaria aportación de fondos públicos á que nos abocou ten un único responsable que é o alcalde Abel Caballero.

A modificación do proxecto orixinal autorizada polo alcalde supuxo unha importante redución das zonas comerciais e complementarias do complexo coa conseguinte merma de rendibilidade do mesmo.

Igualmente a situación do entorno do complexo e a inactividade municipal para acometer as melloras urbanísticas prometidas nesta zona tiveron un efecto negativo sobre a concesión do Auditorio, impedindo que proxectos estratéxicos puideran levarse adiante relegando a esta zona a un entorno de uso industrial e moi degradado con un lamentable estado de deterioro que impediu a súa plena integración na cidade e o seu desenvolvemento.

Como dicíamos ao principio, o Partido Popular de Vigo leva denunciando dende hai anos esta situación e alertando das graves consecuencias económicas que suporían para a cidade, pero o alcalde Abel Caballero lonxe de asumir este grave problema emprendeu unha fuxida cara adiante tentando enterrar o problema nunha chea de cartos de todos os vigueses.

Todos os intentos levados a cabo ata o de agora para clarear as responsabilidades do goberno municipal nesta situación foron infructuosos, lembramos que o 1/7/2013 o Pleno da Corporación Municipal creou a solicitude do Grupo Municipal do PP unha Comisión de seguimento do funcionamento do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo que foi sistematicamente boicoteada dende o goberno municipal para impedir o seu funcionamento, mesmo negándose a participar na mesma. Con posterioridade outras iniciativas similares foron rexeitadas polo goberno municipal.

Así as cousas chegamos a esta data con un alcalde que lonxe de admitir a súa incompetencia e responsabilidade nesta debacle declara públicamente que a extinción da concesión coa correspondente indemnización é unha “magnífica noticia” para a cidade, eso sí, pagada con cartos de todos os vigueses.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular ao abeiro do disposto no artigo 67 do regulamento orgánico do Pleno do Concello insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

- Aprobar a comparecencia do alcalde de Vigo, Abel Caballero, ante o vindeiro Pleno Ordinario da Corporación, para dar conta das decisións do seu goberno que levaron a quebra do Auditorio Pazo de Congressos “Mar de Vigo” con unha grande indemnización pagada cos impostos de todos os vigueses e viguesas.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Novamente traemos a este Pleno unha moción para pedir a comparecencia do Alcalde de Vigo, para pedir o que está previsto no Regulamento do Pleno, o que está previsto en calquera Pleno democrático de calquera cidade, de calquera comunidade autónoma, de calquera país que é a comparecencia de máximo responsable para dar explicacións, xa o fixemos para que dera explicacións, pedindo que dera explicacións polo terrible accidente de O Marisquiño e unha vez máis se nos dixo que non, e agora volvemos a intentalo para que explique todo o que pasou e que deu lugar á quebra da concesión do Auditorio Mar de Vigo.

Sen dúbida esta é unha crónica dunha morte anunciada, unha morte anunciada e vista por todo o mundo, por tódolos vigueses, excepto por este goberno local, excepto polo Alcalde de Vigo. Por iso cremos que el é o único que ten que dar aquí explicacións de cales foron os seus motivos, as razóns de tódalas decisións equivocadas que estivo tomando ao longo destes once anos de goberno e que levaron á quebra do Auditorio Mar de Vigo e por iso cremos que ten que dar moitas explicacións e esperemos sinceramente que esta comparecencia sexa aceptada porque son 11 anos de goberno e ao escoitalos a vostedes é moi curioso porque parece que a quebra dun auditorio, dunha concesión municipal cando levan vostedes no goberno 11 anos é culpa da oposición, agora resulta que aquí facemos oposición da oposición pero o que non facemos é gobernar e tomar as decisións que hai que tomar para evitar esta quebra, insisto, que todo o mundo viña vir menos ese goberno socialista e menos o Alcalde de Vigo porque levamos advertíndoo moito tempo, e din vostedes agora e queren vendernos isto como unha vitoria, como unha boa noticia que xa é o colmo e dende logo un auténtico insulto á intelixencia de tódolos vigueses, din vostedes que só nos vai custar 35 millóns de euros, din vostedes que o Partido Popular pagaría 70 millóns, míren non señores do goberno municipal, non se confundan, co Partido Popular no goberno nestes 11 anos o Auditorio Mar de Vigo non quebraría e os vigueses/as non terían que pagar nin un só euro dos seus petos e dos seus impostos para esa indemnización que é o que imos pagar e si esta custando de fondos públicos a construción dese Auditorio 70 millóns de euros, porque a eses 35 millóns de euros

que imos pagar agora, tódolos vigueses/as dos nosos impostos se lle teñen que sumar os 30 millóns que xa recibiu a concesionaria de fondos públicos, 18,7 millóns da Xunta de Galicia e 17 millóns do Concello de Vigo ao longo da súa construción, esa é a realidade dos números, non o que vostedes agora nos queren facer ver, non van conseguir facernos ver o branco ou negro porque os vigueses teñen moi claro que esta é a consecuencia dunha nefasta xestión, que insisto, necesita as explicacións do Alcalde de Vigo, porque o Alcalde de Vigo ten que explicar porque nada máis chegar ao goberno, no ano 2008, tomou unha decisión de modificar a concesión que dera o Partido Popular, reducindo o proxecto na metade, como sempre vostedes facéndolle caso ás concesionarias nada máis chegar ao goberno e toma a decisión de reducir o proxecto á metade, inxectar 5 millóns de euros á concesionaria e ampliar o período de concesión ata os 60 anos, esa nefasta decisión, esa auténtica claudicación ante os intereses da concesionaria no ano 2008, do Sr. Abel Caballero recentemente estreado de Alcalde, foi o certificado de defunción do Auditorio Mar de Vigo, a partires de aí ninguén nin nada podía levantar iso se non te tomaban outro tipo de decisións que leva 11 anos negando o Alcalde de Vigo porque cando o Partido Popular dicía que íamos quebrar, que a concesión ía quebrar e a íamos ter que pagar os vigueses, vostedes dicían que estábamos contando unha película, a película de terror que se vai a pagar con cargo insisto, aos impostos de tódolos vigueses/as e agora para contar as razóns o que ten que dar explicacións é o responsable desta solución, o responsable de que teñamos que pagar a maiores do que xa pagamos 35 millóns de euros por un Auditorio Municipal, por certo, outra das mentiras que agora por fin ía volver a mans municipais, teñen que revisar o inventario municipal de bens do Concello e revisar o número de inscrición 440 porque o Auditorio Mar de Vigo xa era municipal e imos a repagar a unha concesionaria cos cartos de todos e diso son vostedes responsables e diso o Alcalde de Vigo ausente é responsable e diso pedimos que se dean explicación e dean cara diante de tódolos vigueses e tódalas viguesas.

SR. PÉREZ CORREA: Nós temos, cremos que demasiado triunfalista dicir que o problema deste Auditorio Mar de Vigo é exclusivamente un problema de cor político no goberno, nós temos a certeza que este proxecto nacía viciado dende a

orixe, que as modificacións puideron adiantar unha quebra anunciada, é posible, é posible que o deseño ademais que se fixo facer do formato de financiamento ademais no inicio, financiamento público-privada, ese modelo de amortizar ao longo dos anos da vida da concesión o investimento que se fai por parte da UTE construtora pois nós pensamos que independentemente de quen gobernara isto estaba abocado ao fracaso, estamos de acordo con que compareza o Alcalde para explicalo, o problema é que xa hai precedentes de determinadas comparencias ou determinadas supostas intervencións dun Pleno para explicar o que pasaba con respecto a este contrato e con respecto a esta xestión que levan a unha case desesperación da cidadanía, e polo tanto, nós imos seguir reclamando como reclamamos a través dunha comisión de investigación que aquí hai moita tela que cortar, no inicio do proxecto, nas decisións que se tomaron no sistema de financiamento da construción, nas cuestións das adxudicacións posiblemente tamén, hai adxudicacións bastante polémicas, dun montón de servizos, incluído servizos hostaleiros que se deron dentro do ámbito, na cuestión ademais da rendibilidade que lle se quixo dar, incluso nas decisións que se tomaron a posteriori para ir metendo recursos públicos para soste unha decisión política tomada de maneira errónea, témolo claro ademais, por que non se asumíu unha xestión pública directa como hai moitos auditorios, centros, palacios de congresos no conxunto do Estado español e tamén en Galicia por que non se asumiu ademais a posibilidade de ver se os prezos en teoría taxados para utilizar esta infraestrutura eran prezos de acceso público, ademais e creo que o Partido Popular e o Partido Socialista se poden tirar aquí as pedras que queiran, quen tomou a decisión de meter no acordo orzamento do ano 2014 do Partido Popular e o Partido Socialista que había que dar medio millón de euros para financiar as actividades culturais do Auditorio Mar de Vigo, está no acordo do Partido Popular e Partido Socialista que tamén axudou a abrir o hospital Álvaro Cunqueiro, está nas hemerotecas, ademais se pode consultar en internet, quen tomou a decisión de que valía pedir prazas de rotación no aparcadoiro porque necesitábamos prazas públicas dun aparcadoiro que como digo, só falla que apareza a nena da curva nunha esquina, é dicir, quen tomou aquí as decisións? Ninguén, foron unhas decisións aleatorias, foi un técnico, entón agora explicamos o sistema de non ter as prazas de técnicos e as xefaturas por concurso público e si por encomendas de

funcións porque ao mellor o técnico é quen exculpa as decisións políticas que toman algúns neste Concello, como digo de varias cores políticas, non van pedir perdón aos vigueses por tomalos por imbéciles dicindo que isto non nos vai custar un duro? Cando vostedes van a aprobar unha modificación do Orzamento que nos vai custar xa de pronto 15 millóns de euros que saen do Remanente líquido de Tesourería do ano 2017, que son impostos cobrados aos vigueses e non executados, iso é que non me custa nin un duro, a min dáme igual se me cobra un imposto telo gardado un mes nun banco ou gastalo no exercicio orzamentario do ano que ven, pero a min xa me custou o imposto, ou sexa iso de que non custa un duro é chamarlle imbéciles aos contribuíntes porque si que lle custa cartos, xa 15 millóns de euros de remanente de Tesourería que se se desbloqueara, hai un goberno progresista en teoría, se desbloqueara as limitacións do Sr. Montoro para utilizar ese remanente noutras cuestións, poderíamos estar abrindo garderías públicas na cidade de Vigo sen necesidade de pedirllas ao Sr. Amancio Ortega que as tiña que abrir en Pakistán e Bangladés onde ten as mulleres traballando horas e horas, e sí que necesitan garderías públicas onde deixar aos seus nenos. Polo tanto, menos demagogia con esta cuestión porque eu non teño claro aínda canto nos vai custar aos vigueses/as, non sei se son 74 millóns de euros que reclama a UTE, non sei se son os 35 millóns ata 45 millóns de euros que reclama o administrador concursal ou se realmente son o gratis total que din vostedes, polo tanto, imos facer unha comisión con tranquilidade e resolvamos isto no edificio do Concello e que non se teña que resolver nos xulgados.

SR. PARDO ESPÍÑEIRA: Voulle contestar aos dous á vez, pero o primeiro que lle quero dicir Sr. Pérez é que efectivamente houbo moitos que pasaron ao público e moitos que quebraron e pecharon, houbo moitos e moitas cidades galegas tamén que quebraron e pecharon, este Auditorio xa cando naceu se toma unha decisión, hai unha modificación porque senón seguía habendo un solar aí, o que é certo é que, xa o dixoo vostede unha vez, é que a programación cultural non lle gustaba, vostedes e o Partido Popular teñen un interese, que peche, porque pensan que a forma de que lle vaia mal a cidade é conseguir réditos políticos, esa é a realidade, sabe por que? Porque este auditorio se chegaron a dicir, e díxoo o Partido Popular e vostedes dicían, 100 millóns, 80, 74, 77 millóns, 35 millóns por certo e a rede

pescando, vai ser menos, hai activos non nos esquezamos que hai activos que se van vender, ao final métese unha parte en remanentes pero unha parte mínima, non nos esquezamos diso. E por certo, o prezo non o fixo o Concello, se solicita, hai unha petición por parte da administración concursal que pide 75 millóns de euros, o Concello pide unha auditoría, sae unha cantidade de 35 millóns de euros e ao que final é o Concello que di que non se move desa cifra e é aceptada por tódalas partes, polos acredores e tamén polo administrador concursal, non nos esquezamos diso e non din que saian beneficiados, o máis importante, unha boa operación para o Concello que se lle vai dotar de inventario, de patrimonio municipal cun auditorio que segue aberto, que segue con programación, que está satisfacendo as demandas dos cidadáns, esa é a realidade, e que vai seguir funcionando os vindeiros anos, e de patrimonio municipal e logo xa veremos de onde porque os números aínda non están pechados, xa se irá vendo co tempo, o que é certo é que hai un hotel que xa se verá o que se fai, o que está claro é que o Concello non vai a xestionar hoteis, non e á súa misión, 600.000 euros, eu lembro que o Partido Popular dicía van a pagar pola UNED de alugueres, 600.000 euros, multiplique por anos xa só de aforro, 4.000 metros comerciais debaixo, un aparcadoiro, un restaurante, quero dicir que ao final o Concello vai facer unha operación magnífica, sabe cal é o problema que teñen? O problema que teñen é que o Alcalde vai dotar á cidade dun ben valorado en preto dos 100 millóns de euros, e vai custarlle á cidade 6, 10 millóns de euros de remanente, o resto son cartos que sabe de onde saen? Da xestión económica, as contas son as que dan, son as que di o informe de Intervención onde di, que a Lei de contratos valoraba en 45 millóns e o prezo de 35 millóns e inferior ao que di a Lei de contratos e o prego de cláusulas, esa é realidade e con auditorias externas e con acordos entre as partes presentados no xulgado, esa é a realidade do que temos aquí, é certo o que di Sr. Pérez, xa quixéramos poder utilizar remanentes para isto e para moitas cousas máis pero hai que lembrarilles aos seu compañeiros na zona da bancada que foi unha lei orgánica do Sr. Montoro que paralizou todo, esa é a realidade do que hai, hai unha lei do Sr. Montoro que non deixa usar o remanente, lle está ensinado este goberno do Sr. Caballero a toda España como se poden usar, isto é un paso, está usando remanente porque o Sr. Montoro parou, e que agora hai unha forma diferente de gobernar, cando había un ministro e o lembro para tódolos

ciudadáns que non os deixaba usar, este goberno en vez de estar usando os cartos dos cidadáns vigueses está usando remanentes que se poden usar, e o que vai facer é agora coa nova ministra, chegarase a un acordo, non se preocupen que se poderán usar, e vai amosar a nova ministra de Facenda que hai unha nova forma de gobernar pensando na xente, non como a que había antes, esa é a realidade. E por certo, agora que está tan de moda as comparecencias porque non lle piden ao Sr. Feijóo que compareza para explicar por que só dotou con 18 millóns de euros esta infraestrutura? Cando en A Coruña ou noutro lados paga todo, aquí 18 millóns de euros. Si fóramos nós era máis gratis, pero só 18 millóns por dar algo.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sinceramente Sr. Pardo, escoitalo dicir sen pestañar que temos que felicitarnos todos porque o Auditorio non vai a pechar que noutros sitios pecha, é que vostede non sabe que se o Auditorio no pecha aquí é porque lle van a inxectar cartos de tódolos vigueses/as, esa é a razón pola cal non pecha o auditorio porque quebra a concesión, a única razón Sr. Pardo e por favor de verdade, non nos tome aos vigueses por parvos e volva a dicirnos que isto que vai ser un gran choio, pero imos a ver, se van vostedes a vender patrimonio municipal para obter liquidez para pagar unha indemnización, iso sae do patrimonio de tódolos vigueses, despatrimonializan votedes aos vigueses para pagar os seus pufos Sr. Pardo, igual que cando din que van a tirar de remanente, feito con cargo aos impostos que están a pagar os vigueses dende hai anos e que vostedes non son capaces de executar, esa é a realidade Sr. Pardo e se se pasan 74,5 millóns aos 35 de liquidación final non é pola súa extraordinaria xestión Sr. Pardo, é porque a eses 74,5 que pedían o administrador concursal se lle restaron as subvencións que xa se lle deran de cartos públicos, 30 millóns de euros e o que queda é unha quita de 5 millóns que é a única quita que hai aquí enriba da mesa, esa é a realidade, non nos confundan vostedes coa súa falsa euforia porque é unha noticia mala e ademais non nos digan que teñen moi claro o que van facer agora cun hotel, cuns espazos que non deron ningunha rendibilidade a unha empresa, non nos vendan agora que vostedes saben o que queren facer porque a realidade é que non teñen nin idea de que facer con eses espazos, a realidade é que aquí hai un documento do 24 de outubro no que están vostedes contratando unha asistencia técnica para analizar as posibles modalidades de xestión dos diferentes

espazos do Auditorio Mar de Vigo, pero se non saben facer nada, se todo o teñen que contratar a unha empresa privada, se non sabemos por que temos tantos concelleiros se non serve absolutamente para nada, todo é con cargo a pulso dos cartos dos vigueses e van vostedes a contratar unha asistencia técnica para dicirille que facer cos espazos do Auditorio Mar de Vigo, esa é a realidade, a triste realidade, e a triste realidade é que temos un Alcalde que como vemos se esconde, que unha vez máis vaise a negarse a comparecer para dar explicacións e que enriba quere facer aos vigueses parvos dicíndolles que hai que congratularse porque hai que volver a pagar cartos públicos por un Auditorio que xa era municipal, esa é a realidade e xa non enganan a ninguén por moito que vostedes utilicen toda a súa propaganda e publicidade, por moito que vostedes nos queiran publicitar a bombo e pratillo que isto é un gran acordo, xa non enganan a ninguén porque tódolos vigueses sabían que isto ía pasar e pasou, e agora vostedes o que fan é negarse a dar a cara e a dar explicacións, esa é a triste realidade.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz, sempre que se contrata unha asistencia técnica non se preocupe que se trata de ter tamén informes externos, sabe por que? Porque non queremos ser os que fagamos tódolos informes, é dicir todos dunha parte, se escoitan aos de fora, se vostedes o fixeran seguramente lles fora mellor, o contratante da parte contratante da segunda parte, seguramente lles fora mellor.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 26.10.2018 (Rex. Nº 1898/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PRESIDENCIA: Pasamos agora á moción de urxencia. Hai unha moción de urxencia presentada polo grupo Popular entón imos dar un minuto para defender a urxencia cada grupo e logo votaremos a urxencia.

13(BIS)(199).- MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A DAR EXPLICACIÓNS SOBRE AS DECISIÓNS QUE LEVARON Á INVESTIGACIÓN XUDICIAL DO PROCEDEMENTO DO ALUMEADO DO NADAL 2016. REXISTRO PLENO 1908/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 31 de outubro de 2018, número 1908/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN URXENTE

“Motivación da urxencia:

O pasado sábado 27 de outubro, día seguinte á convocatoria do Pleno ordinario da corporación previsto para o 31 de outubro do presente ano, tiñamos coñecemento polos medios de comunicación da providencia ditada polo Xuzgado de Instrucción nº 5 de Vigo na que se interesa a declaración como investigado do concelleiro Ángel Rivas González pola súa participación na contratación do alumeado navideño de 2016.

Exposición de motivos:

No derradeiros días a Maxistrada Xuiz do Xuzgado de instrucción nº 5 de Vigo ditou providencia na que se solicita a declaración en calidade de investigado do

concelleiro de comercio Ángel Rivas González por un presunto delito de prevaricación administrativa na contratación do alumeado navideño de 2016. Por estes mesmos feitos prestou xa declaración ante a xuíz, tamén en calidade de investigado, o secretario xeral do Pleno do Concello D. José Riesgo Boluda.

Unha vez mais, e xa son moitas, a xustiza ve indicios de delito nos procedementos de contratación do Concello de Vigo. Mesmo o Consello de contas de Galicia no seu informe de fiscalización de contas das entidades locais cualificaba como “área de risco” os procedementos de contratación deste Concello.

No caso agora investigado pola xustiza estase a comprobar se a contratación do alumeado navideño do ano 2016 é conforme á lei. Lembramos que o procedemento administrativo foi un completo desastre xa denunciado polo Partido Popular. Un contrato maior que foi declarado deserto, a continuación outro contrato maior por un importe inferior ao orixinal. Un intento frustrado de conveniar coas asociacións de comerciantes a instalación do alumeado paro o que non existía crédito nas partidas orzamentarias, e finalmente o fraccionamento do obxecto do contrato en 18 contratos menores por un importe global de mais de 240.000 euros adxudicado a dedo nun 80% a un mesmo adxudicatario e o restante 20% a outro.

Como dicíamos ao inicio, xa son demasiadas as ocasións nas que a xustiza se ve na necesidade de investigar os procedementos de contratación do Concello de Vigo. Deixando claramente en entredito a transparencia e a pulcritude dos responsables políticos deste goberno, razón pola cal consideramos necesario que o responsable deste novo desaguisado ofrezca explicacións a toda a cidadanía sobre o ocorrido.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte acordo:

Instar ao goberno local, a dar explicacións sobre as decisións que levaron á investigación xudicial do procedemento de contratación do alumeado de nadal de 2016.”

DEBATE URXENCIA:

SRA. MUÑOZ FOTERIZ: O pasado sábado 27 de outubro día seguinte á convocatoria deste Pleno ordinario, tivemos coñecemento polos medios de comunicación da decisión do xulgado de solicitar a declaración e a imputación do concelleiro Ángel Rivas pola súa participación na contratación do alumeado público do Nadal do ano 2016, polo suposto fraccionamento ilegal do alumeado do Nadal do 2016, de acordo co que di o Regulamento é un caso de urxencia e polo tanto cremos que é algo o suficientemente importante como para que o goberno de explicacións neste

Pleno de cal foi a súa participación sa súa xestión e da xestión desa contratación do alumeado do Nadal xa que hai dúbidas e teñen dúbidas os tribunais de xustiza sobre a legalidade desa contratación, cremos que é unha cuestión grave, cremos que é aquí onde se debe falar e por iso por urxencia, cumprindo co que di o Regulamento presentamos esta moción que esperamos que se aprobe e se poida debater no día de hoxe.

SR. PÉREZ CORREA: Non hai nada máis urxente para un cargo público ou para un goberno local cando se abre un expediente xudicial, expícalo, non sabemos se hai citación, se hai documentación remitida polo xulgado pero non hai absolutamente nada máis urxente que a rendición de contas precisamente nesta cuestión, o formato pode ser máis oportunista ou menos oportunista, e que xa non debería de saír da oposición, xa non debería gastar unha moción nunha cuestión que debe de ser o que cando se xura unha constitución aquí, que se pon unha man enriba, debería ser o primeiro que se faga con responsabilidade, xa non digo a isto, senón ao que é a representación lexítima das persoas, polo tanto nós imos a pedir como o pedimos sempre, que se nos clarexe sobre todo cando son procesos de contratación pública e levamos algúns reclamando determinadas aclaracións sobre procesos que se abriron incluso antes desta lexislatura.

SR. LÓPEZ FONT: Non se debería de confundir a urxencia coa descortesía, esta presentación é unha mostra de descortesía e unha forma de só intentar o de sempre, ruído e barullo, 8,26 horas da mañá, alguén se pode crer que é unha forma de presentar unha moción para debater no día de hoxe, ven derivada dunha forma de facer política, pero mire, vostedes non teñen ningunha autoridade moral para esta urxencia, porque veñen anunciando dende o venres que a ían presentar e esperaron as 8,26 horas, polo tanto, nin regulamento nin nada, o que é certo é que a data de referencia que dan vostedes non hai ningunha comunicación oficial e o que non pode marcar a urxencia neste Pleno e en ningún regulamento é o que din os medios de comunicación, sabe cal é o problema? Que ao mellor vostedes teñen máis información da oficial porque tomamos tantos cafés co denunciante que ao mellor ese é o problema.

PRESIDENCIA: Imos pasar a votación da urxencia.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por ausencia do titular).

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e trece votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

Rexeitar a urxencia da Moción presentada, en data 31.10.2018 (Rex. Nº 1908/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

14(200). ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, REFERENTE Á MODIFICAR O ITINERARIO DA LIÑA 17 DE VITRASA.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Solicitamos un rogo que é o seguinte, instar á concesionaria do Transporte Urbano de Vigo, VITRASA, a modificar o itinerario da liña 17, de maneira que percorra a baixada do barrio da Moo, para dar un mellor servizo aos veciños do barrio.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogo.

15(201).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE Á OS RESTOS ARQUEOLÓXICOS SITO NO BARRIO SAN ROQUE .

SR. PÉREZ CORREA: Coñecíamos, onte precisamente por uns veciños do barrio de San Roque, unha documentación ademais con fotografías do ano 2010, entregadas a este Concello no ano 2010 o que para nós é un resto arqueolóxico importante que é unha mina que entendemos que pode ser de orixe romano polo topónimo que é Mina de Román, dende o ano 2010 e incluso antes hai infinidades de escritos a este Concello reclamando que se estude o que pode ser das poucas minas romanas que temos no termo municipal de Vigo, estando debaixo dun PERI podemos entender cales son os problemas pero por favor que se faga unha cata arqueolóxica do que pode ser un vestixio importante neste Concello e que dende o ano 2010 os veciños están bombardeando a escritos sen obter ningún tipo de resposta e nós o poñemos en coñecemento obviamente da institución de Patrimonio que corresponda.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

16(202).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, REFERENTE Á HUMANIZACIÓN DA PO-330 A PEREIRÓ .

SR. FIDALGO IGLESIAS: A pregunta é, vai a reaccionar o goberno municipal facendo as xestión necesarias para a adquisición dos terreos necesarios e a súa posta a disposición da Xunta de Galicia para poder executar a humanización da PO-330 en Pereiró?.

PRESIDENCIA: Vostedes din no escrito que teñen unha partida de 300.000 euros do ano 2018 e 200.000 euros do ano 2019, iso da para asfaltar 80 metros, esa é a

realidade, cando a Xunta de Galicia no ano 2005-2009 estando de presidente o Sr. Touriño, investiu na Avenida de Castrelos 3,6 millóns de euros para a humanización, esa é a realidade. Cos ratios habituais de humanización que da os prezos actuais, iso da para 80 metros de humanización, só ata Mestres Goldar hai 240 metros, só niso, se o tramo ata rúa Manuel de Cominges humanizarían o 5%, de verdade teñen pensado humanizar con eses cartos? O que teñen que facer é que presenten un proxecto de humanización e nós cederemos os terreos encantados, expropiaremos ou faremos o que haxa que facer, pero fagan como fixo a Xunta de Galicia noutro período, poñan un proxecto, presénteno, fágao real, fagan e poñan os cartos, pero agora con 300.000 euros da para 80 metros de asfaltado, nin sequera para humanizar.

17(203).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ , REFERENTE AO CHEQUE SOCIAL.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: É relacionado co cheque social, pregunto se de verdade pensan dende Política Social e dende Alcaldía que con 60 céntimos ao día que lle toca a cada persoa que recibiu o cheque social se pode pagar unha parte de luz, comida, etc. E gustaríanos despois desta pregunta que nos especificasen cal é a axuda da auga, luz, etc.

PRESIDENCIA: Tomamos nota e se lle contestará por escrito.

18(204).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA REFERENTE AOS IMPAGOS DOS ESTALEIROS DA RÍA.

SR. PÉREZ CORREA: Citabámolo antes, durante o transcurso deste Pleno, se ten

este Concello recibir ao colectivo de empresas auxiliares afectadas polos grandes impagos nos estaleiros da ría que está xerando un agravio no emprego brutal nesta comarca.

PRESIDENCIA: Se lle contestará por escrito pero este Concello sempre onde hai problemas dos traballadores, este goberno do Sr. Abel Caballero alí estivo, de todas formas lle contestará por escrito.

PRESIDENCIA: Se non hai máis asuntos, levántase a sesión.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e dezasete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.